



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 101

Sesión plenaria
9 de novembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 36132 (11/PNP-003224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

5.2 40009 (11/PNP-003422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte á situación de precariedade e empobrecemento que sofre a mocidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

5.3 41257 (11/PNP-003493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

5.4 42462 (11/PNP-003600)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 394, do 13.10.2022

5.5 42763 (11/PNP-003628)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e dez deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

5.6 42928 (11/PNP-003647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo da Xunta de Galicia para lograr un prezo da enerxía competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022



Punto 6. Interpelacións

6.1 41210 (11/INT-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis

Sobre o transporte escolar público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

6.2 42333 (11/INT-002072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre un pacto galego pola industria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

6.3 42854 (11/INT-002107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 43244 (11/POPX-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para suplir e garantir os beneficios da Tarxeta Básica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

7.2 43245 (11/POPX-000084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a postura do presidente da Xunta de Galicia respecto dos orzamentos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 38713 (11/POP-005799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Pérez López, Daniel

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación das traballadoras do servizo de axuda no fogar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 26.08.2022



8.2 42310 (11/POP-006385)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Domínguez, Sandra e sete deputados/as máis**

Sobre a colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres empresas seleccionadas como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos do Polo Aeroespacial de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

8.3 43241 (11/PUP-000285)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender a demanda da sociedade galega de rescatar a Corporación de Radio e Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

8.4 43243 (11/PUP-000286)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ojea Arias, Eduardo**

Sobre os recursos propios destinados polo Goberno galego para desenvolver a política de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

8.5 38724 (11/POP-005810)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre os criterios que está a seguir a Xunta de Galicia respecto da planificación dunha mobilidade sustentable entre A Coruña e Oleiros a través da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 26.08.2022

8.6 41656 (11/POP-006286)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para o control da contaminación das augas na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

8.7 37085 (11/POP-005327)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a implementación de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne por parte do Goberno galego coa habilitación dunha partida con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350, do 26.07.2022

8.8 37471 (11/POP-005398)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e sete deputados/as máis**

Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para suplir e garantir os beneficios da Tarxeta Básica. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do presidente da Xunta de Galicia respecto dos orzamentos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 21.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, de apoio á asociación Ponte...nas Ondas!, que é aprobada por asentimento. (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte á situación de precariedade e empobrecemento que sofre a mocidade galega. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 26.) e *Sr. Pardo López (P)*. (Páx. 29)

Nova intervención do señor Ríos Santomé (BNG). (Páx. 33.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 35.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rey Varela (P)* (Páx. 41.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 44.)

Proposición non de lei do G. P. Popular Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 50.) e *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 53.)

Nova intervención da señora Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e dez deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 65.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 69.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo da Xunta de Galicia para lograr un prezo da enerxía competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 71.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 76.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 79.)

A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 82.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actua-



cións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica: *aprobado por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto número 2, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte á situación de precariedade e empobrecemento que sofre a mocidade galega: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables: *aprobada por 52 votos a favor, ningún voto en contra e 17 abstencións.* (Páx. 86.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e dez deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa: *aprobada por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para lograr un prezo da enerxía competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao: *aprobado por 52 votos a favor, ningún voto en contra e 17 abstencións.* (Páx. 86.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o transporte escolar público. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 87.)



Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 95.)

Interpelación de D. Ramón Fernández Alfonso e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre un pacto galego pola industria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 97.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 99.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 103.)

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 105.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 108.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 113.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e D. Daniel Pérez López, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación das traballadoras do servizo de axuda no fogar. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 118.)

Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres empresas seleccionadas como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos do Polo Aeroespacial de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 119.)



Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 120.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 122.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender a demanda da sociedade galega de rescatar a Corporación Radio e Televisión de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D. Eduardo Ojea Arias, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os recursos propios destinados polo Goberno galego para desenvolver a política de vivenda. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ojea Arias (S)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Ojea Arias (S)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os criterios que está a seguir a Xunta de Galicia respecto da planificación dunha mobilidade sustentable entre A Coruña e Oleiros a través da ría do Burgo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 132.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 134.)

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para o control da contaminación das augas na comarca da Limia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 136.)



Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 138.)

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a implementación de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne por parte do Goberno galego coa habilitación dunha partida con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 141.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 142.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 142.)

Pregunta de D^a Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 144.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 145.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 146.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 146.)

Remata a sesión ás sete e vinte minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sétimo da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para suplir e garantir os beneficios da Tarxeta Básica

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa primeira pregunta.

Ten a palabra don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor presidente da Xunta de Galicia.

Permítanme, en primeiro lugar, manifestar o meu pesar polo falecemento esta madrugada dun traballador como consecuencia das graves queimaduras que sufriu no incendio rexistrado o pasado domingo. Vaia o pésame para a súa familia e para os seus achegados, circunstancia que entendo que lamentamos todos os membros deste Parlamento. *(Aplausos.)*

Señor presidente, en Galicia temos 678.000 persoas en risco de pobreza e exclusión social no ano 2021. Iso pese ao éxito relativo das medidas de choque adoptadas tanto polo Goberno do Estado, mediante os ertes e o ingreso mínimo vital, de medidas autonómicas como a risga e, sobre todo, a Tarxeta Básica, e de medidas adoptadas polos concellos e tamén polas organizacións do propio sector. Trátase, polo tanto, dun éxito colectivo.

Pero o certo é que hai preto de setecentos mil galegos e galegas, un de cada catro, nunha situación comprometida tanto económica como socialmente. A taxa de pobreza sitúase nun insoportable 20,2 por cento e teríase incrementado ata o 25,1 por cento, é dicir, 127.000 persoas máis, sen as medidas extraordinarias anteriores. Temos máis de duascenas trinta e sete mil persoas en risco de pobreza severa. Hai máis de trescentas cincuenta e seis mil persoas que perciben unha pensión inferior ao mínimo para ser considerado non pobre. E temos máis de cento sesenta e sete mil persoas en situación de privación material severa. E iso pese a que hai unha redución importantísima do 14,9 por cento, 2,1 por cento de persoas, que non se poden permitir comer carne ou peixe dous días á semana como consecuencia do feito incontestable da Tarxeta Básica.

E esa, señor presidente, é a foto da Galicia que temos. Non é a foto do Partido Socialista de Galicia, é a foto da Rede Galega contra a Pobreza no seu informe, que estou seguro de que vostede coñece perfectamente.



E tamén estou seguro, señor presidente, de que como a nós esa realidade non lle gusta. A diferenza, señor presidente, é que nós facemos propostas para cambiar esa realidade, pero é vostede quen ten a responsabilidade de cambiala. E iso é porque a supresión da Tarxeta Básica, unha axuda que beneficiaba a setenta e cinco mil galegas e galegos, é algo que non se entende. É algo que non se entende porque, sendo certo que foi unha medida concibida para un momento excepcional, as circunstancias sociais semellan ser moi similares e porque medidas análogas ás que o Goberno di que van suplir a Tarxeta Básica non son tal, nin no alcance das medidas nin no número de beneficiarios nin nos obxectivos que pretenden.

É importante, señor presidente, que se abandone esa demagogia para que esas setenta e cinco mil persoas poidan ir ao supermercado, poidan ir á farmacia e poidan comprar produtos de hixiene básica. E por iso o noso grupo parlamentario ten rexistrado unha proposición para recuperar esa Tarxeta Básica mediante emenda aos orzamentos.

Señor presidente, os datos sumados da risga e do ingreso mínimo vital nesta comunidade autónoma —7.200 persoas que prevén beneficiar da risga e cifra igual, por certo, que este ano os máis de sesenta e cinco beneficiarios do ingreso mínimo vital— son manifestamente inferiores ao número de persoas necesitadas, esas setecentas mil ás que facía referencia antes.

E por iso ante o mantemento desa negativa a recuperar a figura da Tarxeta Básica ou calquera outra denominación que lle queiran poñer, pero que surta os mesmos efectos, preguntámoslle: ¿que medidas ten previsto o seu Goberno para suplir e garantir os mesmos beneficios que tiña a Tarxeta Básica?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bos días, señor Álvarez.

Efectivamente, antes de nada únome ao pesar polo falecemento dese traballador, que, ademais, tiven ocasión de coñecelo, de tratalo algunha vez persoalmente. Polo tanto, quero en nome do Goberno galego e seguro que en nome do meu grupo tamén transmitirles o pésame á súa familia, aos seus compañeiros, á Corporación de Marín e tamén aos seus compañeiros do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

Dito isto, entrando xa na pregunta, señor Álvarez, o primeiro que teño que dicirle é que lle agradezo moito a súa defensa e o seu recoñecemento dos beneficios dos efectos bos



dunha medida adoptada polo Goberno galego. E teño que dicirlle que lamento moito que cando se adoptou no ano 2020, en plena pandemia —tamén estamos xa inmersos na pre-campaña electoral—, que vostedes jalearan, algún jaleou as manifestacións que se verteron sobre esta tarxeta. Díciase que era un modelo de atención asistencialista obsoleto e próximo á beneficencia. Vostedes non o contradixeron, incluso algún de vostedes jaleou todo isto. Alégrome de saber que non están de acordo e sobre todo que viron que estaba ben instalada.

En todo caso, ademais, estou seguro de que lle resulta máis fácil defender esta medida do Goberno galego que algunhas das medidas que está adoptando o seu Goberno central. Polo tanto, vostede que dicía estes días que eu e o meu Goberno estamos ancorados no comodín do agravio a Galicia, teño que dicirlle que mentres sigan tomando este tipo de medidas, non só eu, non só o meu Goberno, non só o meu grupo, non só o partido, moitísima xente en Galicia, estaremos dicindo que, efectivamente, hai agravios, e mentres non se corrixan ímoslos denunciar. (*Aplausos.*)

E tamén estaría moi ben, señor Álvarez, que todos estes eloxios e recoñecementos á Tarxeta Social Básica que instalou o Goberno da Xunta de Galicia llelos fora contar a outras comunidades autónomas socialistas. Porque creo que sabe vostede —e se non dígollo eu— que ningunha comunidade autónoma gobernada polo Partido Socialista tiña unha medida como a Tarxeta Social Básica. Só outra comunidade autónoma do Partido Popular, o insensible señor Juanma Moreno, en Andalucía, tamén tiña unha medida parecida, con menos cartos é certo que a tarxeta da Xunta de Galicia. Pero non había ningunha comunidade autónoma do Partido Socialista. Se era tan boa, eu pregunto por que só fomos nós os que a puxemos nun momento en que era necesaria.

E aí imos ao miolo da cuestión: a vostedes non lles interesa explicar que esta tarxeta, tarxeta moedeiro, rede complementaria de seguridade, Tarxeta Social Básica —chámelle como queira— foi para un contexto moi concreto e cuns destinatarios moi concretos. Contexto: plena pandemia, estabamos perimetrados, señor Álvarez. Xa non nos acordamos, pero é que non se podía un nin mover de onde estaba. Polo tanto, a xente con rendas máis baixas que necesitaba desprazarse, xente que se dedicaba á venda ambulante, á limpeza a domicilio noutros lugares, o pequeno reparto, toda esa xente que non podía esperar nin sequera pola tramitación dunha risga por moita présa que lle deramos, necesitaba esa axuda naquel momento, porque non se podía nin sequera desprazar para traballar.

Esta é a razón que a vostedes non lles interesa que se conte. Durou dous anos, é certo. Supoño que estará de acordo con que durou dous anos e supoño que estará de acordo en que a responsabilidade de manexar cartos públicos o que exige é que en cada momento vexamos cales son as necesidades fundamentais e que lles dediquemos os cartos públicos, sen rebaixar un só euro. Todo ao contrario, a Tarxeta Social Básica era máis que unha axuda puntual. A rede de seguridade para axudar os máis desfavorecidos da Xunta de Galicia é moito máis que axudas puntuais, unha visión de conxunto. E mire ao que nos leva. Vostedes tamén din que retiramos para un lado, pero non poñemos por outro. O que nos leva é que para este ano 2023 un 25 por cento de fondos máis para a inclusión social, 148,5 millóns de euros, señor Álvarez, (*Aplausos.*) que é nin máis nin menos que máis do dobre dos 70 millóns que vostedes dedi-



caban no ano 2009, onde xa había sinais, como hai agora, de que era necesario incrementar como nós estamos facendo as axudas de inclusión social.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): O que pasa é que se fan demagogia, e perdoe que llo diga, pois probablemente non o viran no ano 209, non o vexan agora, e por iso fai este tipo de preguntas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, supoño que se dá conta vostede de que non contestou absolutamente a nada da pregunta que lle acabo de facer. O único notable é que hai o dobre orzado do que había no ano 2009. E esa é a referencia que teñen sempre: o ano 2009. Barrunto que non me equivoco moito se lle digo que na época de Alfonso X o Sabio non había moita cobertura social tampouco. ¿Por que utilizan vostedes permanentemente o ano 2009? (*Aplausos.*) ¿De que lle serve iso á xente, señor presidente da Xunta de Galicia?

Mire: a Tarxeta Básica permitía dispoñer de recursos a setenta mil galegas e galegos. Eu non lle vou preguntar se vai vostede moito á praza, aos mercados ou aos supermercados —é cuestión súa—, pero si que é certo que se observa, sen ser particularmente sagaz, un incremento das persoas que miran moito o prezo das cousas que compran. E iso vémosto todos; seguramente todos os que estamos aquí, todas as deputadas e todos os deputados deste Parlamento, como o ve a xente fóra. E iso é así porque non é que a situación desas persoas mellorase. Seguramente moitos deles eran beneficiarios desa Tarxeta Básica, e agora non o son. E non porque a súa situación económica mellorase senón porque a tarxeta xa non existe.

Señor presidente, teñen que dar resposta a esta necesidade porque non podemos deixar a ninguén sen axuda, máxime cando se lle pode dar. Sabe vostede perfectamente que no seu proxecto de orzamentos figura unha redución con respecto ao ano 2021 de trinta millóns de euros no imposto do patrimonio. Trinta millóns de euros, que é case a mesma cantidade que custou a Tarxeta Básica. E resulta moi complicado entender e explicarlle á xente —e vostede creo que está abocado ao fracaso nese intento de explicalo— que se vai beneficiar a quen non ten ningún problema para encher a cesta da compra en detrimento dos que teñen moitísimos problemas para medio encher esa mesma cesta. (*Aplausos.*) E esa, señor presidente, é a realidade.

Dicía hai uns días a nosa voceira de Política Social, a deputada Marina Ortega, que dar unha resposta intelixente é a capacidade para adaptarse ás circunstancias da vida. Polo tanto, teñen vostedes unha oportunidade magnífica de dar unha resposta intelixente ás necesidades



porque poden facelo, teñan empatía coas persoas máis necesitadas porque poden facelo, adopten medidas de equidade social porque poden facelo, aposten pola equidade social porque poden facelo e sexan solidarios porque poden facelo.

Señor presidente da Xunta de Galicia, isto non é un rifirrafe máis político, isto non é un descontro de cifras máis; isto son setecentas mil persoas que están en situación de necesidade. E aquí, xa que vostede o dixo —e vese que lle gustou a frase ou agraviouno, non o sei—, non pode sacar o comodín do agravio. E non pode sacar o comodín do agravio porque é unha medida que depende exclusivamente da vontade política do Goberno da Xunta de Galicia. Porque se aquí hai alguén agraviado é a xente á que se pode axudar, e decídese cunha decisión política non axudala.

Señor presidente da Xunta de Galicia, é un empecinamento innecesario. Saben vostedes que é unha medida errada suprimir esa figura. Polo tanto, señor presidente da Xunta de Galicia, creo que se se comete un erro hai que corrixilo, máxime cando ese erro afecta a setecentos mil galegas e galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, claro que non é ou non debería ser un rifirrafe político, mais vostede convérteo niso, sinceramente.

Primeiro, non quere escoitar. Di que non contestei a nada. Expliqueille exactamente cales eran as razóns da instauración e as razóns da retirada da medida concreta; non nin moito menos dos fondos para emerxencia social, que aumentaron.

Claro, se vostede me di que non ten ningunha importancia que nós dediquemos o dobre do que dedicaban vostedes, entón é que non sei que argumento darlle. Se a xente que necesita axudas da Xunta de Galicia é igual que reciban setenta que cento cincuenta millóns, pois entón se vostede considera que é o mesmo, pouco máis temos que falar. Pero a xente que necesita axudas sabe que é moito mellor recibir o dobre que a metade, que era o que lle daban vostedes. *(Aplausos.)*

Se lle molestan as comparacións, e vostede quere comparar coa época de Alfonso X o Sabio, alá vostede. Será que o horizonte temporal de volver gobernar o ven con esa perspectiva; non o sei, *(Murmurios.)* porque é que, se non, non ten moito sentido esa comparación cando falamos de cousas serias.

Vostede volve insistir en que o fundamental é que se se dedican máis ou menos recursos, e despois estar no que un Goberno que ten que tomar decisións cre que é o máis urxente, sem-



pre enfocado á xente que vai necesitar axuda. Estamos de acordo en que agora vai ser máis que nunca, por iso temos eses orzamentos que dedican tres de cada catro euros a fins sociais. É o que está claro, dende logo, para nós, e creo que para a xente, non sei se para vostedes. Non sei se recoñecelo lles ía impedir ese plantexamento demagóxico —vólvolle repetir— que creo que teñen con este tipo de enfoques e que as solucións para a Galicia da inflación non poden ser as mesmas que para a Galicia da pandemia porque as necesidades van ser diferentes, non digo en cantidade global —probablemente sexan máis aínda— pero, dende logo, diferentes.

Polo tanto, o que temos que facer é reforzar a rede de protección social das necesidades que temos agora. E a iso vai ir o orzamento do ano que vén, que engloba moita máis cantidade da que supón a retirada desa medida concreta, pero non a retirada deses recursos, que seguen dedicados á inclusión social.

En fin, a baixada de impostos —á que vostedes non lle dan ningunha importancia— serve para que a xente teña máis cartos precisamente para ir á compra e poder facer fronte a esa alza de prezos. Eu xa sei que vostedes como non baixan impostos non queren que se fale do beneficio de baixar impostos, pero hai moitos beneficios. E absorbemos os efectos da inflación ata 35.000 euros na declaración da renda para todo o mundo, empezando polas rendas máis baixas.

Por primeira vez en España, os beneficios tamén fiscais para as familias numerosas xa son para dous fillos. Isto non se fai en ningún outro sitio. E os que teñen tres fillos —e, polo tanto, cústalles máis tamén a cesta da compra— van ter aínda máis beneficios.

Elevamos nun 25 por cento os orzamentos das axudas puntuais de emerxencia, ademais de dedicar 50 millóns de euros máis que nunca ás axudas da risga. Incrementamos nun 50 por cento a suba autonómica para que máis de sesenta e seis mil familias paguen as facturas de calefacción e auga quente, o bono social térmico. E 16 millóns de euros destinados a colaborar directamente coas entidades de iniciativa social. Temos un proxecto piloto para a loita contra a pobreza, á parte dos programas que xa están en vigor, 8 millóns de euros. Destinamos 20 millóns de euros a colaborar cos concellos no Plan concertado, para que tamén eles poidan facer axuda de primeiro nivel e de primeira intervención, 20 millóns da Xunta de Galicia. Subimos un 45 por cento o orzamento que destinamos ás axudas ao alugueiro, 32 millóns de euros para a xente á que máis lle vai custar.

Podo seguir pero non teño moito tempo, señor Álvarez. Vostede sábeo, o que pasa é que lle interesa pararse nunha medida concreta e non lle interesa dicir que eses cartos están absorbidos noutras necesidades para esa mesma xente, pero entendendo que agora mesmo hai que ir onde máis se necesita.

Se queren ser útiles, bótenlle unha man ao Goberno, aínda que sexan oposición. E voulle dicir como: debería falar co ministro Escrivá e dicirlle que non é de recibo que unha de cada tres persoas que en teoría tiñan que estar cobrando o ingreso mínimo vital non o poidan facer por problemas burocráticos do seu Goberno central. Debería dicirlle que hai meses que ten unha proposta do Goberno galego para colaborar na xestión, porque está



demostrado que somos moito máis áxiles tramitando axudas de inclusión social do que o é o Goberno central. Pero non quere, dállelo a outros, non llo dá a Galicia, como outras cousas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Polo tanto, insista vostede. Hoxe mesmo voume dirixir outra vez ao ministro Escrivá para dicirlle que axilice todo iso, que a xente non pode seguir esperando. Señor Álvarez, esas son cousas útiles.

Igual que lle pediría que nos botara unha man tamén para que se dea conta o Goberno central de que hai que conectar as axudas de inclusión social coas posibilidades de inserción laboral. A xente non quere axudas porque si, quere axudas para sobrevivir, pero tamén quere un medio de traballo. E, dende logo, o Goberno galego está por aí; non sei se o está o Goberno central. Bótenos unha man aí para que sexan sensibles. Iso é axuda directa, iso é eficacia, o demais é demagogia que —insisto— leva a preguntas como a que vostede quere facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do presidente da Xunta de Galicia respecto dos orzamentos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, permítanme, en primeiro lugar, expresar tamén en nome meu e en nome de todo o Grupo do BNG todo o cariño e toda a solidariedade á familia e ás amizades desa persoa traballadora que faleceu como consecuencia dese incendio. E tamén as nosas condolencias á familia socialista. Unha aperta moi grande. (*Aplausos.*)

Señor Rueda, se tiveramos que valorar os orzamentos da Xunta de Galiza poderíamos facelo simplemente con dúas palabras, son insolventes e son insolidarios. E son insolventes porque están baseados en datos falsos que os propios expertos estaban desmontando xustamente o mesmo día en que vostede os presentaba. E son insolidarios porque lle quitan a quen menos ten para darllo a quen máis ten. Señor Rueda, está vostede convertido nunha especie de Robin Hood ao revés, (*Aplausos.*) cunha man quítalle a Tarxeta Básica a cincuenta mil familias e coa outra man regalalles 34 millóns de euros a sete mil setecentas persoas con máis patrimonio de Galiza. E como hai que compensar este agasallo aos máis ricos, pois ¿que decide o señor Rueda? Subirlle a factura do lixo e da auga a miles de familias neste país. Así é como goberna o Partido Popular. (*Aplausos.*)



Como non lles chegou isto, entón deciden que hai que baixarlle máis os impostos a quen máis ten. Claro, ás rendas de menos de 50.000 euros fanlle un desconto de 50 euros ao ano, pero é que ás rendas de máis de 60.000 euros o desconto é de 500 euros. E todo isto mentres están hipotecando o futuro das novas xeracións, porque triplicaron a débeda pública deste país, 14.156 millóns de euros. Esta si que é unha cifra histórica, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Son uns orzamentos insolidarios, pero é que tamén son uns orzamentos insolventes porque están baseados en datos que son falsos. Anúnciannos que vai haber un crecemento do PIB do 1,7 por cento, e é falso; os expertos están dicindo que o crecemento de Galiza vai ser cero. Anuncian un crecemento do emprego, e é falso; os expertos din que Galiza vai perder emprego o ano que vén. Anuncian tamén un investimento histórico en atención primaria, e é falso, porque se temos en conta o efecto da inflación a atención primaria vai ter 321 millóns de euros menos que no ano 2009. E eu creo que a estas alturas non hai que explicarlle a ningún que mil euros de hoxe non son mil euros de hai trece anos. Tamén anuncian un investimento histórico en educación, e é falso, porque se temos en conta o incremento que supón o IPC a educación pública vai contar con 281 millóns de euros menos que hai trece anos.

É dicir, estamos ante unhas contas que son un *bluff* e que son as máis insolidarias e as máis insolventes da historia. E por iso preguntolle, señor Rueda, se cre que con estes orzamentos vai axudar os galegos e galegas a saír desta crise. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, teño que dicirlle que en hora boa, que cando fai algo ben eu non teño ningún problema —ao contrario que vostede— en recoñecerllo, e acaba de facer algo ben. Mire: hai unhas semanas cando eu anunciei que quería comparecer neste Parlamento para falar de orzamentos había que oíla a vostede como se alporizou e dixo que quen me cría eu, de que ía, se cría que era un conselleiro de Facenda, se non entendía o que tiña que facer un presidente da Xunta diante dun Parlamento, cales eran os temas dos que debía ocuparse. E agora, mire por onde, vostede en todos os temas que podía plantexar, eran moitos para que eu hoxe viñera falar aquí, decide que veña falar de orzamentos. Polo tanto, eu teño que dicirlle: ¡benvida á realidade!, ¡benvida á xestión!, ¡benvida ás cousas importantes!, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Iso si, mire: ¡benvida ao Goberno!, non. Agora que vostede cre que os orzamentos son algo importante e útil e necesario, ao mellor tamén cre que é útil e necesario o cargo de conselleiro de Facenda, o que vostede minusvaloraba literalmente hai uns días; ao mellor ata lle apetece ser conselleiro de Facenda. Eu teño que dicirlle que non, teño un moi bo, e á parte ten unha cousa que vostede non ten, xestión pública, e, polo tanto, sabe do que está falando. *(Aplausos.)*

E se me pregunta polos orzamentos, e pregunta, por suposto, vostede á súa maneira, vostede que ten a pel tan fina e por todo se sente aludida pregunta ao seu estilo: insolventes, inso-



lidarios... Supoño que iso o quere estender tamén a todos os que participaron na súa elaboración con profesionalidade, con vocación de servizo público e con intención de que funcionen. Ao mellor é para desanimarnos a que non os apliquemos, a que os modifiquemos á súa maneira e á dos seus expertos, aos que vostede sempre alude pero nunca identifica. Pois non, imos aplicalos aínda con máis empeño e con máis contundencia porque cremos que son os orzamentos que necesita Galicia.

E teño que dicirlle que estou moi orgulloso destes orzamentos, son efectivamente os máis elevados da historia da Comunidade Autónoma galega, da Xunta de Galicia. Efectivamente, temos mil millóns de euros máis. ¿Para que? Xa llo dixen; vostede non quere, fai as contas, a inflación, non lle vale nada, non lle vale nada sempre que o faga o Goberno da Xunta de Galicia. Pero a realidade é que son mil millóns de euros máis para reforzar a sanidade, a educación, os servizos sociais. Mil millóns de euros máis para loitar contra a inflación. Mil millóns de euros máis para axudar as familias, os autónomos, as empresas. Mil millóns de euros máis para facer fronte ao complicadísimo escenario enerxético que temos por diante. Mil millóns para seguir consolidando a promoción de Galicia este ano tan exitoso, ese Xacobeo que tanto lles desgusta, que trouxo tanta xente e que, polo tanto, serve tamén para crear riqueza. Mil millóns para axudar os nosos sectores produtivos para que sigan traballando, para que sigan exportando en momentos tan complicados. En definitiva, cartos ben medidos, ben pensados para facer fronte a un escenario moi complicado.

Alá vostede se quere seguir deostando que teñamos máis investimento, que teñamos máis servizos públicos, que creamos tamén que a iniciativa privada é importante, crear riqueza. Hai que colaborar. Vostedes dedícanse a demonizalos, pero crean riqueza en Galicia e, polo tanto, tamén deben ser apoiados.

Digo que eu a felicito porque polo menos é coherente. A vostedes todo isto de baixar impostos, manter investimento, non subir a débeda, ir aos servizos que a xente de verdade necesita, axudar os que máis o necesitan, ao final, non lles gusta, e non lles gusta moito máis se o fai un Goberno do Partido Popular. E, polo tanto, fala mal dos orzamentos, pero polo menos fala deles, o que é un avance importante. Benvinda á realidade, señora Pontón, siga por aí porque falando de orzamentos arránxanse moitas cousas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, creo que a vostedes, que falan tanto de históricos, todo o que fan vostedes é histórico, o que sería histórico é que por unha vez viñera a este Parlamento e dixeran a verdade. Sería histórico que por unha vez viñera a este Parlamento traer propostas en positivo para axudar as persoas que o están pasando mal e que non viñera facer de oposición do BNG ou ataques persoais á miña persoa. Porque de verdade creo que o único que fai... *(Murmurios.) (Aplausos.)* ...o único que fai é deixar en evidencia a súa falta de argumentos. Iso é o que sería histórico e non uns orzamentos... *(Murmurios.)*



Eu non sei que lles pasa á xente do Partido Popular que cada vez que falamos téñenme que interromper. Eu escoitei o señor Rueda con atención. Por favor, un pouco de respecto, que a cidadanía tamén reclama que haxa respecto neste Parlamento ás opinións diferentes. (Aplausos.)

E claro que son uns orzamentos insolventes, porque é que están baseados en datos falsos, que non é que llos desminta o BNG, que tamén, é que llos desmentiron os expertos o mesmo día que vostede presentaba estes orzamentos.

Imaxino que vostedes non cren que o BBVA é un axente subversivo. Ben, último informe do BBVA, señor Rueda, presentado o mesmo día que vostede presentaba os orzamentos, páxina número 5, «Crecemento do PIB por comunidades autónomas». (A señora Pontón Mondelo amósalles aos membros da Cámara un gráfico.) ¿Ve aquí o último? É Galiza. O que prognostica o BBVA é un crecemento cero. Estamos por detrás de Baleares, de Canarias, de Madrid, de Extremadura, de Cantabria..., así até dezasete, o último, señor Rueda.

Este informe tamén prognostica cal vai ser o crecemento do emprego. ¿Sabe o que di para Galiza? Un $-0,3$ por cento, é o terceiro peor dato de todas as comunidades autónomas.

E son tamén insolventes pero insolidarios. Porque vostede fala de baixar impostos, pero é que non lles conta aos galegos e ás galegas cal é a letra pequena deses impostos. E a letra pequena o que di é que vostedes van subir o lixo e a auga mentres lles agasallan 34 millóns de euros a sete mil setecentas persoas (Aplausos.) que non teñen ningún problema para poder chegar a fin de mes.

Vostede estalle regalando 34 millóns de euros a unha minoría para quitarlle á maioría sanidade, educación, servizos públicos e recursos. (Aplausos.) Porque os impostos son os que financian eses servizos públicos.

Señor Rueda, a súa responsabilidade é ser realista, non vir a este Parlamento con propaganda. E o realismo o que nos di é que o ano que vén vai ser un ano moi duro, e vostede vén aquí cuns orzamentos que son un *bluff* insolidario e insolvente.

Por iso desde o BNG queremos facerlle unha proposta pensando no ben dos galegos e das galegas. Señor Rueda, retire estes orzamentos (Murmurios.) e teña a ben negociar nesta Cámara (Aplausos.) unhas contas públicas para a maioría. (Murmurios.) Unhas contas públicas... (Pausa da señora Pontón Mondelo.) —Grazas, presidente—. Unhas contas públicas que teñan en conta cal é a realidade que hai aí fóra. Porque o seu Goberno leva arrastrando os pés nesta crise, nin está nin se lle espera, e os galegos e galegas non poden estar pendentes dun Goberno que cre que con propaganda e con publicidade se solucionan os problemas deste país. É demasiado serio o que está pasando, señor Rueda. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, ¡que pel tan fina!, vólvolle dicir. E vostede é que xa ten o agravio no argumentario. Polo tanto... (*Murmurios.*) Eu non lle vou seguir por aí porque non leva a ningunha parte. ¡Alá vostede! Dígase o que se diga, vostede sempre se vai sentir ofendida. Eu téñolle que dicir o que hai, e o que hai, por certo, cousa bastante sorprendente... Agora resulta que a Airef, organismo público independente, di que os orzamentos da Xunta de Galicia son realistas, non os do Goberno central, que vostedes apoiaron, os da Xunta si. Claro, a vostede iso non lle vale; en cambio válelle o informe dun banco, entidade privada que vostedes deostan todos os días. Para isto si que lles vale. (*Aplausos.*) Está moi ben.

Supoño que eles tamén estarán sorprendidos. Se fala con eles diríanlle —ao mellor ou non— que lea o informe completo. E cando fala efectivamente desa rebaixa verá que o aplica en xeral a todas as comunidades autónomas derivadas do lentísimo nivel de execución dos fondos Next Generation que nos transfire o Estado, señora Pontón. (*Murmurios.*) O Estado, ao que vostedes lle apoiaron os orzamentos. Polo tanto, hai que enterarse de todo, hai que ler os informes enteiros. En todo caso, está ben. E vólvolle dicir: ¡benvida a esta realidade! Comprendo que estea empezando nisto dos orzamentos a falar en serio e, polo tanto, non ten por que sabelo todo.

E tamén lle teño que dicir unha cousa: non todos os orzamentos son iguais. Estou de acordo. E tampouco todas as reaccións fronte aos orzamentos son iguais. O mesmo ímpeto que vostedes teñen para falar mal dos orzamentos da Xunta de Galicia, dos orzamentos de Galicia, é exactamente o contrario que teñen vostedes cando cruzan O Padornelo e apoian os orzamentos do Estado.

Polo tanto, se quere, non fai falta que lle recorde o que nos dicían cando vostedes investiron o señor Pedro Sánchez. Dicían que un só deputado do BNG ía facer máis que non sei cantos centos de deputados do PP de Galicia en non sei cantas lexislaturas, que lle ían dobrar o pulso en beneficio de Galicia ao Goberno Socialista. ¿Sabe o que pasou? Eu creo que o señor Sánchez os enganou, vostedes intentaron enganar os galegos; un pouco das dúas cousas, pero a realidade é a que é. Se non, explíqueme vostede como é posible —podíalle poñer moitísimos exemplos— que agora que o señor Sánchez pon para a conexión do AVE galego co AVE do Porto 28.000 euros, ten que defendelos máis o primeiro ministro portugués que o presidente de España. E vostede diga que, por suposto, isto non é nin culpa do señor Sánchez nin culpa por suposto do BNG, é culpa miña por non influír. ¿Pero non eran vostedes os influentes, señora Pontón? (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non eran vostedes os influentes? (*Aplausos.*)

Se o Goberno central acaba de presentar uns orzamentos absolutamente prexudiciais para Galicia, vostedes son cómplices, pois apoiáronos. Se se segue poñendo de perfil e mirando para o outro lado cando lle dicimos que teñen que concretar xa apoios para proxectos que están maduros, que crearían miles de postos de traballo, e séguenos ignorando, iso é co seu apoio, coa súa complicidade, señora Pontón. Isto é o que hai.

Polo tanto, ¿de que orzamentos estamos falando? Se quere falar dos nosos, vólvolle dicir... (*Murmurios.*) Non, non, todos son orzamentos que influen en Galicia, todos son orzamentos



que inflúen en Galicia. Claro, a vostedes non lles interesa falar da parte na que se poñen moi feros aquí e moi mansos en Madrid, señora Pontón. Isto é o que pasa. *(Aplausos.)* Si, si, si...

Os nosos orzamentos —e remato xa, señor presidente— van seguir na liña de aumentar o investimento, dedicar tres de cada catro euros ao gasto social e sanitario, apoiar as familias, apoiar as empresas, apoiar os autónomos, conter a débeda, baixar impostos tamén, efectivamente, baixamos impostos, señora Pontón. Xa coñece as nosas medidas, que, por suposto, vostede non vai recoñecer en absoluto, porque sabe que non lle convén. Pero ímolo seguir facendo.

Fala de impostos. Primeiro, entérese ben. Son impostos municipais; polo tanto, os concellos, incluídos nos que goberna o BNG, poden baixar impostos cando queiran. *(Murmurios.)* ¿Non sei se o sabe? Se o sabe é increíble o que acaba de dicir. Pero como somos conscientes de que hai que seguir apoiando as familias e hai que seguir apoiando os negocios, digo que en 2023 introduciremos unha bonificación do 15 por cento no recibo de Sogama, señora Pontón, a todos aqueles concellos que se comprometan antes de que remate o 2023 a introducir o quinto contedor, o contedor marrón, para seguir separando residuos. Bonificación dun 15 por cento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Baixamos impostos, coidamos o medio ambiente e coidamos as persoas. *(Aplausos.)*

Mentres, vostedes sigan así, falando moi mal dos orzamentos da Xunta e dicindo «si, amén» aos orzamentos de Madrid, que prexudican a Galicia. Todo son orzamentos, señora Pontón.

Polo tanto, xa digo que está moi ben —remato como empecei—, ¡benvida á realidade!, ¡benvida a falar de orzamentos! Está ben que fale deles aínda que sexa para criticalos. Está ben que se ocupe da xestión, aínda que sexa con vinte anos de atraso.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura agora a unha declaración institucional de apoio a Ponte...nas Ondas! que me fan chegar os grupos e que di así:

«Coa presentación oficial conxunta en 2021, por parte dos gobernos de España e Portugal, da candidatura para a inscrición no Rexistro de Boas Prácticas de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial —PCI— da UNESCO, Ponte...nas Ondas! ve recoñecidos vinte e sete anos



de traballo, o que supón un aval a toda unha práctica educativa e cultural realizada desde os centros educativos. O seu labor é tamén coñecido pola iniciativa de promover a primeira candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués á UNESCO en 2004.

A práctica de Ponte...nas Ondas! ten sido empregada como un instrumento educativo fundamental para o coñecemento, a salvagarda, a transmisión e a continuidade interxeracional do patrimonio cultural.

Ponte...nas Ondas! identificou o conxunto do patrimonio común galego-portugués por riba das fronteiras administrativas antes mesmo da consideración do PCI por parte da UNESCO e da entrada en vigor da Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial en 2003.

Ponte...nas Ondas! levou o patrimonio cultural inmaterial ás aulas da eurorexión a través da práctica radiofónica e a integración ás persoas e comunidades portadoras do PCI nos programas de radio, no audiovisual e nas redes sociais, poñendo en valor e garantindo o coñecemento do patrimonio, así como a súa transmisión interxeracional e na súa preservación.

Ponte...nas Ondas! ten colaborado con administracións, institucións e universidades galegas e portuguesas na procura de divulgar este patrimonio compartido e favorecer o seu coñecemento e a súa identificación por parte da sociedade.

O traballo de Ponte...nas Ondas! ten contribuído á revalorización de prácticas e saberes que melloran o benestar e a calidade de vida das persoas e comunidades portadoras, dando visibilidade ao seu patrimonio e fomentando un desenvolvemento sustentable con transferencia de saberes ás novas xeracións.

Unha organización que foi exemplar na identificación, recoñecemento, transmisión, educación patrimonial e dinamización das comunidades por medio dun patrimonio cultural inmaterial transnacional e transfronteirizo.

Por esta traxectoria, a UNESCO acreditou a Ponte...nas Ondas! como a ONG consultora para o PCI en 2015, a única entidade en Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia agradece e recoñece o labor de Ponte...nas Ondas! a prol da salvagarda do noso patrimonio inmaterial e apoia a inscrición do modelo Ponte...nas Ondas! no Rexistro das Boas Prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO.

Día de hoxe, 9 de novembro de 2022.>>

Esta é a declaración. (Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)

E agora continuamos coa orde do día, punto quinto, proposicións non de lei.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte á situación de precariedade e empobrecemento que sofre a mocidade galega

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Xa no día de onte iniciabamos este debate do acceso á vivenda e a capacidade de emancipación da mocidade galega, e eu expoñía aquí unha serie de datos no que ten que ver coa situación da mocidade en canto á percepción de salario, en canto ao acceso a un traballo digno e ao que supón o acceso á vivenda. Hoxe vimos falar aquí do empobrecemento que nos últimos anos está a padecer a mocidade galega, e eu dáballe unha serie de datos, como que no ano 2009 a mocidade representaba un 27,2 por cento do total da poboación activa, mentres que neste ano 2022 cae ata o 19,37 por cento.

Podemos falar tamén de que o desemprego xuvenil duplica o desemprego do resto da poboación galega e de algo que é bastante significativo e no que afondarei despois, que é o peso totalmente maioritario que ten o sector servizos na xente moza que si que ten traballo, pois un 71,6 por cento dos mozos e das mozas que traballan fano no sector servizos.

Falabamos tamén da temporalidade e da parcialidade, que no caso da mocidade duplica o resto das idades do noso país, cun corenta por cento de temporalidade na mocidade e practicamente cinco puntos por riba tamén na propia parcialidade e na temporalidade no resto das idades.

Falabamos onte tamén dunha fenda salarial existente na mocidade galega, de máis dun vinte por cento, o que comporta percibir menos salarios. E despois tamén ilustraba esta perda de capacidade adquisitiva, e xa non falemos de capacidade de aforro e de empobrecemento da mocidade galega, cun titular que dicía que a mocidade ten que dedicar de media o 58 por cento do seu salario nun alugueiro.

Con isto, e xa o temos dito varias veces, podemos afirmar que a mocidade galega, incluso a que traballa, incluso a que o fai a xornada completa, é pobre. Se tes que dedicar case un sesenta por cento do teu salario no pago dun alugueiro, ¿como vas facer fronte ao resto de gastos, sexa un vehículo, sexan cousas tan luxosas como comer tres veces ao día e facelo de xeito variado, pagar os gastos e aínda por riba ter capacidade de aforro para poder ter un futuro un pouquiño mellor ou cando menos cunhas poucas máis de expectativas?

O que temos no día de hoxe, se vemos nestes últimos trece anos o que está pasando, e dicía agora mesmo a voceira do BNG que mil euros de agora non son mil euros de hai trece anos, e o que podemos advertir é que a situación foi empeorando con este tempo, pois todo subiu moito máis dos prezos inmersos nesta crise.



E tamén a mocidade —como lles dixen antes— recae no sector servizos dunha forma maioritaria, máis dun setenta por cento, xusto o sector máis golpeado pola crise da covid-19 e tamén veremos que será aínda máis golpeado con esta crise de prezos e a situación a nivel xeopolítico e a nivel europeo e mundial.

E isto é o que pasa, e tamén onte llo dicía: vostedes puxeron todos os ovos na mesma cesta, nunha externalización da economía completamente descontrolada, na industrialización deste país e no esmagamento dos sectores produtivos.

¿Facendo que? Pois que se afunde nun modelo totalmente colonial e que afunde tamén na propia dependencia de Galiza fronte ao resto de territorios, e algo que vimos claramente durante a covid-19: que só do turismo, só do Xacobeo non se pode vivir, que precisamos producir na nosa terra e baixar a situación de dependencia que temos nun momento moi convulso a nivel mundial e a nivel europeo. Non se nos permite producir, temos que importar absolutamente de todo, vendo como se desmantelan industrias, como se desmantelan os sectores produtivos e como se van instalando os servizos terciarios, sobre todo no que ten que ver coa hostalaría e co comercio, que deixan en todo caso os peores índices de precariedade, de estabilidade laboral para a mocidade galega.

Polo tanto, ¿que levan facendo nestes últimos anos?, ¿por que a mocidade só pode permitirse aquí ou só ten que poder decidir entre a precariedade e a emigración? Temos unha mocidade moi formada, moi preparada, que ten que escoller entre —como lles dicía— a precariedade máis absoluta e a emigración, por unha cuestión que é a falta de oportunidades.

Vostedes —como lles dicía— puxeron todos os ovos na mesma cesta, levando por diante calquera tipo de futuro, calquera tipo de esperanza para a mocidade galega, que en moitos casos a ten que buscar fóra. Non pode ser de recibo que a mocidade galega non poida ter un futuro na nosa terra, que non teña capacidade adquisitiva, que non teña a capacidade de aforro, e despois ter que escoitar grandes magnates do Partido Popular dicir que o que está pasando á mocidade é a falta da cultura do esforzo, como dicía o señor Feijóo, a falta de vocación, que dicía a señora conselleira hai apenas un ano, ou aínda non un ano, cando lle están segando a herba nos pés, que lle están poñendo zancadillas continuamente á mocidade para que poida realmente ter unha mellor calidade de vida.

Porque afondando nesa folla de ruta que quere o Partido Popular e que quere para o noso país: que simplemente sexa un reduto de vacacións, un reduto vacacional a baixo custo, que non se poida producir, que non se poida emprender, que non se poidan levar a cabo investigacións que xeren actividades económicas, que xeren de verdade riqueza no noso país. E isto é algo que advertía o propio CES cando falaba do informe de fuga do talento, coas empresas que se deixan de crear, a riqueza que se deixa de xerar, o gasto no que incorremos formando xente que despois non reverte o seu traballo no noso país, senón que se ve obrigada a marchar.

E iso é o que leva a un empobrecemento paulatino da nosa mocidade, que hoxe en día, por moito que o Partido Popular queira, nin sequera ten a capacidade de endebedarse nin de formularse iso a si mesma, por exemplo, de ter unha hipoteca, ter unha vivenda propia, formar o seu proxecto de vida, a súa familia ou o que considere.



Porque vostedes confunden moitas veces liberdade con dereitos, e confunden esta cuestión. Porque non é unha cuestión de mobilidade transnacional como soen dicir ou de mobilidade europea, é cuestión de que a están obrigando a elixir entre as máis absolutas das precariedades, a non poder ter ningún proxecto de vida, ou a irse deste país.

Mal para a mocidade que se ten que ir, pero tamén mal para un país que non se pode permitir que a súa mocidade, que é o presente e que é o futuro, sistematicamente teña que buscar a vida fóra do noso país, co que iso repercute na non-xeración de riqueza, na non-xeración de tecido empresarial, na non-investigación e na non-produción, que nos deixará pois relegadas e relegados a un papel completamente testemuñal ou a un papel simplemente de extracción de recursos. E isto non só o vemos coa cuestión do modelo turístico que vostedes levan impoñendo todos estes anos. Podemos citar, por exemplo, tanto a eólica como o monocultivo do eucalipto, como moitas outras cuestións que afondan nese modelo totalmente colonial e depredador para o noso país: poñer o noso país a producir para outros e non reverter esa riqueza en nós.

Polo tanto, cos datos na man, onte tamén se citaba a EPA, eu alégrome de que a EPA por fin valla de algo e sexan lexítimos os seus datos neste Parlamento, porque cando nós traemos os datos da EPA sempre se nos di que eses non valen, pois que deben ser os que valen os que ten o Partido Popular, que sempre ten a verdade absoluta e a verdade divina en toda esta cuestión.

Se vemos tanto no que ten que ver coa perda de peso da mocidade galega no conxunto da poboación activa, nas taxas de temporalidade e de parcialidade no maioritario que é a mocidade galega no sector máis precario de todos, que é o sector servizos, e nomeadamente a hostalaría; se vemos o que significa de fenda salarial entre a mocidade e o resto das cidades, un vinte por cento de fenda salarial, vemos que despois as iniciativas políticas que leva a cabo este goberno de máis do mesmo pois só nos leva ao mesmo, porque se repites algo moitas veces, o normal é que saia o mesmo resultado. O peor de todo é que non sae o mesmo resultado, senón que sae peor, e isto é o que vemos ao longo de todos estes anos.

Polo tanto, hoxe dende o BNG traemos aquí unha serie de propostas que cremos que poden axudar a reverter esta situación no concreto, mentres loxicamente seguimos facendo iniciativas e propostas para cambiar este modelo que nos prexudica tanto como país como mocidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e todos.

Volvemos hoxe, efectivamente, debater arredor da situación que está a padecer a mocidade galega, ver se máis que debater unicamente logramos —sería o desexable— sacar algo en claro,



e cando menos coñecer cales son as receitas —onte o Grupo Parlamentario Socialista traía o seu plan, as súas receitas, as súas propostas— para facer fronte a esta situación de empobrecemento da mocidade galega. Hoxe estamos a debater esta proposta do BNG, e sería bo cando menos neste debate sacar algo serio, algo rigoroso, e saber cando menos cales son as propostas.

Para iso volvemos incidir hoxe nunha radiografía que vimos traendo nestes últimos tempos a este Parlamento sobre a situación dunha xuventude galega que padece máis taxas de desemprego, que padece máis precariedade, máis temporalidade, máis parcialidade, máis inestabilidade. E poderíamos levarnos ao engano de pensar que como cada vez representa menos peso sobre o conxunto total da sociedade galega a nivel poboación, pois a mocidade tería máis oportunidades, pero nada máis lonxe da realidade.

Ontes, dende o Grupo Socialista propoñiamos unha liña de acción, un plan apuntalado —diciamos— en distintas consellerías. Partindo da base de que a mocidade galega en termos de empregabilidade, de estabilidade, de poder adquisitivo, de emancipación, dos obstáculos para acceder a unha vivenda xa partía dunha situación máis feble, considerabamos que agora ante esta crise económica a todos os niveis, e a nivel global, pois podían ser absolutamente as consecuencias demoledoras, porque —insistimos— a mocidade galega xa viña padecendo unha postura de partida moito máis feble.

E aínda que non é de agora, pois as socialistas e os socialistas levamos demandando á Xunta un plan de emancipación, tamén solucións nesta necesidade de solucionar os problemas de poder adquisitivo, de acceso a unha vivenda, neste momento estamos xa xogándonos algo tan grave como que os mozos e as mozas arestora están a debaterse entre a supervivencia no país e a busca de oportunidades fóra, e é un luxo que non nos podemos permitir.

Nós preguntabámonos onte —tamén hai dúas semanas na interpelación á conselleira de Emprego— se era moito pedir que a Xunta abordase cunha perspectiva ambiciosa estes problemas, tales como a falta de independencia de poder adquisitivo, de estabilidade, precariedade laboral, obstáculos e acceso a unha vivenda. E poñiamos a atención e tildábannos absolutamente de castastrofistas, e poñiamos a alarma e o foco na situación demográfica, porque se seguimos sen acertar nestas políticas nun aspecto tan crucial estannos a atar nunha sorte de hipoteca con moitos xuros que non haberá quen a pague nuns anos.

Se o Instituto Nacional de Estatística nos di que Galicia perderá case trinta e cinco mil habitantes nos vindeiros quince anos, son falacias da oposición. Se a fuga do talento mozo supón deixar de crear máis de trescentas empresas ao ano no noso país e prescindir arredor de máis de mil cincocentos nacementos segundo o Foro Económico, segundo o Consello Económico e Social, son falacias da oposición. Se a taxa de emprego nos menores de 35 anos está por debaixo do 50 por cento, dicir que máis da metade dos galegos e galegas menores de 35 anos neste momento están parados, son falacias da oposición.

A nós, de verdade, que nos gustaría saber, se son falacias da oposición, cales son as receitas que propón o Partido Popular para enfrontar este problema. Sei que as teñen. Pero ¿quen quere falar de desemprego xuvenil, de precariedade, de demografía do país, podendo bromear con Mordor ou o xardín dos *Teletubbies*?



Nós si que queremos poñer todo o noso esforzo en arranxar esta situación e pedir que nos deixemos de estridencias arredor dun debate delicado. Presentabamos —como dicíamos onte— o noso propio plan, as nosas propias medidas. Por iso tamén hoxe apoiamos esta iniciativa do BNG, porque tal e como recollíamos na nosa moción, ademais, están a tempo, en plena tramitación e deseño dos orzamentos para o vindeiro ano, de incidir en políticas de vivenda, en mellorar os alugueiros neste país, en axilizar e executar os fondos transferidos desde o Estado, pero complementando no marco das competencias propias esas axudas cun programa ambicioso dunha vez por todas, que solucione tamén os moitos casos, por exemplo, de mozos e mozas que arestora teñen que vivir desprazados das súas localidades, que non acceden a estas axudas, pero que teñen que vivir compartindo piso, por motivos de estudo ou por motivos laborais fóra das súas localidades.

O acceso á vivenda é un pilar fundamental, xunto á estabilidade laboral, para contribuír a mellorar as taxas de emancipación e favorecer que as mozas e os mozos queden aquí, e se o desexan poidan desenvolver un proxecto familiar e ter fillas e fillos. Para iso deben aplicar, señores do Partido Popular, señoras do Partido Popular e da Xunta, algo de sentido común e deixarse de receitas estrela como as que anunciaban o ano pasado. Xa dixemos que non ían funcionar. E este ano teñen o exemplo, pechando practicamente este capítulo orzamentario, de receitas estrela de que non funcionan en materia de vivenda, como é ofrecer aos mozos e ás mozas avalar a compra dunha hipoteca cando quen vai pensar en endebedarse cando non teñen estabilidade laboral e económica.

Segundo os datos do Observatorio de Emancipación do Consello de Mocidade de España, eses datos que vostede e dende a Xunta de Galicia retorcen e collen como interesa —volvemos citalos aquí no segundo semestre do ano 2021 en Galicia—, só o 15 por cento das persoas mozas de entre 16 e 34 anos estaba a residir nunha vivenda distinta á dos seus fogares de orixe, só o 15 por cento. Unha cifra, ademais, que apenas variou no último ano con respecto ao semestre anterior, mentres que no conxunto do Estado si que mellora moi lixeiramente.

O Goberno da Xunta —como dicíamos—, a conselleira de Vivenda e tamén a conselleira de Emprego retorcen os datos e obvian, ademais, cando falan de emancipación a franxa máis preocupante, que é a de entre 30 e 34 anos, para salientar a emancipación entre os de 16 e 29 anos, porque sumando todo ese tramo de idade si que é certo que a media mellora lixeiramente. Pero ocultan a verdadeira fotografía dos problemas de emancipación, que a temos entre os 30 e os 34 anos, nunha mocidade que está no límite, que hai tempo que rematou xa os seus estudos e que ou ben non ten traballo ou o que ten é en precario e non lle dá para acceder a unha vivenda, e vese na obriga de non se poder independizar.

Neste contexto, nun contexto de suba de prezos, xa nos últimos anos esa subida dos alugueiros na nosa comunidade, arredor do trinta por cento, e só neste último ano un cinco por cento máis —insistimos—, atopámonos agora coas consecuencias de non ter movido un dedo na promoción, por exemplo, tamén do parque público de vivenda. E estamos coa porcentaxe máis baixa de vivenda pública. No Plan de vivenda 2015-2022, no que marcaban vostedes como obxectivo preto dun millar de novas vivendas de promoción pública, cons-



truíron a raquílica cifra de corenta. Corenta vivendas públicas en seis anos, sabendo que hai máis de dezaseis mil persoas demandando unha vivenda no Rexistro único de demandantes de vivenda protexida.

Este desleixo durante todos estes anos déixanos con ese parque público de vivenda raquílica que onte lles trasladabamos, pois representa un 0,3 por cento do total fronte ao 0,9 por cento do Estado ou o 9 por cento de vivenda pública que é a media a nivel europeo.

Aumenten os recursos de vivenda —agora que están a tempo— nos programas de acceso para a mocidade e persoas vulnerables, complementen eses fondos estatais e, sobre todo, executen e xestionen o orzado.

Implementen tamén políticas públicas específicas para a creación de emprego xuvenil, realizando os cambios necesarios na aplicación desas políticas de emprego xuvenil para mellorar a súa eficacia. A todas luces aí están os resultados de que non son eficaces, facéndoas máis próximas á realidade e que estean acompañadas tamén coas oportunidades que o mercado de traballo ofrece na actualidade.

En Galicia, os menores de 25 anos terminaron o ano pasado, o 2021, cunha taxa de paro por riba do 35 por cento, cinco puntos por riba da media española, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística. O que demostra as dificultades que afrontan para empregarse. Estas dificultades, ademais, son máis notables para as mulleres, con traballos máis precarios e con máis desemprego. E volvemos falar de que o que para vostede onte era unha falacia, que é da crise demográfica, máis desemprego xuvenil, falla de oportunidades e, ademais, máis fenda salarial entre as mulleres máis mozas. É un cachondeo, unha risa, como dicíamos antes.

Ante eses datos, o Instituto Galego de Estatística, o Instituto galego e o Instituto nacional, a nosa comunidade perdeu nin máis nin menos nos últimos once anos unha poboación de máis de cen mil persoas, é dicir, esfumáronse máis habitantes dos que hai só na capital da comunidade, en Santiago, máis de cen mil persoas; datos do Instituto Nacional de Estatística e do Instituto Galego de Estatística.

Nesta situación de incremento de prezos —rematamos—, de incerteza económica e partindo de que xa padecía a mocidade galega dunha situación precaria é indecente mirar cara a outro lado e non poñer sobre a mesa un plan serio que permita que poidan desenvolver unha vida independente e digna.

Pola nosa parte, máis nada. Como dicíamos, votaremos a favor da proposición do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pardo López.

O señor PARDO LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.



Falaba onte na moción de emancipación da importancia de políticas transversais, co obxectivo de mellorar a calidade de vida da xuventude galega. Unha xuventude que se enfrenta a moitos problemas, dos que todos os membros desta Cámara somos moi conscientes, e que probablemente se resumen nun, que é a dificultade da mocidade para acceder a empregos de calidade.

A xuventude é un dos colectivos que maiores retos afronta á hora de atopar un emprego de calidade. A falta de experiencia laboral, as exixencias cada vez maiores das ofertas de emprego, entre outros factores, acaban reducindo significativamente as oportunidades de acceder a un posto de traballo. Ante esta realidade é fundamental que as administracións públicas sexan capaces de analizar as necesidades específicas das mozas e dos mozos galegos. E unha vez localizadas actuar sobre elas, para garantir unha participación en igualdade de condicións co resto da poboación activa.

E é aquí onde a Xunta de Galicia ten demostrado o seu compromiso cos máis novos; un compromiso sólido e eficaz. Por iso é importante falar de medidas específicas pero tamén de medidas transversais para axudar a mocidade. Medidas como facilitar un acceso a unha educación de calidade, que permita mellorar a súa formación de cara a ter máis oportunidades laborais, axudas á mobilidade e, por suposto, axudas para o acceso da mocidade a unha vivenda. Todos estes ámbitos son prioritarios e dende a Xunta de Galicia estanse a adoptar medidas en todos eles.

Por iso resulta sorprendente a pouca solidariedade coa que fala o BNG nesta proposición non de lei. Vén aquí describir unha realidade sen aportar propostas, co discurso de sempre, como dicía onte vendo unha Galicia apocalíptica, distorsionando os datos para tratar de vender que todas as solucións aos problemas da mocidade son o soberanismo. Por sorte, a mocidade galega xa non cae neste catastrofismo e sabe que a mellor forma para lograr os obxectivos que se pode marcar un mozo de vinte, de trinta ou de corenta anos só se consegue con políticas para conseguir un emprego de calidade. Un emprego que é a base para lograr os demais obxectivos que pode ter calquera mozo, como pode ser a emancipación ou ir pensando en formar unha familia. Por iso, fronte un BNG que leva corenta anos co mesmo discurso rancio, aquí hai unha xeración que, por sorte, é moito mellor que este BNG anticuado, unha xeración que está a ser a construtora da mellor Galicia da historia.

Señorías, se nos remontamos ao Bipartito, podemos ver como era esa Galicia da que agora tanto presumen, como era a Galicia do Bipartito para a mocidade. Unha Galicia cunhas taxas universitarias máis elevadas que a media nacional; unha Galicia cunha taxa de paro máis alta da nosa historia; unha Galicia coa taxa de abandono escolar do 26 por cento, un de cada catro; unha Galicia con menos axudas á emancipación; unha Galicia onde era cando máis mozos saían de Galicia, concretamente, no ano 2007, catorce mil mozos máis dos que entraron nese ano. Podería seguir así moito tempo falando da parálise que supuxo o Goberno bipartito para a mocidade galega, pero non me daría tempo nestes dez minutos. Eses tres anos, aínda que foron moi curtos, para a mocidade galego fixéronse moi longos. Por iso, o BNG conta con cada vez menos apoio por parte da mocidade galega.



En fin, fronte a esta oposición, que cando goberna é un desastre para Galicia, hai un Goberno do Partido Popular que sabe xestionar e que ao longo destes trece anos mellorou todos os datos no que se refire á mocidade. Somos conscientes de que aínda queda moito por facer, pero, señorías —como dicía antes—, a mocidade require de medidas transversais, medidas que no seu conxunto melloren as oportunidades para a mocidade. E é evidente que a mellor medida para axudar a mocidade é investir en políticas destinadas á incorporación da xente nova ao mercado laboral. E para un mellor acceso ao mercado laboral hai que partir dunha educación de calidade; jeh, señor do Partido socialista!, de calidade.

Evidentemente, canto mellor sexa a educación e a formación máis aumentan as posibilidades de conseguir un primeiro emprego de calidade. Galicia, ao longo destes trece anos, en educación deu un paso adiante, e non o digo eu, dino, por exemplo, Andreas Schleicher, coordinador do Programa PISA na OCDE, onde di que Galicia debe estar orgullosa de que, sen ser a rexión máis rica de Europa nin de España, dá a cada estudante unha formación moi sólida, e está sendo moi exitosa en pechar fendas sociais.

Como vemos, o sistema educativo galego está ao nivel dos mellores de Europa, o que fixo reducir en case dezaoto puntos a taxa de abandono escolar, (*Aplausos.*) porque a emancipación real pasa por unha formación de calidade, que permite máis oportunidades no mercado laboral. Outro exemplo disto é a formación profesional, onde hai 61.000 alumnos máis que no 2009, un 75 por cento máis, dos cales ao rematar a súa formación o 85 por cento terán unha inserción rápida no mercado laboral, e será do cen por cento se falamos de FP dual. Estes datos, xunto coa aposta da Xunta de Galicia por ter unha universidade máis accesible, coas taxas universitarias máis baratas de España, que é algo que incide directamente na economía da mocidade, permiten destacar que case a metade dos ocupados de entre 16 e 29 anos teñen unha titulación superior, seis puntos máis que no 2014.

Resulta evidente que a mocidade está optando por formarse cada vez máis antes de incorporarse ao mercado laboral. Un mercado laboral no que Galicia destaca como a comunidade autónoma co menor porcentaxe de parados de 30 anos con respecto ao total de desempregados e onde todos os datos laborais de Galicia melloraron ao longo destes últimos anos, dende a taxa de ocupación ata a taxa de actividade. Pero, evidentemente, hai que seguir falando de emprego e de políticas activas de mocidade.

Quero destacar aquí, por exemplo, o plan Emprega Xuventude, que inviste directamente 52 millóns de euros na mocidade e que beneficiarán a máis de dous mil mozos e mozas galegos.

Podemos destacar, ademais, que este investimento directo na mocidade nos últimos dez anos, neste período entre o 2012 e 2021, supuxo un investimento de 410 millóns de euros, que foron de forma directa a máis de trescentos trinta e un mil mozos e mozas galegas. Ou outros programas, como pode ser o Plan estratéxico de xuventude, que agrupa cento vinte e cinco medidas que ten en marcha neste momento a Xunta de Galicia para a mocidade, ou o Xuventude Mentoring, que favorece a transición laboral da mocidade.

E, por suposto, aínda que falamos moito de vivenda, hai que volver falar. Se atendemos aos datos do Consello da Xuventude, que depende do Goberno central, Galicia sitúase no grupo



de comunidades coa maior taxa de emancipación. Nos últimos tres anos podemos dicir que máis de dous mil cincocentos mozos se beneficiaron das políticas de vivenda da Xunta de Galicia, con programas como o bono alugueiro, o Plan de vivenda ou axudas para a compra de vivenda en municipios de menos de dez mil habitantes. E tamén hai que destacar unha medida pioneira —que xa comentabamos tamén onte—, que é a concesión de avais para a compra da primeira vivenda en propiedade por parte dos menores de 35 anos, onde a Xunta avala o 20 por cento dese préstamo hipotecario.

En definitiva, señorías, estamos a falar de programas que inciden directamente na emancipación da mocidade.

Señorías, estamos ante unha oposición convencida de que se á mocidade lle vai mal, a eles vailles ir ben, porque ao PSdG e ao BNG o que máis lles gusta da mocidade son os votos. E temos aquí moitos exemplos diso, como, por exemplo, o desta foto. (*O señor Pardo López amósalles aos membros da Cámara unha fotografía.*) Si, sei que se avergonzan dela. ¿Como para non? Miúdo golazo meteu o Partido Socialista. Pero neste Pacto de Ana e Adriana, ¿saben en que páxina aparecen as políticas de mocidade? (*Murmurios.*) Si, aparecen na páxina 10, (*O señor Pardo López amósalles aos membros da Cámara unha folla en branco.*) que é está en branco. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Está en branco, ¿por que? Neste pacto, que vendían como a solución para Galicia, para falar de mocidade non dedican nin unha soa palabra. Polo tanto, o PSOE e o BNG veñen aquí facer o que mellor se lles dá: o posturo; pero á hora da verdade para falar de mocidade a realidade é esta: unha folla en branco.

Sen ir máis lonxe, esta fin de semana o BNG vendía un acontecemento histórico, que non era outro que a reunión entre o Sinn Féin e a deputada sen fin desta Cámara, (*Murmurios.*) unha señora Pontón que ao longo destes case vinte anos ininterrompidos neste Parlamento ten grandes éxitos en facer política en contra da mocidade galega.

Podemos ver como non tivo ningún problema en votar a favor durante catro anos do Bipartito en subir as taxas á mocidade galega, unhas taxas que subiron durante o Bipartito un trece por cento. E, en cambio, leva trece anos —e os que lle quedan— botando en contra duns orzamentos que fixeron que Galicia tivese as taxas máis baratas de toda España. (*Aplausos.*)

Ou tamén podemos ver como a señora Pontón vén aquí de vez en cando falar dos problemas de emancipación. En cambio, estivo calada durante catro anos durante o Bipartito cando Galicia era a comunidade con peores datos de España en emancipación. Xa sei que no BNG son expertos en facer consignas, non tanto en consignar contas, e a súa hipocrisía é algo co que poden convivir perfectamente. Pero os galegos xa os coñecen porque son os mesmos do frontón de Riazor de hai corenta anos, (*Murmurios.*) eses que se dedican a repartir carnés de bos ou malos galegos, onde os bos galegos son só os independentistas. (*Murmurios.*)

Pero, señorías —e remato xa, presidente—, recordando que fronte a unha oposición convencida de que se á mocidade lle vai mal, a eles vailles ir ben, aquí hai un partido, o Partido Popular de Galicia, que seguirá traballando por unha xeración que xa é presente pero que sobre todo é futuro.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pardo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Eu quero comezar agradecendo o apoio do Partido Socialista a esta iniciativa do BNG. E quero continuar pedíndolle desculpas a toda mocidade que hoxe está aquí e á que nos pode ver polos medios de comunicación —¡ah!, non, que os medios de comunicación non entran nisto; ben, que nos poidan ver por internet ou por onde sexa— da falta de respecto que hoxe fixo aquí o señor Pardo á mocidade galega e á súa problemática. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Porque veu aquí facer chascarrillo sobre a oposición. Supoño que está preparando o novo concurso de *El club de la comedia*. Eu espero que teña moi boa sorte niso porque despois con isto vemos que aí non hai nada de nada. (*Aplausos.*)

Vostede vén aquí citar as relacións do BNG, que somos os mesmos de hai corenta anos e de mais. Claro, iso chámase «coherencia política», señor Pardo. E non creo que lle soe, pero chámase «coherencia política».

E por entrar na cuestión. Aquí temos un gran problema de sobrecualificación para os traballos que se están desempeñando; é así. E as taxas universitarias máis baixas de todo o Estado español foron cousa do Partido Popular de Galiza, ¿non? Pois o que deberan de saber vostedes é que non foi outra cousa que o traballo da autoorganización do estudantado en Erga, da que este ano se cumpren cincuenta anos, (*Risos.*) quen puxo o seu Goberno a baixar as taxas de todos os universitarios e universitarias deste país. (*Aplausos.*) A autoorganización da mocidade é a única que consegue que vostedes se dobreguen aos intereses do pobo galego e non aos intereses dos amigos e das oligarquías económicas. Esa é a cuestión. (*Aplausos.*)

Vén vostede aquí falar do Bipartito. Dato non trouxo ningún. (*Murmurios.*) Eu díxenlle datos de taxas de actividade, de fenda salarial; deille datos de temporalidade e de parcialidade da mocidade galega. Deille todos estes datos. Vostede aquí non veu traer nin un dato. Igual que a páxina en branco que vostede esgrimía aquí nese alarde de teatralidade que non vale nin para unha obra de teatro de primeiro de primaria. E veu aquí falar diso (*Murmurios.*) pero, sen embargo, non trouxo ningún dato, (*Murmurios.*) non trouxo absolutamente ningún dato. Eu tróuxenlle os datos de como empeora a situación da mocidade dende o ano 2009 ata o ano 2022. Vostede nin puido contestarme a ningún deses datos nin deu ningún outro de calado, ¿non os deu! ¿Sabe por que? Porque non os hai, os que lle venden a vostede non os hai.

Vostedes levan cunha política de facer que fan durante moitos anos. E vemos como desgraciadamente a inserción laboral da mocidade e incluso na FP —que vostede dicía os centros de FP dun 85 por cento de inserción laboral— o gran problema é que, segundo o Observatorio Galego de Xuventude —supoño que lle valen eses datos—, ¿que nos di dos contratos que asina a mocidade? Que máis do sesenta por cento son temporais, tanto a xornada completa como a xornada parcial. Igual que o 85 por cento da inserción laboral entra moi rápido no



mercado laboral, moi rápido e lárganos, porque aquí a mocidade galega non sabe onde vai traballar dentro de dous, tres, catro ou cinco meses. Ese é o gran problema, señor Pardo. (Aplausos.)

Vostedes o que queren son traballadores e traballadoras perfectamente cualificadas, caladiñas e que non digan absolutamente nada para que vostedes poidan seguir cos seus negocios e servindo aos intereses que serven á custa da mocidade galega. Un traballo, un emprego de calidade, un emprego estable, un emprego que permita desenvolver a nosa vida de forma autónoma, que nos permita ter un alugueiro, que nos permita ter capacidade adquisitiva e capacidade de aforro. Vemos como nestes trece anos —e vostede non tivo nin un só dato para desmentirme— nin un só dato para desmentirme este empobrecemento paulatino da mocidade galega. Non tivo a valentía de darme un só dato concreto, nin relativo nin absoluto, ningún dato me deu sobre isto.

Vaiamos ao informe do CES, por exemplo, que di vostede que o saldo migratorio positivo, que aquí entra máis xente da que sae, etc. O propio CES estalle dicindo á Xunta de Galiza, estalle tirando das orellas, de que non existen datos de emigración xuvenil suficientes para facer ningún tipo de estudo. ¿Onde están eses datos? Vostedes téñenos. ¿Por que non os dan? Porque saben que o que dicimos nós é verdade; é así. Saben que están condenando a mocidade galega á precariedade, mentres están sobrecualificados e sobrecualificadas, mentres están deixando o seu tempo e os seus cartos en prepararse mellor que ninguén para despois ter un salario e un emprego que non lles dá para ter unha vida minimamente autónoma nin un mínimo de futuro esperanzador.

A mocidade galega non pode permitirse o luxo de mantelos a vostedes máis no poder porque sabe perfectamente o que iso significa. E por iso, señor Pardo, sabe perfectamente que a mocidade galega non está con vostedes, sábeo perfectamente. A mocidade galega quere cambio, (Murmurios.) quere cambio a mocidade galega e a mocidade galega vai ter ese cambio por vía do BNG. (Aplausos.)

E sabe vostede perfectamente —porque llas dei eu persoalmente— cales son as políticas propostas polo BNG en materia de mocidade. Ten vostede no seu poder o Plan Galiza nova. Hoxe puido traelo aquí e puido lelo, puido velo e puido incluso —permitímosllo— copiar algunha iniciativa, a ver se lle vai ben á mocidade deste país. (Aplausos.) Porque con vostedes a mocidade deste país camiña cara á precariedade ou cara á emigración. (Aplausos.)

E nada máis, moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Agora saudamos os alumnos de segundo e terceiro da ESO do centro Cidade de Antioquía, de Xinzo de Limia, en Ourense. ¡Benvidos ao Parlamento! E tamén saudamos os seus profesores e a quen os acompañan.

Continuamos agora coa outra proposición non de lei.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un segundo parágrafo na parte resolutiva desta proposición non de lei:

«O Parlamento esíxelle á Xunta de Galiza que entregue de inmediato toda a documentación relativa a temas sanitarios solicitada polo artigo 9 do Regulamento do Parlamento, no que se establece un prazo máximo de 30 días para ser entregada.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día a todos os que nos acompañan dende a tribuna.

Hoxe presentamos esta iniciativa coa vontade dobre de plantexar algunha cuestión que cremos que debe ser resolta vía parlamentaria e tamén para debater sobre como facemos política ou como respectamos o Parlamento.

Dicimos que é dobre porque, en primeiro lugar, necesitamos coñecer o que sucede para facer un resumo que logo explicarei. Hai 159 millóns de euros —que iso non é pouco carto— nas contas galegas de 2020 que non se sabe en que se gastaron e que foron trasladados polo Goberno do Estado ao Goberno de Galicia en función de criterios sanitarios, porque no 2020 sufrimos unha pandemia na que os criterios sanitarios eran o prioritario. E eses 159 millóns de euros derivaron non se sabe onde, e aínda ninguén foi capaz de dar unha explicación. Por tanto, creo que o primeiro é ser capaz de coñecer onde derivaron. E esta é unha dúbida que ten o noso grupo parlamentario e que ten tamén o Consello de Contas en realidade, que trasladada a través dos seus informes a existencia dese baleiro de 159 millóns de euros.

Pero, en segundo lugar, tamén é unha iniciativa que trata de devolver un pouco de respecto a este Parlamento. ¿Por que devolverllo? Porque é certo que con respecto a este tema non estamos vendo moita dignidade parlamentaria nestes debates. Quérolles lembrar que despois de varias intervencións nas que numerosos membros do Goberno ou incluso deputados ou



deputadas do Partido Popular que interviñeron sobre esta cuestión —ata o de agora todos distintos, é certo, a ver se temos a sorte de hoxe repetir algún, que está ben—; algunhas máis afortunadas, algunhas menos afortunadas —que isto tamén está ben incluído—; algunhas con bastante malos comentarios sobre a oposición —que en realidade non era o obxectivo dos debates— e con certa variabilidade, e algúns intentos de explicacións bastante distantes entre si tamén. E, ao final aínda, non sabemos nada do que pasou con eses 159 millóns de euros.

E incluso tivemos que ver a situación na que un conselleiro deste Goberno, o conselleiro de Sanidade, nun día non afortunado en realidade, dixo aquí nesta tribuna, entre aplausos e vítores do Partido Popular: non lle vou responder a esa pregunta, e vostede pode preguntar o que queira, que non vai conseguir a resposta. E para nós isto merece unha reflexión, a reflexión sobre 159 millóns de euros do orzamento de Galicia que non se sabe onde están e que en realidade se aplaude ou hai grupos políticos que aplauden a quen presume de non dar a información. Como se un Parlamento fose o lugar precisamente onde hai que buscar o regate para non dar a información. Nós entendiamos outra cousa, que os parlamentos son os lugares onde dar explicacións, onde debater as cuestións.

E é certo que por aí parecíamos ter un acordo racional entre a cidadanía, o sistema político e as institucións; pero parece que agora se vitorea a aquel que di: non lle vou dar explicacións, e entre aplausos o Partido Popular considera que iso é unha gran maneira de facer política. Nós dende o maior respecto ás institucións non o compartimos. Por tanto, cremos que é necesario dar algún paso adiante e dar as explicacións.

Como lles digo, hai un problema. Imos dar os datos novamente porque, en realidade, parece que nunca se quere falar dos datos, e nós queremos falar destes datos. No ano 2020 o Goberno do Estado por mor da crise da covid aportou ás comunidades autónomas que teñen as súas competencias e que se estaban vendo moi afectadas pola situación que estabamos vivindo da pandemia un volume de cartos nada desdeñable, que en Galicia terminou por cifrarse aproximadamente arredor dos setecentos trinta e cinco millóns de euros. ¿O criterio para outorgalos? Establecéronse uns baremos de acordo coas comunidades autónomas sobre os criterios que se terían en conta. A partir diso, en función de criterios educativos, pola necesidade de axeitar o curso escolar, e empresariais e económicos, polos peches necesarios e o habilitamento do emprego, e fundamentalmente sanitarios, pola afectación que estaba tendo a pandemia en 2020 sobre o sistema sanitario, outorgáronse eses fondos.

Baixo criterios sanitarios, Galicia recibiu 418 millóns de euros en 2020; en 2021 recibiu outro tanto —non a mesma cantidade pero outra boa cantidade. ¿Que ocorre cando temos a Conta xeral de 2020 da Xunta de Galicia, é dicir, a execución da Xunta de Galicia e a conta pechada, é dicir, como se gastaron todos os cartos? Comprobamos que deses 418 que recibiu por criterios sanitarios hai 259 xustificados e 159 que non aparecen nas contas da Consellería de Sanidade ou que non se investiron en nada que teña que ver con sanidade.

A primeira resposta do Partido Popular foi defenderse da legalidade. Non hai ningún problema porque os fondos non sexan finalistas —é que ninguén dixo que fosen finalistas—. A



cuestión está en que se reciben por criterios sanitarios e, por tanto, non derivalos á cuestión sanitaria —que é legalmente posible— necesita dunha explicación política.

Basicamente, a única pregunta que está detrás de toda esta cuestión e que levamos facendo durante semanas e meses é: ¿que había en 2020 máis importante para que 159 millóns de euros recibidos por criterio sanitario fosen destinados a cuestións non sanitarias? Esta é a pregunta que nós trasladamos novamente.

Nós demandamos esta pregunta a través de preguntas parlamentarias, demandamos esta cuestión a través dalgunha PNL na que solicitamos a aprobación desta Cámara para que o Goberno fixese un informe sobre ese volume de diñeiro. Todo isto foi rexeitado —como lles dicía antes— con algunhas formas pouco edificantes, nalgún caso.

O que traemos hoxe é, por tanto, un penúltimo recurso que é demandar dos grupos que abramos neste Parlamento unha comisión de investigación para saber que pasou. Porque pode ser que o PP en realidade non estea respondendo porque non sabe onde están. Sería bastante preocupante. Pero imos aceptar tamén esa posibilidade estraña de que como non saben onde están non poden contestar. ¡Pois averigüemos onde están! As contas deben ser claras e entendemos que son claras.

Para o Consello de Contas tamén hai un problema aquí, porque non sabe onde están e tamén o quere saber e nós sumámonos a esa demanda. E, por tanto, o que plantexamos é: abramos un espazo de investigación neste Parlamento que nos habilite a poder facelo para saber que pasa con ese diñeiro. Repítolles: 159 millóns de euros. Con 159 millóns non lle vou repetir que se pode contratar en termos de persoal, que volume de tecnoloxía se pode incorporar ou que infraestruturas se poden sumar ao sistema sanitario. Eu creo que sería bastante sinxelo, pero creo que é xa de coñecemento xeral o importante que pode ser unha contía como esta.

Porque nós o que reivindicamos é o dereito a saber que foi deses cartos e entenderíamos estraño que ninguén quixera saber que foi deles. Igual é que o Partido Popular sabe que foi deles e non o quere contar. Esa tamén é outra opción. ¡Nós queremos saber porque logo pasan as cousas que pasan!

Voulles dar máis datos. En 2020, a diferenza entre o orzado e o executado na Consellería de Sanidade, é dicir, o que a Consellería de Sanidade tivo que pedir doutras consellerías, ¡doutras consellerías!, é dicir, tirar diñeiro doutras consellerías para que non executaran os seus programas e executar na Consellería de Sanidade foi aproximadamente trescentos corenta e catro millóns de euros, ¡trescentos corenta e catro millóns de euros! Cento cincuenta e nove derivounos a non se sabe onde ou llos quitaron, polo que tivo que coller trescentos corenta e catro doutras consellerías.

Este cambalache de andar movendo os cartos dun lado para outro cando existían, a verdade é que é unha chapuzada. Pero, é máis, en 2022, a propia Xunta de Galicia deixou sen gastar trescentos millóns en obras para cubrir pagos sanitarios. ¿Por que? Porque parece que o control económico da Consellería de Sanidade é de todo menos claro e limpo. E, por tanto, nós o que demandamos é saber que ocorre e a onde se derivan os cartos, cando si que facían falta



eses cartos, porque logo houbo que andar retirándolle cartos a outras consellerías como a do Mar para programas de formación, á Consellería de Educación sobre comedores escolares, a Cultura sobre melloras de bibliotecas públicas... E ¿para que? Para cubrir aquilo que tiñamos cartos destinados polo Estado, pero que a Xunta destinou a outra cousa. ¿A que destinaron eses cartos? E, por tanto, houbo que retirar doutros lugares. Isto é o que vostedes trasladan.

E o problema é que as chapuzadas fanse en millóns de euros. Xa non estamos entrando en que se gastan os euros. Ese é un debate dos orzamentos para sanidade, porque ese é para outro orzamento — lembren que en sanidade este ano hai máis prazas para sacerdotes que para médicos novos, por se queren saber en que se gasta o orzamento de sanidade—.

Pero nós o que demandamos é que non ocorra como cos gastos covid en educación, que se destinaron para algo tan importante contra a covid como cambiar cubertas de edificios. Isto é para o que se destinaron. E en sanidade xa nin para iso, xa os destinaron noutro lugar.

Por tanto, nós demandamos saber que ocorre. E isto lévanos a aquela vella reflexión, un problema moi coñecido de que cando alguén debe un euro ten un problema, pero cando debe millóns de euros o problema teno outro. Vostedes quitáronlle 159 millóns de euros á Consellería de Sanidade en 2020 e queremos saber para que. Esta é a única pregunta: para que os quitaron e que era máis importante para vostedes en 2020 que o sistema sanitario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego de dona Monserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Moi bo día.

Antes de máis, quero dicir que o BNG vai votar a favor desta proposición non de lei que presenta hoxe aquí o Partido Socialista, non porque defendamos —nin moitísimo menos— que o Estado é un ente benefactor que manda cartos —e manda cartos porque é o Estado quen recada— nin porque defendamos que eses fondos sexan finalistas e que sexa o Estado quen decida que se debe facer con el. Nós defendemos que as decisións a respecto de como se invisten os recursos en Galiza se deben facer desde Galiza.

Mais, imos votar a favor de que se deite luz e taquígrafos a respecto de como se invisten os recursos. E imos votar a favor porque o BNG xa ten demandado en máis ocasións saber como se destinan eses recursos.

E, a verdade, do que se trata é de que hai un elefante na habitación do que Partido Popular pretende desviar cara a cuestións técnicas o que é unha práctica constante e permanente de como se usan os recursos públicos, de como se invisten eses recursos públicos e o que fai



continuamente para que sexa case imposible facer unha fiscalización deses recursos públicos. Empezando polo órgano independente, que é o Consello de Contas, que leva denunciando un ano si e outro tamén a dificultade que ten para facer a fiscalización das contas da Consellería de Sanidade, fundamentalmente, das contas do Sergas. A dificultade que ten de facer ese seguimento porque o sistema contable do Sergas non está homologado ao sistema contable do conxunto da Administración. Algo que realmente nos parece increíble e parécenos increíble que as advertencias continuas do Consello de Contas de que non se faga esa homoxeneización e que o Sergas teña o mesmo sistema contable que permita facer ese seguimento. E a pesares de que é reiterada esa petición, resulta que o Partido Popular non fai esa modificación.

O Partido Popular que —como xa teño dito— inviste millóns e millóns de euros en cuestións tecnolóxicas e parece que habilitar esa homologación non está na súa axenda. A conclusión é que se hai unha advertencia continua dun órgano como é o Consello de Contas de que se faga e o Partido Popular non o fai, será porque está moi cómodo nesa opacidade continua que dificulte poder facer seguimento das contas do Sergas. Porque se non, non ten absolutamente ningunha explicación. É evidente que non é un problema técnico insalvable, nin moitísimo menos. É unha decisión política de poñer todas as dificultades para facer ese seguimento.

¿E iso que significa? O conselleiro leva desde que presentaron os orzamentos dicindo que hai unha aposta pola sanidade porque o 40 % do orzamento da Xunta de Galiza vai destinado a sanidade. Se seguimos unha liña argumental resulta que practicamente o 40 % —porque a inmensa maioría do orzamento de sanidade o xestiona o Sergas— do orzamento da Xunta está instalado na opacidade e non lle é posible ao Consello de Contas facer un seguimento dos mesmos. Porque esa é a conclusión á que temos que chegar.

A seguinte cuestión e motivo de preocupación por parte do BNG é que non pode fiscalizar o Consello de Contas nin pode fiscalizar este Parlamento as contas do Sergas nin a actuación política e as decisións que toma o Partido Popular na Xunta de Galiza.

Primeira cuestión, o artigo 9, que é ese recurso que temos os grupos parlamentarios para solicitar información á Xunta de Galiza como son datos, informes ou documentos que ten no seu poder. Para poder facer un seguimento das accións do Goberno, xa que o Regulamento do Parlamento nese artigo 9 di que teñen un prazo de 30 días para facilitar esa información e que de non facelo ten que ser fundamentado en razóns que o impidan. E encontrámonos con que ano tras ano, lexislatura tras lexislatura, o Partido Popular non facilita a información que se solicita polo artigo 9. Pero, non é que non a solicite no prazo de 30 días e que poida ser en 60. Directamente, non a facilita e como xa ten denunciado o BNG a través do noso deputado Daniel Castro, hai moito dese artigo 9, é dicir, o 75 % non se contestan, moitos deles nesta lexislatura levan setecentos e pico días sen contestar, nin hai expectativas de que se contesten.

É evidente que hai unha decisión deliberada por parte do Partido Popular de estar instalado nese escurantismo e que non poidamos fiscalizar como se invisten eses cartos. Un Partido Popular que se nega a que o Consello de Contas investigue os contratos adxudicados a Eulen



e digo a Eulen onde a delegada para o norte da Península é Micaela Núñez Feixóo — sóanos de algo ese apelido, Micaela Núñez Feixóo— e opóñense sistematicamente a que se investiguen. (*Murmurios.*) ¿Por que será? Se non teñen nada que ocultar, por que impiden que se saiba cantos contratos, como e en que condicións se lle adxudican a Eulen. (*Aplausos.*) ¡É así de sinxelo!

Igual que se ten oposto o Partido Popular á petición do BNG neste Parlamento a respecto de que se investiguen todas as adxudicacións tramitadas polo sistema de urxencias durante a pandemia, que significa ningún tipo de tramitación e adxudicacións a dedo. E que hai informes de organismos dicindo que foron millóns de euros usados por ese mecanismo de urxencia dun xeito que a lei o permite, pero non ten ningunha xustificación.

E por iso presentamos unha emenda a esta iniciativa do Partido Socialista, a respecto de exixirlle á Xunta que de inmediato facilite a información solicitada polo artigo 9, neste caso, relativa á sanidade —porque estamos falando de sanidade— e que leva sen entregar. Parece que é tremendo que desde aquí haxa que vir exixir que a Xunta cumpra o regulamento. ¡É tremendo!

Unha dificultade que se nos pon continuamente aos grupos políticos, por exemplo, para facer un seguimento do orzamento. E vou poñer un exemplo: dos orzamentos da Xunta do ano 2009 e do ano 2008 cando as partidas destinadas a familias e institucións sen ánimo de lucro viñan desglosadas e viñan para a Asociación de familiares de Alzheimer, para a Federación de familiares enfermos mentais, para convenios coa Fundación Proxecto Home, para o Programa de prevención do alcoholismo, é dicir, con nomes e apelidos, como é normal.

¿Que fai nos orzamentos de Sanidade o Partido Popular agora sistematicamente —e estou convencida que nos outros igual—? Familias e institucións sen fins de lucro, catro millóns. ¿Por que non temos dereito a saber a quen se refire exactamente cada partida e cada convenio, igual que co tema dos concellos? ¿Por que van nunhas partidas conxuntas ou noutras desglosadas en orzamento, pero non sabemos a quen van? Para que non poidamos facer esa fiscalización e seguimento de como destina o Partido Popular os cartos públicos, a quen e de que xeito. ¡Isto é continuo! Igual que é continuo ese escurantismo ou ese bordear a legalidade que fai nos orzamentos a respecto, por exemplo, do fondo de continxencias.

Este luns chegaba á Mesa do Parlamento a información de que o Consello da Xunta en setembro autorizou a disposición do fondo de continxencia da Consellería de Sanidade de, por un lado, 22.735.000 euros que está na partida de atención hospitalaria e cinco millóns e medio que está na partida de atención primaria.

O tremendo disto é que son cartos e piden autorización para destinalos a cuestións de remuneracións básicas. ¿Legalmente, é posible? Xa o temos dito aquí. Hai un fondo de continxencias, pero o fondo de continxencias debería ir destinado a cuestións extraordinarias. Pagar ao persoal eventual non debería ser unha cuestión extraordinaria, debería estar planificado. ¿Por que non o fai a Xunta de Galicia? ¿Por que non o fai o Partido Popular? Porque deste xeito presenta unha foto dos orzamentos que logo non se corresponde coa realidade. Non parece realmente de recibo que esas retribucións básicas de persoal temporal —esa



partida 31— vaian canalizadas a través do fondo de continxencia, tendo, ademais, a cuestión de que isto se repite continuamente.

Poderíamos seguir aquí falando da opacidade e do escurantismo do Partido Popular sobre como xestiona os fondos públicos e en como fai toda unha enxeñería para que dificilmente se poidan seguir esas contas. Polo tanto, imos votar a favor desta iniciativa que presenta o Partido Socialista, igual que temos traído aquí peticións de que se deite luz e taquígrafos a respecto do uso de fondos covid e de como se xestiona o Parlamento, independentemente ou non de que acepte a nosa emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Quenda do Grupo Popular.

Ten a palabra don José Manuel Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Dende este grupo, temos o máximo respecto polo traballo dos profesionais do Consello de Contas de Galicia, órgano independente para o control das contas do sector público de Galicia. Por iso, aumentamos as súas competencias por lei e estudamos en profundidade os seus informes. Porque precisamente estudar en profundidade os seus informes é respectar este Parlamento e o traballo dos que representamos aos galegos.

Dende este grupo, temos tamén o máximo respecto polo traballo dos grupos parlamentarios da oposición porque teñen todo o dereito a coñecer a través dos informes do Consello de Contas o destino de cada euro público investido pola Xunta de Galicia, polas deputacións e polos concellos de Galicia. Por iso, sorpréndeme un pouco a intervención do señor Torrado e da señora Prado porque parece que descoñecen —e se o descoñecen estamos aquí para dicirlllo— que hai unha proposta do Grupo Parlamentario Socialista que pasou pola comisión para relacións do Consello de Contas do 27 de outubro de 2020, que era unha emenda presentada e elaborada precisamente polo Grupo Parlamentario Socialista para introducir unha recomendación ao plan de traballo do Consello de Contas, concretamente, a recomendación número 8, que di textualmente: «O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre o destino dos ingresos recibidos do Estado para sanidade e educación debidos á xestión da pandemia da covid-19».

Primeira conclusión. O seu grupo, señor Torrado, falaba correctamente, naquel momento, de que o destino dos gastos eran educación e sanidade, e como toda a súa interpretación trata de levala aquí. Vexo que non o entenden, pero tratarei de darlles algún dato máis.



Segunda conclusión. Ocultación, non fiscalización e escurantismo e esa recomendación saíu adiante por unanimidade. Non lle vou facer cálculos parlamentarios, pero entenderán que saíu por unanimidade porque a votou favorablemente o grupo maioritario e porque nós non temos nada que esconder. Nós queremos que se fiscalicen todos os recursos públicos dos galegos. E, froito desa recomendación, o Consello de Contas fixo o seu traballo e presentounos un informe de 97 páxinas. A isto chámasele dereito a saber, fiscalización e transparencia.

Terceira conclusión, se mo permiten. Creo que o que traen vostedes aquí, despois de que aceptáramos a súa emenda para fiscalizar os datos e despois de que trouxera isto mesmo ao pleno como interpelación, como moción e agora como proposición non de lei, é máis unha estratexia de márketing e de crear pantasma que de buscar a verdade. Porque vén aquí á tribuna do Parlamento repetir o mesmo por terceira vez e nós imos tratar de explicarllo por terceira vez.

Ademais, se mo permiten, creo que están retorcendo o Regulamento do Parlamento e vou explicar porque utilizo a palabra retorcer. Utilízoa porque non utiliza o procedemento establecido para unha comisión de investigación —supoño que repararía o artigo 52 do Regulamento—. A calquera membro do Parlamento lle custa entender un pouco —e creo que isto só ten unha explicación— que vostedes teñan 14 deputados e non cheguen á quinta parte de representación do Parlamento para instar o procedemento para a comisión de investigación, nin tampouco faláron co grupo do lado para presentala xuntos, como di o Regulamento. Creo que deberían de reflexionar un pouco sobre se o que están facendo é bo, incluso para o seu propio grupo.

En todo caso, non atopará nas nosas palabras reproches nin enfrontamentos, senón que atopará datos. Tampouco vai atopar, señor Torrado, descualificacións persoais como as que fixo vostede aproveitando o turno de peche na súa intervención anterior. Pode vostede volver facelo, pero non as atopará dende este grupo porque eu teño aprendido que a confianza dun representante público gáñase cada día ao longo do tempo e pérdese nun minuto. Por iso, eu prefiro seguir traballando con argumentos, con propostas, con datos e substituíndo os argumentarios do partido pola lectura das palabras textuais do máximo órgano de fiscalización das contas de Galicia, o Consello de Contas, sobre os obxectivos do informe recollidos na páxina 12: «verificar os ingresos procedentes do Fondo covid que se destinen a financiar as necesidades orzamentarias derivadas da crise ocasionada pola pandemia, financiamento dun maior gasto sanitario e educativo, alcance e xestión orzamentaria dos fondos recibidos». Por iso, tamén me preocupa que no seu labor de oposición pretendan cruzar a raia de poñer en dúbida o que di o Consello de Contas ou o que dixo a señora Prado de tratar de ocultar e de entorpecer.

Non vou falar eu. Lean o que di a páxina 16 do informe, como calquera informe de auditoría. Non o digo eu, dío o Consello de Contas de Galicia: «As tarefas de fiscalización desenvolvéronse sen limitacións que afectaran de forma substancial á consecución dos obxectivos establecidos para as mesmas». O parágrafo seguinte di: «Tanto o responsable da intervención xeral da comunidade autónoma da Consellería de Facenda como o seu persoal prestaron a colaboración requirida para a correcta execución dos traballos». Creo que isto enténdese tan ben que non fai falta nin interpretar nin sobre actuar.



E é interesante o que di o informe sobre a repartición dos fondos: «Na distribución dos recursos do tramo 1 do Fondo covid-19 a pesar de que por poboación protexida equivalente Galicia ocupa a quinta posición dentro das comunidades autónomas co 6,90 %, a súa participación viuse reducida a sétima posición cun 4,82». Supoño que este dato non nos parece ben a ningún dos que estamos aquí, sobre todo, se aquí do que se trata é de que estes son cartos regalados por Pedro Sánchez e o importante é a medallita e non que se utilizaran correctamente.

En todo caso, señor Torrado, é de segundo de economía política. Unha cousa son os criterios de repartición —isto creo que é moi interesante para a xestión pública— e outra cousa moi distinta é a finalidade do gasto. Lea ben o informe.

Señora Prado, non sei se dicírllo, pero é de primeiro de xestión pública. Non é enxeñería o fondo de continxencia. Vostede supoño que movería algunha partida cando tivo responsabilidades de goberno. E iso non é enxeñería. Iso é xestión e adaptación do presuposto ás necesidades reais de cada momento e para iso están os gobernos, que despois son fiscalizados.

Para rematar, ¿que di o informe do Consello de Contas e non, señor Torrado, o que vostede quería que dixera? Páxina 26 e léolle textualmente, de verdade, porque creo que se entende moi ben: «Non existe unha obriga de destinar unha determinada cantidade a sanidade. A única condicionalidade é que a fin do gasto ocasionado sexa ocasionado por esta enfermidade».

Tamén lle pregunto, señor Torrado, ¿cre vostede que a intervención delegada da Consellería de Sanidade ou a intervención xeral da Xunta de Galicia permitiría que se desviarán fondos públicos destinados a sanidade para outras finalidades? Xa digo, non llo pregunto do Goberno, preguntollo das persoas e dos técnicos que ten a Xunta de Galicia encargados da fiscalización interna. Por iso, imos tamén refrescarlle algo máis do que di textualmente o informe nas páxinas 25, 73 e 93 e creo que vou darlle contestación, aínda que pode traelo por cuarta vez, se quere.

«Existen 93,7 millóns de euros ocasionados pola covid, executados pola Xunta de Galicia e non imputados ao Fondo covid. Os recursos dos fondos covid foron aplicados na súa totalidade». Isto dío o Consello de Contas textualmente. Supoño que entende vostede o que significa aplicados. O total de gasto executado na covid —e isto é moi importante, supoño que vostede sabe as fases de gasto, a de OP— foron 611 millóns de euros, por riba dos 517 recibidos, ¡611 gastados e 517 recibidos!

O que non di o informe, de verdade, é que faltan 159 millóns. Eu dígolle que me diga en que páxina o Consello de Contas de Galicia di que faltan 159 millóns de euros porque llo escoitei ao novo Consello de Contas, escoiteillo a un deputado da Deputación da Coruña... Supoño que tamén haberá que fiscalizar porque o 58 % do orzamento de substitución queda sen gastar ou o orzamento destinado a gastos de márketing on line. Eu creo que estamos aquí para construír e facer cousas serias. Por iso, señor Torrado, con toda humildade, creo que debemos de deixar o márketing, de alimentar pantasma onde soamente —como di o informe— hai xestión responsable...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: ...porque, señor Torrado, de verdade, de ver tantos pantasma acabará véndoos ao seu lado, e nada peor, señor Torrado, que ver un fantasma na casa.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Para o peche, queda para o autor da proposición.

Ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio manifestado polo BNG e compartir que nin o Goberno é benefactor —viñeron os fondos, é o único que dicimos— nin que as decisións non se teñan que tomar en Galicia, xa que precisamente nós compartimos iso.

O que queremos saber é cales foron as decisións e, por suposto, imos aceptar a emenda.

Señor Rey Varela, vou ver se son capaz de explicalo todo; en primeiro lugar, o das faltas de respecto que vostede menciona. Eu non sei como considera vostede dicirle a alguén, como dixo o outro día... A verdade é que estaba recuperando as frases do outro día, pero, despois diso, xa me deixou vostede hoxe bastantes perlas: vostede non sabe, vostede non se entera, voullo explicar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai moito profesor nesta clase. *(Murmurios.)* Non se preocupe, se doutores hai máis, ¡eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, doutores hai máis. Tampouco fai falta presumir, ¡eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Tampouco fai falta presumir! Non se preocupe, señor Puy, eu téñolle respecto cando fala. Polo que vexo, xa intentou falar disto e falou mal, pero, cando vostede fala, eu escóitoo. *(Murmurios.)* ¿Vale?

Entón, ademais da falta de respecto, eu podería sentenciar este debate cunha cousa. Vostede leu que o Consello de Contas di que non tivo ningún impedimento... ¿Sabe o que fixo? Cortar a frase á metade. Porque xusto despois diso... *(Murmurios.)* Perdoe, xusto despois diso —porque xa llo expliquei ao conselleiro—, di: «a excepción de...», e cita este caso.

Ben, di vostede que non, e digo eu que si. Se quere, facemos unha cousa: se é así, vostede dimite. *(Murmurios.)* ¡Eh!, ¿facemos iso? Igual non, igual non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah! Porque eu lle vou dicir unha cousa: podemos discutir dos datos o que queira, pero tratar de minusvalorar a outro, pretender ser algo máis —e isto xa non o digo só por vostede— ou pretender que cando un sabe dun tema os demais non poden falar del —e isto non o digo por vostede— é moi perigoso, porque, entón, atribúese un o poder da verdade. Vostede incumpriu unha parte da frase aí, que a evitou, que é a que di isto. Porque si, o informe do Consello de Contas di, efectivamente, iso, que faltan eses cartos, porque a comparativa coa Conta xeral di que faltan eses cartos. Vostede veu aquí explicarme —é que eu xa



o contei na primeira intervención, na primeira da anterior, pero parece ser que vostede, como vén coa réplica lida, tampouco ten ese momento para cambialo— e di que eu confundo os criterios de repartición... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En fin, vou evitar os insultos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Mellor é escoitar.

O señor TORRADO QUINTELA: Di que eu confundo os criterios de repartición coa finalidade. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Estaba preguntando. Imos centrar un pouco isto. Deixémoslle ao señor Torrado que remate a súa intervención e, se deixan de interromper, acabará en tempo, seguro.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señora presidenta. A ver se a vostede lle fan caso.

Din que eu confundo os criterios de repartición coa finalidade. Eu expliqueille dende o principio, señor Rey Varela, que non é unha cuestión de legalidade. Non é unha cuestión diso, pero díxeno dende o principio, dende sempre. Vostedes estanse defendendo da legalidade, vostedes deféndense de facer ilegalidades cos cartos. Non lles estamos falando da legalidade dos cartos. *Excusatio non petita...* Nós o que lles estamos dicindo é: sendo legal —que é o que vostedes argumentan que fixeron, e non lle imos poñer ese pero agora—, o que queremos saber é en que se gastaron. ¿En que se gastaron? ¡Se é unha cuestión de criterio político! ¿En que se gastaron? Que non foi segundo a súa Conta xeral. E vostede dime: ¿vostede cre que se gastaron en cousas que non tiñan que ver co efecto da covid? *(O señor Torrado Quintela le un documento.)* Gasto covid en educación: as cubertas do CEIP Alborada, do CEIP Salgado Torres, do CEIP San Pedro de Visma, do CEIP A Doblada, do CEIP Espiñeira, do CEIP Nazaret, do CEIP Igrexa-Valadares, do CEIP do Progreso e do IES A Sangriña van cargadas a gasto covid. Claro que gastan en cousas que non deben.

Se o problema é que vostedes fixeron cos cartos o que lles petou. Só estamos preguntando a onde foron. Pero, xa que vostede quere datos, eu déixollos á presidenta, por se llelos quere facilitar. *(O señor Torrado Quintela entrégalle un documento á presidenta.)* Son extractos da Conta xeral da Xunta de Galicia. Non hai problema. O que pasa é que eses que en educación están e din esas cousas, que se gastaron onde non debían, en sanidade non están. Faltan 159 millóns por xustificar.

Fíxese, vostedes deron un montón de explicacións, pero a directora xeral de Orzamentos recoñeceu neste Parlamento que eses 159 non foron a sanidade nin a educación. Entre outras cousas, empezou a falar de pagos de facturas, de amortización de débeda... A amortización de débeda... Non, non se estrañe, señor Puy, díxoo a directora xeral de Orzamentos do seu goberno. ¡Do seu goberno! Dixo que se utilizaron para iso. E iso é o que a nós nos sorprende. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Entón, veu a directora xeral de Orzamentos de Galicia a falar dos orzamentos de Aragón. ¡Fantástico! Esta é a explicación.



Señor Puy, non se altere, por favor. ¡Se eu lle pido que non se altere! Eu entendo que estea molesto, pero é que nós tamén, e demandamos explicación. Vostede igual a ten e non lle gusta. Pero nós o que demandamos é a explicación. Foise gastar a débeda. ¿Amortizouse a débeda con gasto sanitario ou non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿En Aragón? Pois en Aragón... Non... Páseme o informe.

Está moi ben ser capaz de debater... Eu onte escoitaba como dende a Presidencia se lle alertaba a alguén da oposición de que non podía falar porque non estaba no debate. Aquí non pode falar ninguén que non estea no debate, salvo o señor Puy, que é o dono do cortello. Este é o problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero eu estou no debate, señor Puy. E vostedes teñen que explicar por que. ¡159 millóns...! Claro que viñemos moitas veces preguntar. ¿E sabe cal é o problema? Que cando alguén pasa seis ou sete veces sen explicar a onde foron os cartos é que hai un problema con eses cartos. E nós o que demandamos é saber a onde foron eses cartos. A vostedes parécelles moi ben que 159 millóns de euros non se expliquen, parécelles moi ben. Incluso considerarán que son vostedes moi listos e que poden vostedes dar clases. Poderán vostedes dar todas as clases do mundo, pero hai unha cuestión coas clases: que hai algúns tipos de clases que non se dan. Téñense ou non se teñen.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Torrado.

Proposición non de lei do G. P. Popular Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e catroce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei non se presentou ningunha emenda.

Para formulala ten a palabra dona Marta Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Hoxe o Grupo Parlamentario Popular trae ao pleno da Cámara galega unha iniciativa, na nosa opinión, vital, de moita importancia, sobre todo no momento de crise enerxética que estamos a sufrir en España —a peor dende os anos setenta—, que está asfixiando a familias, empresas e industrias.

A orixe desta crise enerxética está fundamentalmente na escalada do prezo da luz que comezou hai máis ano. Pois quero recordar que este mesmo día do ano 2021 o prezo da luz era exactamente de 276 euros o megavatio/hora. Pero igualmente hai que destacar que a invasión de Rusia en Ucraína fixo que se batesen todos os récords, chegando a acadarse os 575 euros o megavatio/hora, concretamente o 8 de marzo de 2022.



E doulles estes datos do prezo da luz porque ultimamente neste Parlamento non se escoita falar dun desorbitado prezo da luz. Se fosen outros os que gobernasen en Madrid, seguro que en cada pleno desta Cámara ou en cada comisión escoitaríamos falar do tema, pero non é así. E é que aínda que, señorías, o prezo da luz baixou algo, pois o prezo medio durante o mes de outubro foi de 164 euros, coincidirán comigo en que segue a ser moi elevado. Todos puidemos observar como o prezo da luz foi máis baixo o pasado mes de outubro, sendo un dos principais motivos da baixada do prezo o incremento da xeración de enerxías renovables, que conseguiu baixar a demanda de gas para a xeración de enerxía.

A contribución de Galicia á xeración de enerxía renovable ao mix enerxético español é fundamental. No ano 2021 Galicia aportou o 14,8 % da xeración renovable en España, ocupando o segundo lugar tras Castela-León. E este lugar non se acada por casualidade, é o froito do traballo e da colaboración público-privada no sector eólico instalado en Galicia, impulsado en gran medida polo Goberno da Xunta de Galicia.

A enerxía eólica, señorías, leva instalada máis de tres décadas de historia na nosa comunidade; tres décadas de convivencia pacífica que fixeron que Galicia sexa a segunda comunidade que máis enerxía renovable xerou, superando algúns dos obxectivos establecidos para o 2030 polo Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030, como son os da enerxía renovable no consumo de enerxía final e os de xeración de enerxía eléctrica.

Galicia apostou sempre —mal que lles pese, señorías— por un modelo eólico garantista, sustentable e respectuoso co territorio. En Galicia temos un Plan sectorial eólico aprobado e referendado pola Unión Europea que define onde se poden ou non colocar aeroxeradores. E a tramitación de calquera parque eólico pasa, ademais, pola avaliación ambiental ordinaria, que é a máis garantista e que consta, ademais, de doce informes sectoriais.

Voulles dar un dato, señorías. Nos dous últimos anos os diferentes organismos e departamentos da Xunta de Galicia emitiron máis de 2.400 informes en relación con proxectos eólicos, tal e como exige a lei. Galicia conta co 77,5 % do seu territorio blindado fronte á instalación de parques eólicos pola súa importancia medioambiental e paisaxística Rede Natura, pero agora, no resto do territorio, señorías, si podemos ser quen de avanzar e de conseguir instalar enerxía renovable, sobre todo polo contexto enerxético actual. O impulso das enerxías renovables resulta ser un asunto prioritario e estratéxico para evitar escenarios de dependencia, como pode ser, no caso de España, o do gas, e así poder reducir os elevados custos que está a soportar a cidadanía e a industria do noso país.

E por iso Galicia si leva feitos os deberes, aprobando medidas de axilización administrativa plasmadas na Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais e na de reactivación económica, con total respecto ás garantías legais, técnicas e ambientais que a normativa estatal e autonómica ofrecen tanto aos promotores como á sociedade.

Pero esta planificación levada a cabo polo Goberno da Xunta de Galicia viuse condicionada pola total desplanificación dun goberno de España cuxa política de transición enerxética desordenada, inxusta e claramente ideolóxica do Goberno central non foi capaz de prever as consecuencias sobre a industria, as pemes, os autónomos e as familias. O peche anticipado



das térmicas, máis de quince anos antes, e agora temos que ver como, obrigados, as volveron ter que reabrir, e o posicionamento recente en contra de alargar a permanencia das centrais nucleares en servizo na actualidade en España deixa a España altamente dependente do gas, mentres non se acada a suficiente enerxía renovable e o seu almacenamento.

Outro exemplo desta improvisación continuou coa publicación do Real decreto lei 23/2020, que foi unha decisión, señorías, unilateral do Goberno central e que non responde a ningún tipo de imposición derivada dunha directiva europea. Esta decisión do Goberno de España, señorías, provocou que as solicitudes de eólicos se multiplicasen por 9, un 838 %. De feito, supuxo a presentación de 144 novas solicitudes de tramitación de parques eólicos cunha potencia asociada de 4.095,30 megavatios e cuns prazos moi xustos para a súa tramitación, dada a actitude do Goberno de ordeno e mando que caracteriza o Goberno de España e que sistematicamente se nega a dialogar e a consensuar as medidas coas comunidades autónomas.

A consecuencia desta decisión improvisada, señorías, é que actualmente hai 125 proxectos que poden perder o seu permiso de conexión e de acceso, e isto, señorías, son máis de 3.500 megavatios, o que supón practicamente o total de potencia eólica instalada en Galicia.

A pesar desas trabas, a Xunta de Galicia apostou pola tramitación destes proxectos cun importante reforzo de persoal e con medidas legislativas que axilizaban os procedementos; pero, iso si, cumprindo e mantendo todas as garantías medioambientais e de participación pública, que son as vixentes na lei.

O Goberno da Xunta de Galicia está a favor de axilizar a tramitación dos proxectos eólicos, claro que si, pero sempre analizando as condicións medioambientais, e resulta, señorías, bastante incomprendible como a oposición en Galicia se opuxo ás leis de axilización administrativa, mentres en España vota si a axilizar proxectos, incluso saltando todas as garantías medioambientais.

Entre as modificacións legislativas postas en marcha pola Xunta de Galicia están a de promover a asociación destes parques coa industria galega, de modo, señorías, que se lle asegure un prezo competitivo da enerxía ao tecido industrial, conseguindo deste modo tamén unha prioridade de despacho. E é que esta é a única solución que se ve dende o Goberno galego para dar resposta ás empresas altamente consumidoras de enerxía, que levan anos abandonadas polo Goberno de España.

Ademais, a Xunta de Galicia habilitou a figura das excepcionalidades para permitir que parques que teñan unha función vertebradora no territorio, polo seu impacto social e territorial, poidan ser tramitados fóra das áreas de desenvolvemento eólico. E entre estas excepcionalidades están as de dous parques eólicos vinculados á planta de Showa Denko, na Coruña, ou as de tres parques eólicos vinculados a Alcoa, cuxas declaracións de excepcionalidade polo Consello da Xunta se realizaron ás poucas semanas de ter o expediente completo.

Co fin de non perder o arduo traballo administrativo desenvolvido estes dous últimos anos —como dicía, os técnicos da Xunta teñen elaborado máis de 2.400 informes sobre proxectos



eólicos—, a Xunta opta por aclarar, vía Lei de medidas, que se poderán seguir tramitando os expedientes ata o momento inmediatamente anterior á autorización, xa que en ningún caso pode concederse, señorías, unha autorización administrativa se non ten o proxecto punto de acceso ou conexión, porque isto está así definido na lexislación —escoiten, señorías do Partido Socialista— básica estatal, e a Xunta de Galicia, como non pode ser doutra maneira, ten que respectala. E ademais tamén se procederá á devolución dos avais depositados ante a Administración autonómica, xa que non considera que sexa responsabilidade do promotor.

Resulta, pois, sorprendente que os socialistas galegos, que ata hai dous días se opoñían a todo parque eólico instalado que se quixese instalar en Galicia, agora pidan axilidade na tramitación á Xunta de Galicia, cando, señorías, votaron vostedes aquí que non a todas estas modificacións lexislativas neste mesmo Parlamento para axilizar proxectos industriais tanto eólicos como doutro tipo. Pero —como dicía— a Xunta de Galicia como administración responsable ten que cumprir coa lexislación en materia de enerxía eólica, e a tramitación, señorías, é a que é. E aínda que se tramiten de forma máis áxil vanse seguir sometendo a tramitación ambiental e con plenas garantías.

Polo tanto, resulta imprescindible que o Goberno central, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, promova unha nova ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 que lles permita saír adiante a aqueles proxectos ben deseñados, traballados e positivos para Galicia para que poidan ser aprobados con todas as garantías xurídicas, técnicas e medioambientais.

Por iso, señorías, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos hoxe neste Parlamento unha proposición de lei que di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España unha ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables que proporcionen oportunidades para mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas e a competitividade da industria galega».

E, sen máis, señorías, remato. Agardo que o Partido Socialista galego sexa máis receptivo que a ministra Teresa Ribera onte, sobre todo porque a súa decisión, coa aprobación deste real decreto, foi a causante do aluvión de proxectos eólicos que temos na nosa comunidade.

Agardo que hoxe vostedes repensen o apoio a esta iniciativa, sobre todo, como lles dicía ao principio, no contexto enerxético actual, pois é máis que necesario.

Nada máis pola miña parte, e agardo o seu voto favorable. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Saudamos agora os alumnos de sexto de primaria do centro de Sobrada, en Tomiño (Pontevedra). Benvidos ao Parlamento a todos e aos seus acompañantes.

E agora continuamos co debate.



Correspóndelle a intervención ao Grupo Parlamentario Socialista, e para iso ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Tamén quero, dende o noso Grupo Socialista, saudar os alumnos e os profesores do centro... ¿dixo de Sobrado?

O señor PRESIDENTE: De Tomiño.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...de Tomiño. ¡Ah!, perdón. Benvidos por estar hoxe aquí e espero que sexa unha boa experiencia.

A verdade é que a situación, despois do debate de onte, no que se puxo de manifesto a anulación e esas paralizacións cautelares de varios parques na nosa comunidade por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia —como lle recordaba antes, a anulación da repotenciación do parque eólico do Roncudo, en Corme; a paralización cautelar do parque eólico de Campelo, nos termos municipais de Coristanco e Santa Comba; a paralización cautelar do parque eólico de Bustelo, que afecta os concellos de Carballo e de Coristanco; con toda probabilidade vai acontecer o mesmo co do monte Toural, e veremos se non hai máis—, pois é unha situación debida fundamentalmente a que a Xunta de Galicia emprega a utilidade pública nos proxectos segundo lle conveña, cando as razóns desta anulación e destas paralizacións cautelares —xa o dicíamos antes— son precisamente que os prazos para a consulta pública sobre o impacto ambiental deberían de ser 30 días, e non 15, como foron, que estes carecían dos informes sectoriais e que parece ser que nestes tres últimos hai unha fragmentación dos parques. Claro, isto supón que sexa a Xunta de Galicia quen ten que autorizalos e non o Estado, como acontece con aqueles parques que suman máis de 50 megavatios. E aínda máis, señora Nóvoa, é que o Supremo anulou definitivamente a autorización do parque eólico na serra do Oribio, situado nos municipios de Samos e Triacastela, ratificando unha sentenza de decembro de 2020, porque a declaración de impacto ambiental sobre a que se sustentaba era de hai catorce anos; é dicir, do 2005.

Pois hoxe o Partido Popular tráenos unha PNL que, no segundo parágrafo da súa exposición de motivos —e tal como vostede, señora Nóvoa, acaba de manifestar e lernos—, di: «En Galicia apostouse sempre por un modelo eólico ordenado, garantista, sustentable e respectuoso co noso territorio, respectando medidas de axilidade administrativa e co respecto por todas as garantías ambientais, legais e técnicas que as normativas estatal e autonómica ofrecen» —*fin de la cita*—. A verdade é que esta é unha clara mostra máis desa hipocrisía política empregada unha e outra vez polo Partido Popular tanto na Xunta de Galicia como neste Parlamento.

É que vostedes nin tan sequera se poñen colorados, e seguen a dicir que a Xunta de Galicia é o maior garante do medio ambiente, que non sairá ningunha autorización dun parque sen exposición pública e que non sairá ningunha autorización sen informes sectoriais. E xustifican a tardanza na tramitación en, precisamente, ter esas garantías das que vostede nos falaba e que son, precisamente, a causa pola que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,



primeiro, as anula e, noutros casos, pois fai unha paralización cautelara. Non o fan os socialistas de Galicia.

A verdade é que vostedes, o Partido Popular, son soamente garantes daquilo que lles convén. E a realidade é que o retraso que levan na resolución de expedientes que teñen para a súa tramitación débese fundamentalmente á incapacidade da Xunta de Galicia para dar solución a sectores estratéxicos do noso país, como é o sector enerxético.

Mire, señora Nóvoa, onte recordabamos tamén que para a Xunta de Galicia a planificación do sector estratéxico foron, durante os anos 2018 a 2020, unhas directrices enerxéticas de Galicia que eran dúas follas. E agora levan dous anos sen que coñezamos esa axenda enerxética de Galicia 20-30 que vostedes anuncian en moitos foros, anuncian neste Parlamento, pero que no día de hoxe descoñecemos. Polo tanto, vostedes non teñen plan, non teñen estratexia e non teñen a axenda sobre un sector tan fundamental para Galicia como é o sector enerxético.

Onto mesmo o presidente da Xunta de Galicia e o vicepresidente primeiro estiveron en Madrid entrevistándose coa ministra de Transición Ecolóxica, e as primeiras declaracións que aparecen hoxe en todos os xornais e que escoitabamos onte do presidente Rueda dicían que había unha clara colaboración. Hoxe os medios anuncian: «*Goberno e Xunta coordinaranse para axilizar os parques eólicos de Galicia*»; cuestión da que os socialistas nos alegramos e coa que estamos totalmente de acordo.

Creemos tamén que é unha boa nova o anuncio dese aval do Goberno para o impulso desas plataformas experimentais en Galicia para desenvolver a enerxía eólica mariña. Esperamos realmente que o presidente Rueda e o vicepresidente primeiro non inicien xa hoxe as súas queixas, as súas protestas e os seus choros; eses aos que nos teñen acostumados cada día queixándose de calquera cuestión, de calquera medida que saia do Goberno do Estado. O que lle pedimos á Xunta de Galicia é que poña xa a maquinaria de todo o Goberno galego a traballar porque Galicia non se pode permitir perder esta oportunidade.

Non podemos quedar unha vez máis no vagón de cola por culpa da ineficacia da Xunta de Galicia, que perde o tempo en protestar e non o gaña en traballar. Pedímoslle unha vez máis ao Goberno galego que exerza as súas competencias para traballar por e para Galicia no canto de estar sentados esperando e buscando cales son os culpables.

Recórdolle, señora Nóvoa —aínda que vostede tamén o dicía na súa intervención—, que a Xunta de Galicia ten 126 expedientes, que supoñen uns 3.500 megavatios en proxectos de parques eólicos en tramitación. Máis de 2.300 deses veñen dende o concurso do Partido Popular tras a anulación do Bipartito. E volvemos preguntarlle á Xunta de Galicia: dende o 2010, ¿non tiveron tempo para tramitar todos estes proxectos coas garantías necesarias? Aínda que tamén é verdade —e recordáballelo onte— que cando teñen interese tamén o aproban en tempo expés.

Pois os socialistas consideramos que hai que integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, e recuperar ese potencial industrial que tivemos no pasado, que



perdemos grazas á inactividade da Xunta de Galicia durante os trece anos do Goberno do señor Núñez Feijóo e que nada fai prever que co señor Rueda vaiamos mellorar.

A potencia total instalada en Galicia no día de hoxe non chega a 4.000 megavatios, pero é que a que se instalou nos anos do 2010 ao 2022 —é dicir, mentres leva gobernando o Partido Popular na Xunta de Galicia de forma ininterrompida— non chega aos 800 megavatios. Estamos nun momento clave para a transición enerxética, cunha oportunidade histórica dos fondos europeos Next Generation, polo que a implantación da enerxía eólica debера ser unha prioridade para a Xunta de Galicia que nos permitise volver ser líderes mundiais neste sector, aproveitando as nosas potencialidades. Temos un recurso abundante, temos o coñecemento, temos a capacidade e a experiencia necesarias para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción de infraestruturas. Por iso, non será posible se o Goberno galego non aposta xa firmemente pola implantación dunha enerxía eólica ordenada no noso territorio que facilite o despregamento de nova potencia renovable que nos posicione como rexión estratéxica e pioneira na descarbonización total do seu sistema económico, que permita as sinerxías de desenvolvemento industrial que faciliten novas rendas e postos de traballo sostibles e que respecte as demandas sociais cunha axeitada protección do medio ambiente, dos medios agrario e forestal, do patrimonio rural e cunha plena integración nas novas iniciativas no desenvolvemento rural.

Vostedes saben que hai uns días a empresa Maersk acaba de anunciar o seu interese por impulsar a produción de hidróxeno verde e biocombustible en dúas zonas portuarias, en Galicia e en Andalucía, para descarbonizar a industria naval. Ese mesmo día, o día 4 —é dicir, hai cinco días—, asinábase un protocolo entre o Goberno central e a empresa cun megaproxecto para facer no país un *hub* mundial coa participación de socios privados que pode chegar ata os 10.000 millóns de euros. É unha cuestión na que o presidente do Goberno tivo moito que ver, e é un proxecto que vai obrigar a case duplicar a potencia eólica instalada en Galicia; un proxecto que vai precisar duns catro xigavatios, polo que parecería razoable que a metade correspondesen a Galicia. Por iso lle pedimos a este Goberno da Xunta de Galicia que se poña a traballar e que se deixe de estar protestando.

Se a Xunta de Galicia non axiliza ao máximo a tramitación dos expedientes administrativos pendentes, vostede acaba de poñer de manifesto que o 23 de xaneiro caducarán eses puntos de conexión previstos para un centenar de proxectos de construción de novos parques eólicos, que sumarán 2.300 megavatios de potencia instalada. Levan vostedes ano e medio, con nove meses de prórroga que o Goberno do Estado lles deu, e deulles a oportunidade para que aquelas empresas que non tiñan probabilidades de cumprir eses requisitos renunciásen e recuperásen ese aval.

Os socialistas volvémoslle preguntar á Xunta de Galicia —preguntámosllo xa ao vicepresidente primeiro o día 5 de outubro e hoxe volvémosllo preguntar—: ¿que medidas vai tomar a Xunta de Galicia ante esta situación? Recórdolle a resposta do vicepresidente primeiro: foi turururururú. Non houbo ningunha resposta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pero mire, señora Nóvoa —remato xa, señor presidente—, nesta iniciativa vostedes piden unha nova prórroga. Os socialistas somos totalmente críticos



coa forma de desenvolver o sector eólico sen ese plan e sen esa axenda por parte da Xunta de Galicia. Pero os socialistas galegos somos responsables e, polo tanto, imos votar a favor desta nova prórroga que pide a Xunta de Galicia. Estaremos expectantes para ver como traballan, que van facer e que proxectos van sacar durante todo este tempo. Tempo tiveron, señora Nóvoa, no que non fixeron nada, e esperemos que non sexa a mesma tónica a que van ter nesta nova prórroga....,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que esperemos que o Goberno do Estado nos conceda.

Pola nosa banda, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Nóvoa, *hace falta valor*. Esta é a banda sonora desta iniciativa. *Hace falta valor* para vir aquí, con todo o que está caendo, e co que leva caendo todos estes anos, traernos esta iniciativa. E, ademais, eu teño unha curiosidade, de verdade: ¿quen lle redactou este texto? ¿Pode pasarme o teléfono? (*Murmurios.*) ¿Pode pasarme o teléfono?

O señor PRESIDENTE: Silencio...

O señor BARÁ TORRES: Tranquila, señora Prado, que vostede non está no debate.

¡É que realmente nin que llo redactara o seu peor inimigo! E imos facer a deconstrución do texto parágrafo por parágrafo.

Mire, primeiro: «En Galicia apostouse sempre» —recalco, «sempre» — «por un modelo eólico ordenado, garantista, sustentable e respectuoso co noso territorio». Ben este «sempre» débese referir tamén a esa etapa tenebrosa que houbo neste país, onde tamén se apostou por un desenvolvemento ordenado, garantista e sustentable. Pero é que é difícil xuntar tantas inexactitudes xuntas. Porque ¿como poden vostedes falar dun sistema e dun modelo garantista e ordenado cando onte lle demostramos que vostedes levaron este país á maior parálise eólica da súa historia durante oito anos? (*Aplausos.*) Parálise absoluta, responsabilidade da Xunta do Partido Popular e do Goberno central do Partido Popular. ¿Ou non se acordan vostedes do señor Rajoy, do primo do señor Rajoy e doutro señor que se chamaba Soria —que non sei que intereses tiña en Panamá—, que foi o impulsor dunha reforma do sector eléctrico que levou a esta parálise eólica de moitos anos e que explica moitas das cousas que están pasando? Entón, ¿como poden vostedes falar disto, cando prometeron 13.000 millóns de euros, 2.300 megavatios, desenvolvemento do sector e desenvolveron 200? ¿Isto é desenvolvemento ordenado? Isto é un fiasco absoluto. Polo tanto, en fin, non están vostedes para dar leccións.



E despois o que fixeron vostedes, a partir do ano 2017, é establecer a barra libre e facer un efecto chamada que tamén explica moitas das cousas que están pasando, cando traspuxeron a Lei do sector eólico do 2013 a Galiza e abriron a porta a esa tramitación exprés, que non foi tal tramitación exprés e que levou despois ao que tamén contamos onte de toda a marabunta de sentenzas xudiciais que lles están caendo por esas declaracións de interese especial e redución de prazos á metade, que agora os tribunais de xustiza están dicindo que eran ilegais. Polo tanto, de garantista, absolutamente nada. O que temos é unha avalancha de proxectos ao abeiro dunha gran burbulla promovida tamén por directivas e por liñas impulsadas desde Europa nese gran pacto verde, nese «gran green» —ía dicir *green team*, pero non é un *green team* o Pacto verde europeo—... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Unha auténtica chantaxe e unha auténtica estafa, que levou a isto.

Mire, isto é o que está pasando: «*Fondos y grandes fortunas españolas logran plusvalías millonarias con el boom de las renovables*». (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) Isto é o que está en xogo nisto da caducidade dos prazos. Despois explicareino.

Pero imos ao texto, á análise do texto: «...compaxinando medidas de axilidade administrativa co respecto por todas as garantías ambientais». Isto é para nota. «Compaxinando medidas de axilidade administrativa co respecto por todas as garantías ambientais». ¿Refírense vostedes a isto, señora Nóvoa? (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) ¿Estas son as garantías ambientais?, ¿aprobar un parque eólico cunha DIA caducada en Rede Natura e provocar esta desfeita nun espazo que está protexido? ¿Estas son as súas garantías ambientais? Isto é depredación, isto é ecocidio, e teñen vostedes —xa lles dixemos— que poñer os medios para reparar este desastre ambiental.

¿É tamén garantía ambiental vulnerar unha directiva comunitaria e a Lei de avaliación ambiental, reducindo os prazos á metade de maneira ilegal e furtando a capacidade de participación e de información pública da cidadanía? ¿Iso son garantías ambientais? É que lles debía caer a cara de vergoña ao poñer isto nun papel.

Seguimos co texto: «O desenvolvemento da enerxía eólica terrestre viuse condicionada polos prazos establecidos polo Goberno central no Real decreto lei 23/2020, que establece a obrigatoriedade de que os promotores acrediten o cumprimento duns determinados feitos administrativos». Ben, pero isto tampouco é certo, porque vostedes ocultan que a primeira vez que se puxeron datas de caducidade e prazos de caducidade foi precisamente na Lei do sector eólico do ano 2013 —de novo o señor Soria—, que estableceu un prazo de cinco anos de caducidade dos permisos de conexión que remataba no ano 2018 e que non se cumpriu. ¿Por que? Porque había 60.000 megavatios en tramitación por esta avalancha, por este efecto chamada, por esta burbulla eólica, pola grande especulación de oportunistas de todo tipo que se apuntaron a este sector porque tiñan unhas marxes de rendibilidade estratosféricas. E aí están os fondos de investimento e está a banca poñendo diñeiro, porque esperan sacar uns grandes lucros, como vimos tamén nos resultados das enerxéticas nestes anos, a custa da factura que pagamos todos nós, familias e empresas, todos os meses. E sendo Galicia excedentaria na produción da enerxía e sendo unha potencia na produción de renovables, pagamos a factura da luz máis cara. ¿Como se chama isto? Isto é unha auténtica estafa. É unha estafa perpetrada polos gobernos centrais —polo dous— e por vostedes, especialmente coa Lei do sector eléctrico do ano 2013.



Pero é que levamos xa catro prórrogas deses prazos. No ano 2018 estableceuse, aprobouse unha prórroga. Como non se cumprían os prazos dos dereitos de conexión con toda esa acumulación de megavatios que estaban tramitándose, o Goberno central aproba unha prórroga, que dixeron que era excepcional e por unha única vez, que ía ata o ano 2020. No ano 2020 xa había moitos máis megavatios acumulados por este efecto chamada e por esta barra libre, que vostedes tamén impulsaron. Entón, aproban unha nova prórroga ata finais do ano 2021. Cando remata o ano 2021, hai unha campaña de presión e aproban unha nova prórroga ata finais do ano 2022, principios do 2023. E agora estamos outra vez na chantaxe para aprobar unha nova prórroga. Levamos catro prórrogas. Este non é un problema de prórrogas, este é un problema de modelo. ¡É un problema de modelo!, que é unha auténtica estafa, como lle demostrarei, porque vostedes están promovendo un sistema que leva ao enriquecemento multimillonario de grandes empresas, ás que vostedes lles poñen a alfombra vermella —como lla puxeron a Greenalia, e tamén o demostramos aquí— para unha factura que temos que pagar a prezo de ouro, cando somos un país excedentario. Polo tanto, esta é a auténtica realidade. E son verdades como puños.

Polo tanto, o problema é o dun modelo que é unha estafa, un modelo que é liberalizador, que é especulador, e é un modelo que levan vostedes dez anos alimentando.

E miren, xa para rematar, a traca final: o temor dos promotores a perder os permisos de acceso á conexión despois destas catro ou cinco prórrogas que levamos en cinco anos, por incumplir os prazos, por facer mal as cousas e por este efecto chamada; polo atoamento absoluto que hai na tramitación de proxectos. Porque se substituíu un sistema que era moito máis ordenado, que era o das poxas —onde saían a concurso poñamos 2.000 megavatios e resolvíanse—, por un sistema, na Lei do sector eléctrico do 2013, de barra libre: o primeiro que chegue. E vanse acumulando solicitudes, novas solicitudes, novas solicitudes, e hai que tramitalas todas. Esa é a verdadeira causa da situación na que estamos agora. É que non se resolve, por moitos atallos que poñan, porque hai un atoamento absoluto. Por moitos intereses especiais que poñan, por moitos intereses prioritarios e estratéxicos que poñan, non se resolve.

Pero, miren, a traca final: «O temor dos promotores a perder os dereitos de acceso e conexión derivou na presentación» —jollo!, isto é para nota— «dun gran número de proxectos sen o grao de detalle e estudos que este tipo de actuacións requiren». É dicir, están recoñecendo vostedes que é unha auténtica chapuza o que están facendo estes oportunistas, estes especuladores, que vostedes alimentaron e que están permitindo. «Xerando unha gran alarma social e o rexeitamento dunha tecnoloxía que ata ese momento dispoñía dun consenso maioritario».

Están facendo vostedes aquí unha perfecta descrición do *far west*, que vostedes crearon, da burbulla que vostedes alimentaron, da estafa que vostedes permitiron coa presentación destas auténticas chapuzas. Pero é a súa responsabilidade principal, e dos dous gobernos do Estado, en todo caso.

Por iso, claro, eu viña hoxe cun certo espírito —non sei— *happy flower*, despois de ver esta foto de onte (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) deste novo idilio entre Rueda e a mi-



nistra Ribera, con estas miradas cómplices que se ven na fotografía. Vostedes non sei se a ven desde aí, pero a min paréceme que hai certa química. Entón, claro, eu pensei que... Di aquí: «Gobierno y Xunta se coordinarán para agilizar los proyectos eólicos de Galicia». (*Murmurios.*) Pensei que xa había un perfecto enchufe aí, unha conexión profunda, intensa... (*Murmurios.*) (*O señor presidente diríxelle unhas palabras ao señor Bará Torres que non se perciben.*) —si— e que estaba todo xa en vías de solución. Por iso, non sei se van vostedes retirar esta iniciativa.

En todo caso, o BNG non vai participar nin en chantaxes nin en cambalaches nin no gran casino eólico que teñen montado a Xunta do Partido Popular e todos os que son cómplices desta estafa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Bo día de novo, señorías.

Señor Bará, eu entendo que a vostede, sendo licenciado en Historia —non teño nada en contra dos licenciados en Historia— lle teñan que escribir... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) —dá igual, en Filoloxía— ...a vostede... (*Murmurios.*) a súa intervención, señor Bará. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, mire, mire, os que estudamos unha enxeñería... (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...na universidade pública, polo menos ata o momento que eu estudei, tiñamos varias asignaturas de enerxía. Entón, mire, señor Bará, a min non me teñen que escribir ningún tipo de intervención; (*Aplausos.*) nin intervención, nin iniciativa. Son bastante capaz, señor Bará, para facelo eu soa. E voullo demostrar.

O que ocorre aquí co Bloque Nacionalista Galego é que cada vez que vén falar do sector eólico queda retratado. Onte viña aquí e pedía un pacto; un pacto pola eólica que me fai ata rir, señor Bará. Mire, vostede representa un grupo que, no que levamos de lexislatura, leva presentado neste Parlamento 25 iniciativas, señorías —¡25 iniciativas!—, en dous anos, en contra do sector eólico e solicitando a paralización de calquera parque eólico ou, señor Bará, a paralización do sector eólico en Galicia. ¿Pero que me vén vostede falar a min de parálise se o BNG quere que se paralice calquera iniciativa eólica en Galicia? (*Aplausos.*)

Mire, señor Bará, o sector eólico claro que está liberalizado —si, si—, e calquera promotor pode presentar un proxecto de enerxía renovable. Nós imos defender a todos os promotores que presenten proxectos en Galicia. Si, a todos, a todas as grandes empresas, ás grandes, ás pequenas e sexan de quen sexan. Vostedes están en contra de calquera empresa que se quere instalar en Galicia. Si, señor Bará. (*Aplausos.*)



O que ocorre aquí é que, miren, despois, cando gobernan —e agora voulles mostrar unha foto, porque agora que o BNG está volvendo ao neoquintanismo aquel, coa súa visita a Inditex, pois isto é o que fai cando gobernan— (*A señora Nóvoa Iglesias amosa unha fotografía.*), reúnese no iate o señor Quintana (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) con Jacinto Rey —¡claro!— para adxudicarlle o parque eólico. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) (*A señora Nóvoa Iglesias amosa unha fotografía.*) Esta, esta é a forma de adxudicar aos amigos. ¡Esta! O señor Jacinto Rey e o señor Quintana. Pero, bueno... (*Murmurios.*) Eu sinto, señor Bará, que non poida volver falar. Porque é que a vostede a americana que pon a señora Pontón lle cae a vostede cando sobe a esta tribuna. ¡Cáelle a vostede a americana, señor Bará! (*Aplausos.*)

Mire, non pode vir aquí dicir que quere que a Xunta non instale parques eólicos. Pero, ¿pódese ser máis incoherente? Vostedes están detrás de cada plataforma que se crea. Porque miren, señorías, creáronse 250 plataformas que son practicamente as mesmas plataformas que proxectos eólicos hai agora mesmo en tramitación. Vostedes son os que orixinan a creación das plataformas en contra do sector eólico. O único que queren é unha revolta social, e este grupo quere paz social, como ata o de agora, trinta anos de convivencia. (*Aplausos.*) Si, señoría, e van ter que cambiar, porque quedan sós, señor Bará; quedan sós nesa postura anti-eólica. E un ecoloxismo de pancarta... É que mesmo calquera ecoloxista, calquera grupo ecoloxista razoable —non dos que orixinan vostedes—, está en contra do que din vostedes. Pero, ¿pódese ser ecoloxista e non defender as enerxías renovables? ¡Señor Bará, vaia á escola, de verdade, á escola do ecoloxismo, que lle fai falta! (*Aplausos.*)

Mire, señora Rodríguez Rumbo, eu agradezo de verdade —e este grupo agradece de verdade— que se vaia posicionar a favor desta iniciativa. Estánolo pedindo, obviamente, o sector, e nós, a Xunta de Galicia, levamos feito moito. A Xunta leva contratado un reforzo importante de persoal, pero a tramitación é a que é. Eu reto a calquera de votedes a que veñan dicir aquí que comunidade autónoma é capaz de aprobar un parque eólico en menos de dous anos. ¡É moi difícil!, ¡é moi difícil!, sobre todo co que está evolucionando a tecnoloxía e coa complicada tramitación ambiental que hai que seguir en cada proxecto deste tipo. Como lle dicía, téñense feito máis de 2.400 informes sectoriais nos últimos anos, nos últimos dous anos, relacionados con parques eólicos. Este real decreto provocou un aluvión de proxectos, e aí están, 144 proxectos que entraron dun golpe e que, ao mellor, se non se puña unha data de caducidade, non entrarían, e entraron. Eu, polo menos, agardo que vostedes apoiem esta iniciativa e tamén agardo que insistan en Madrid para que a señora Ribera reconsidere a postura que onte facía pública tras a reunión co presidente Rueda.

O presidente Rueda ía con todo o ánimo de colaboración, e nesa ansia de colaboración, solicitoulle esta ampliación de prazo. Agardo que vostedes, que poden intermediar, fagan o posible por que se amplíe, porque é necesario e porque moitos dos proxectos que están aí son os que van subministrar enerxía a Alcoa ou a outras empresas que se queren instalar en Galicia e que necesitan un prezo da enerxía competitivo, sobre todo no momento de crise enerxética que estamos vivindo.

Eu o que si lle diría é que lera mellor a iniciativa de onte. Aprobaron unha iniciativa do BNG na que o punto 6 e o punto 7 falan de paralizar o sector. Nós, este grupo, acepta as sentenzas



xudiciais, non como outros grupos, que non as aceptan. Este grupo si as acepta. A realidade é a que é. Eu insisto en que agardo e agradezo que se separen da radicalidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...do BNG. Quedan sós, señor Bará. Eu creo que debería repensar a súa posición, que supoño que o están facendo e supoño que o farán, porque onte deu aquí unha viraxe... Decía que eu non estaba preparada. Eu estou preparada para falar do eólico con vostede cando queira, señor Bará, cando queira; no momento que queira e cando vostede queira.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Agora, este grupo vai seguir na mesma liña e son vostedes —un BNG cada vez máis rancio— os que teñen que cambiar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e dez deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno central para demandarlle que:

- 1. Declare a máxima prioridade e interese da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto, impulse decididamente a súa tramitación e defina no prazo máis breve posíbel o trazado e os proxectos.*
- 2. Se coordine co goberno portugués para acordar o cronograma, o trazado e o financiamento do tren de alta velocidade Vigo-Porto, co obxectivo de conectar as dúas cidades en 2030 na contorna de unha hora.*
- 3. Inclúa nos orzamentos de 2023 e seguintes as partidas necesarias para axilizar a construción da saída sur de Vigo e do resto do novo trazado da conexión ferroviaria de alta velocidade entre Vigo e Porto.*
- 4. Acorde co goberno portugués as seguintes melloras inmediatas na actual liña de tren Vigo-Porto:*



- *Entrada en funcionamento de trens eléctricos, que permtrían reducir o tempo da viaxe e son moito máis sustentábeis.*

- *Ampliación progresiva dos dous servizos actuais, co obxecto de incrementar a oferta e polo tanto tamén a demanda e o uso da liña.*

- *Recuperación e ampliación da conexión Vigo-Valença.*

- *Promoción de prezos coa ampliación durante 2023 da oferta da viaxe Vigo Porto a 5,25 euros, a realización de campañas promocionais a prezos superreducidos, e a oferta de abonos semanais/mensuais para persoas usuarias habituais que permitan abaratar o prezo.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Señorías, o impulso do tren de alta velocidade Vigo-Porto dado polo Goberno de Portugal, cunha data de inicio para as obras, é unha boa noticia para Galicia, e foi unha boa noticia cando se presentou, pero non tanto a postura do Goberno de España, porque o procedemento e as partidas consignadas nos orzamentos dos últimos anos e incluso a prevista para o ano 2023 non invitan ao optimismo. O ideal sería que a infraestrutura avanzase de xeito paralelo, a ambos os lados da fronteira, e estivese lista en 2030, pero, polo que parece, polo que vemos, non é así e non vai ser así.

O Goberno galego leva moito tempo requiríndolle ao Goberno central que estableza unha planificación completa de obras e investimentos para desenvolver as actuacións e os orzamentos necesarios para acometer a saída ferroviaria principiada pola saída sur de Vigo. O Goberno galego tamén leva moito tempo pedíndolle ao Goberno de España que defina o plan director do corredor atlántico e que aproveite a oportunidade única que suporá a inclusión de Galicia no trazado do corredor atlántico europeo e o acceso ao financiamento europeo para impulsar esta infraestrutura.

Temos a oportunidade única dos fondos Next Generation; temos que aproveitálos para dar pasos adiante nesa conexión, que é unha demanda histórica de Galicia e do norte de Portugal, e deberíamos estar no Goberno de España na mesma liña que o Goberno de Portugal.

A saída sur de Vigo permitiría multiplicar a competitividade do porto de Vigo, fortalecería a eurorrexión e posibilitaría acurtar o tempo de viaxe entre as dúas cidades, Vigo e Porto, en 22 minutos no lado da parte española, da parte galega. Sería un primeiro paso no obxectivo dunha conexión completa en alta velocidade entre Vigo e Porto que reduciría o percorrido dende as dúas horas e vinte minutos actuais ata menos dunha hora, sen esquecer a reclamación —tamén moi importante— do actual tren Celta, que precisa melloras para que conte con boas condicións e mellores frecuencias.



É obvio que a relación con Portugal ten unha importancia estratéxica para Galicia que nós coñecemos moi ben aquí en todos os ámbitos polas súas potencialidades económicas e sociais. Ademais do fluxo de persoas entre os dous territorios que captaría o tren de alta velocidade, a modernización das conexións ferroviarias faría posible converter a Galicia nun nodo internacional do transporte de mercadorías no noroeste peninsular conectado con América por mar e tamén co propio país de Portugal.

Nós sabemos, como digo, a importancia que supón e, polo tanto, sería unha desgraza absoluta para esta comunidade autónoma descartar a posibilidade que se plantexa e a continuidade do AVE pola parte galega dende Lisboa ata Vigo, ata Santiago e, polo tanto, ata Coruña.

Como saben, acaba de celebrarse un importante cumio ibérico. Aquí está o acordo (*A señora Egerique Mosquera amosa un documento.*) —imaxino que vostedes tamén o terán—. Son 13 páxinas, e Galicia ocupa media liña. Polo tanto, se en 13 páxinas dun documento, que é un acordo entre Portugal e España, Galicia ocupa media liña, iso di moito dun goberno socialista de España.

Ese cumio celebrado o pasado 4 de novembro en Viana do Castelo era un momento idóneo para que o Goberno de España, o propio presidente Sánchez, se comprometese co tren de alta velocidade transfronteirizo coa mesma intensidade que o Goberno portugués, e sería ideal, ademais, que puidese adaptar as obras na parte galega ao ritmo das actuacións anunciadas en Portugal, pero non foi así.

O resultado dese encontro para Galicia foi decepcionante, absolutamente decepcionante, e o presidente Sánchez deixou claro que avanzar nesta infraestrutura non é un asunto do seu interese, nin é prioritario na súa acción de goberno. O único que escoitamos foi un compromiso de palabra. Viuse obrigado a falar deste tema, ademais, porque el non quería, pero nada de feitos ou de realidades. Neste acordo, insisto, non hai ningunha realidade.

Quedou claro que mentres para o Goberno portugués e para o Goberno de Galicia o AVE Vigo-Porto si é unha prioridade, non o considera así o Goberno de España e, insisto, é algo que lamentamos e consideramos absolutamente decepcionante.

A pesar desas declaracións e da posterior maquillaxe do encontro que pretenden facer dende o Ministerio de Transportes con artigos da ministra, con artigos da propia secretaria de Estado de Transportes, a realidade é que non vimos a mesma implicación, insisto, do Goberno español no tren Vigo-Porto-Lisboa que a que manifesta e demostra —iso é importante, que o demostra— o Executivo luso. ¿E como o fai? Faino con proxectos, faino con cartos e faino con prazos. E xa, ademais, nun momento antes da realización e da celebración deste cumio.

O que precisamos os galegos é que ese compromiso se faga realidade cunha planificación completa de obras e de investimentos para desenvolver no territorio español a alta velocidade con Portugal, e diso non falou o Goberno de España nese cumio nin lle deixou falar a Galicia, porque nin tan sequera contou coas comunidades autónomas transfronteirizas. Eu falo aquí de Galicia porque é importante; ademais, Viana do Castelo está a 50 quilómetros de aquí; é dicir, que xa por deferencia unha invitación ao Goberno galego sería o mínimo que tería que facer. Pero, para falar de acordos, ademais, e de temas importantes entre Es-



paña e Portugal, tamén os presidentes ou representantes das comunidades autónomas de Estremadura, de Andalucía ou de Castela-León poderían estar presentes nese cumio.

O único que temos agora é unha partida insignificante, 29.900 euros previstos nos presupostos xerais do Estado de 2023 e cero euros de investimento nos próximos exercicios. Isto é negro sobre branco, isto é un papel. (*A señora Egerique Mosquera amosa un papel.*) Este é o único compromiso que existe.

E, polo tanto, neste caso, eses escasos 30.000 euros, e eses cero compromisos plurianuais que permiten avanzar nunha infraestrutura estratéxica co norte de Portugal son o único que temos. Así que temos que ser firmes e concretos e dicir que por moito que haxa maquillaxe nos medios, por moito que se queira falar, por moito que se queira aparentar, a realidade está aquí e, polo tanto, o demais é papel mollado. Hai un interese e unhas prioridades por parte do Goberno de España que non pasan por aí.

Desde que Sánchez chegou á Moncloa, Galicia viuse abocada a un abismo, cunha cascada de decisións moi negativas para o noso territorio, para o noso desenvolvemento, para o nosa comunidade autónoma: desprezo nos orzamentos, maltrato nas leis e nos decretos leis, ameazas a moitos sectores importantes de desenvolvemento en Galicia, ameazas con certas declaracións e ás veces presenza de autoridades ou representantes do Goberno español.

Temos o Goberno veciño como aliado, temos os fondos Next Generation ao noso dispor, ou iso parece, pero temos un presidente do Goberno que lle dá as costas a Galicia, que non conta con Galicia e que, neste caso, despreza e insulta a Galicia e aos galegos, e cada día vémolos máis, porque ese ataque despiadado do Goberno de España a Alberto Núñez Feijóo moitas veces deixa entrever o insulto permanente do Goberno de España aos galegos e a Galicia.

E, para mostra, esta declaración conxunta tamén entre España e Portugal. No artigo 25 do capítulo di: «*Proseguir la aplicación de la Estrategia común de desarrollo fronterizo*». Non hai nin unha soa alusión a Galicia. Neste caso, falan dun montón de factores que podemos compartir, pero falan de Puebla de Sanabria, de Zamora, de Quintanilla, de Miranda de Duero, falan das localidades portuguesas, de Sanlúcar de Guadiana..., pero de Galicia, cero. E no párrafo 26, cando xa falan das conexións ferroviarias, hai unha alusión breve ao AVE Porto-Vigo e Mérida-Puertollano, unha alusión leve, insisto, nunha soa liña. Polo tanto, non hai ningunha planificación, ningún compromiso, ningunha cifra. E hoxe é o que queremos pedir e exixir dende o Parlamento de Galicia ao Goberno de España.

A fin de semana eu lin un artigo de opinión nun xornal galego que, baixo o título «Cumio hispano-luso pero antigalego», falaba ben claro dos erros deste cumio. Que se realice a 50 quilómetros de Galicia e que non se conte cun ningún representante do Goberno galego, como xa dixeran, é sorprendente. E a pouca importancia que lle outorgou o Goberno ao desenvolvemento económico e social do noroeste de España co norte de Portugal é ideoloxía. Iso é proxecto de goberno, iso é proxecto de país, e Galicia para Sánchez non existe.

Certo é que o cumio se centrou fundamentalmente na enerxía do futuro, no turismo, na sanidade... —materias, ademais, que sabemos que en España son competencia das comuni-



dades autónomas—, e apenas entrou no ámbito das comunicacións terrestres e concretamente dos ferrocarrís. Poderían ter estado, ademais, como digo, representados os representantes de diferentes comunidades autónomas, pero non foi así.

O presidente Sánchez só se viu obrigado a falar del, do ferrocarril e das conexións terrestres, pola insistencia portuguesa e pola insistencia dos medios de comunicación galegos, que insistían e lle preguntaron, ata que tivo que falar, pero nada máis. E contestou dunha maneira imprecisa, como está no propio acordo, pero cun compromiso de palabra, sen dar nin un prazo, nin unha cifra e sen darlle absolutamente ningunha importancia. Polo tanto, os escasos 30.000 euros asignados nos presupostos do Estado para o próximo ano para o tren rápido Vigo-Portugal son mostra evidente do seu desinterese. Insisto, isto é o único que temos de realidade: este papel, estes orzamentos; *(A señora Egerique Mosquera amosa un documento.)* é o único que temos de realidade, e a verdade é que é tan decepcionante como o cumio.

Decía o xornalista que escribía o artigo de opinión, que era Luis Pérez, o seguinte: «Contrasta esta apatía, castigo a Galicia por razóns electorais, coa decidida intención do seu colega luso de chegar á fronteira coa alta velocidade en nove anos e converter a rede por Galicia na principal unión ferroviaria de Portugal co resto de Europa».

Eu fágome a mesma pregunta: ¿castigo a Galicia? Como xa dixen, dende que o PSOE chegou ao Goberno de España esquecéronse de nós, e o que deberíamos de saber é que é unha constante, non só no tema ferroviario e infraestruturas, que é o que nos ocupa hoxe, senón en moitos outros temas.

Polo tanto, deberíamos de preguntarnos tamén: ¿descoñecemento por parte de Sánchez ou mala fe?

Pola miña banda, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará, pola emenda.

O señor BARÁ TORRES: Estamos nun debate sobre o tren e resulta que o Partido Popular vén aquí falar de iates. Están vostedes para falar de iates, señora Nóvoa. *(Aplausos.) (O señor Bará Torres amosa unha fotografía.)* ¡Están votedes para falar de iates! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Sabe cal é a diferenza? En todo caso, que o señor Quintana foi nun iate cun empresario, e o señor Feijóo foi cun narcotraficante, cun delincuente. ¡Aínda hai diferenzas! *(Aplausos.) (Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero imos falar do tren. Mire, esta fotografía que fixen a semana pasada na estación de Guixar, en Vigo, *(O señor Bará Torres amosa unha fotografía.)* ilustra perfectamente a realidade do Eixo Atlántico. Na esquerda, na miña esquerda, está o tren que fai a liña Vigo-A Coruña, e na dereita está o que lle chaman «o camello» que fai a liña Vigo-Porto. A distancia máis ou menos é a



mesma, anda en 150 ou 160 quilómetros. ¿Saben cal é a diferenza? Que o tren Vigo-A Coruña —con todo o que ten que mellorar, que non é ningunha panacea; ten moito que mellorar, e está habendo avarías, incéndianse os trens..., vímolos estes días, e non hai cercanías, entre outras cuestións, e xa non falemos do resto da rede ferroviaria galega— fai a viaxe en 80 minutos. ¿Saben canto tarda o tren entre Vigo e Porto? Dúas horas e media —nin sequera as dúas e vinte, que eu fixen esa viaxe e son dúas horas e media, cando menos—. Polo tanto, nun lado temos que mellorar e noutro temos todo por mellorar. Clama ao ceo a situación.

E a realidade é que estamos nesta situación cun tren do século XX, porque é un tren diésel do século XX, (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) arranxado, e consecuencia de decisións políticas tomadas polo Goberno central ao longo de máis de vinte anos, de vinte e cinco anos. E non lle vou dicir outra vez quen estivo gobernando nestes vinte e cinco anos en Madrid. Polo tanto, o Partido Popular e o Partido Socialista son responsábeis, a partes compartidas, desta situación.

E agora, afortunadamente, parece que estamos nun novo tempo e que hai unha nova oportunidade para impulsar esta liña. Pero non é grazas a decisións do Goberno galego, non é grazas a decisións do Goberno español; é grazas a decisións políticas do Goberno portugués, que lle dixeron a Madrid que non, que para eles non era prioritaria a liña Madrid-Lisboa, que para eles a prioridade estaba na liña Lisboa-Porto-Galiza. Por dúas razóns principais: unha é de cohesión, de vertebración interna do país, loxicamente, porque, como tamén demostra esta fotografía, (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) que é unha imaxe de satélite da península Ibérica, toda esta rexión, megarexión, que vai desde Lisboa ao golfo Ártabro, é unha das corenta megarexións con máis potencia económica e realidade económica, demográfica e investigadora en patentes do mundo; entre as corenta megarexións. É dicir, xogamos na *champions* mundial de dinamismo e de oportunidade.

E, entre outras cousas, este espazo necesita unha espiña dorsal que o vertebre, que o comunique, que o integre, que podo ser ese ferrocarril de alta velocidade que comunique, cando teña alta velocidade, Ferrol e A Coruña con Lisboa. Isto é absolutamente fundamental.

Pero Portugal tamén sabe que aquí se está xogando outra cuestión, que é o equilibrio na península, fronte ao modelo radial que quere impoñer Madrid e fronte á grande aposta polo corredor mediterráneo que están impoñendo Barcelona e Valencia. E aquí xogámonos o futuro. Esta é unha das decisións estratéxicas máis importantes para Galiza, esa grande alianza atlántica, e tamén a proxección cara ao atlántico de Galiza e Portugal, que ten que ir, ademais, máis alá da eurorrexión. Vostedes teñen o foco na eurorrexión. Efectivamente, son 6,5 millóns de habitantes, pero a nosa grande alianza é tamén con Lisboa, con todo ese Eixo Atlántico tan dinámico.

¿E que pasou en todo este tempo? Pasou que levamos vinte e dous anos facendo estudos, concretamente sobre a saída sur, que é unha peza clave na articulación de todo este Eixo Atlántico. Neste momento a estación de Vigo é unha estación de termo, de final de ruta, e ten que ser unha estación pasante. A liña ten que ter continuidade por Vigo cara ao sur, cara ao Porriño, cara a Tui, cara a Portugal e tamén cara a Ourense, para que Vigo sexa realmente o centro —que neste momento está na periferia— deste grande eixo nodal, ferroviario, Ga-



liza-Portugal. Estamos nese debate. É que levamos vinte e dous anos de estudos sobre a saída sur. Agora hai que ir dar a volta por Redondela; é dicir, vas a Vigo, e para ir a Portugal ou a Ourense, tes que ir para atrás, a Redondela, e despois ir... (*O señor Bará Torres fai un xesto coa man.*) En fin, despropósito absoluto.

E isto, a saída sur, non se fixo despois de vinte e dous anos de estudos, de levar investidos 3,7 millóns de euros en estudos, por decisións políticas dos gobernos centrais dun e doutro signo, coa conivencia e co aplauso dos gobernos da Xunta do Partido Popular, porque quen paralizou definitivamente os estudos informativos desta liña, no ano 2012, foi o Goberno central do señor Rajoy e da señora Ana Pastor, que paralizaron este desenvolvemento ferroviario e os estudos informativos sobre a saída sur, (*Aplausos.*) que saíu a estudo informativo no ano 2009. Daquela decretouse o parón ferroviario no Estado; tamén en Galiza e tamén en Portugal, é certo, pero houbo responsabilidades directas do Goberno central do Partido Popular e da Xunta de Galicia.

E despois destes vinte e dous anos de estudo, resulta que estamos con outro estudo que se acaba de adxudicar no pasado. E nós dicímoslle unha cousa: claramente, pasou o tempo dos estudos. Hai que pasar aos proxectos, aos investimentos e ás obras para impulsar esta infraestrutura absolutamente central e fundamental para este país. E nesas estamos. Temos un grande aliado en Portugal, temos as declaracións que fixeron públicas o ano pasado e que cambiaron por completo o marco de xogo, primeiro do ministro de Infraestruturas de Portugal, Nuno Santos—e eu non quero darlles ideas para unha desas medallas que dan vostedes, pero, en fin, o que está dicindo esta persoa, este dirixente portugués, a Galicia interésalle moito, igual que o que di a ministra de Cohesión Territorial, a señora Abrunhosa—. O que dixeron literalmente foi que Madrid —é dicir, o Goberno central español— lles intentou impoñer a liña prioritaria Lisboa-Madrid, e que Portugal dixo que non, que a súa liña prioritaria era a que dixen, a liña atlántica Lisboa-Porto-Vigo —Galiza, polo tanto—.

Polo tanto, hai aí unha grande alianza estratéxica de Galiza con Portugal e hai unha grande oportunidade que, desafortunadamente, non se verificou na primeira de Viana do Castelo que houbo a semana pasada. Foi un gran fracaso, neste sentido, para Galiza polo boicot do Goberno español, está claro, que está poñendo paus nas rodas. Mentres Portugal nos seus plans, que presentou o 28 de setembro en Porto, está falando de rematar esta liña no ano 2030 —que pode ser, efectivamente, un prazo difícil; eles falan dunha construción por fases, falan de 2030 coa conexión do aeroporto e tamén da liña nova entre Braga e Valença—, a ministra de Transportes de España está falando de 2040, e xa sabemos qué pasa cando se fala de 2040: que será o 2050. Polo tanto, a aposta ten que ser poñer fondos nos orzamentos, investimentos, a partir do ano 2023, poñer prazos, poñer cronogramas e acordar con Portugal os investimentos necesarios e os trazados desta liña.

Pero é que, ademais disto —que é, realmente, a prioridade número un—, hai moitas cousas que se poden facer xa, xa inmediatamente, e que non teñen ningún custo, e por iso nós fixemos varias emendas que esperamos que se teñan en conta; entre elas, falamos de melloras inmediatas na liña actual, co actual trazado, entre Vigo e Porto, que xa dixen que levaba dúas horas e media. A primeira: entrada en funcionamento de trens eléctricos. Resulta que se fixo un investimento en electrificar a liña e segue funcionando nesta liña, como lles puxen



antes, un tren diésel. (*O señor Bará Torres mostra novamente unha das fotografías xa amosadas antes.*) Iso non ten sentido. Isto permitiría reducir tempos e tamén permitiría, desde logo, ter un transporte máis sustentable. O problema é que puxeron distintas tensións na liña. Nun lado puxeron 25.000 voltios e no outro lado, no español, no galego, puxeron 3.000 voltios. Entón, hai que poñer unhas máquinas bitensión para poder facer esta conexión. E isto pódese facer xa; é unha decisión política, e non custa nada.

Segundo: poñer o bloqueo telefónico. A estas alturas do século XXI resulta que parte do trazado aínda ten o bloqueo telefónico. Teñen que estar os xefes ou a xefa de estación alí co teléfono para darlles paso aos trens. É que isto é algo totalmente inconcibible.

Terceiro: incremento das frecuencias. Unha das cuestións que máis fomenta o uso do tren é que se aumenten as frecuencias. Tarda en conseguirse. Neste momento, hai dúas frecuencias diarias entre Vigo e Porto, e hai catorce —coas que reduciron coa pandemia— entre Vigo e A Coruña. Por certo, que entre Valença e Porto hai un tren de cercanías que ten trece frecuencias diarias. Polo tanto, temos Vigo-Valença con dúas. Simplemente con aumentar e con recuperar a que se suprimiu coa pandemia entre Vigo e Valença xa teríamos duplicada a oferta actual, e permitiríanos ir a Valença, o que nos permitiría, ademais, conectarnos tamén co tren que sae de alí cara a Lisboa, que tarda catro horas.

É dicir, que hai moitas cousas que se poden facer xa, como tamén unha política de prezos que incentive o ferrocarril, con billetes máis baratos e con abonos que premien a fidelidade no uso do ferrocarril. Todo isto é posible.

Miren, remato. Remato apelando de novo ao ministro de Infraestruturas de Portugal, o señor Nuno Santos, que dixo que a pandemia fixo evidente que a relación máis intensa a temos con Galiza, porque, claro, cando se cortocircuitou esa fronteira, descubriron que en cinco quilómetros da fronteira se daba o 50 % da mobilidade transfronteiriza de toda a fronteira entre España e Portugal; e iso é a proba máis clara da fortaleza e da vitalidade que ten iso, que xa non é unha fronteira, senón un río, que nos comunica de novo co noso grande aliado e veciño histórico.

Polo tanto, esta é a grande aposta de Galiza. Agardo que acepten as nosas emendas e que poidamos chegar a un acordo que impulse de verdade tamén, con orzamentos no próximo ano, nos orzamentos do Estado, esta infraestrutura vital para Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Só unha cousiña, señora Egerique, antes de entrar no debate, no tema que trouxo hoxe o Partido Popular a debate.



Vostede queixábase, como se está a queixar ultimamente o señor Rueda. O señor Rueda choraba porque non o invitaran a ese cumio hispano-luso. ¿E que queren?, ¿facer como fixeron anteriormente?, ¿declinar a invitación para ir ao cumio que se celebrou entre España e Alemaña? A verdade é que o señor Rueda nos ten moi acostutados agora a seguir o que está a facer o señor Feijóo en Madrid, que está sempre chorando e dicindo que non ten o mesmo tempo no Senado para poder debater co presidente do Goberno... Un conselliño: que Feijóo non pida moito máis tempo, porque, se ten máis tempo, ten moitas máis probabilidades de seguir metendo a patia cada vez que fala. *(Aplausos.)*

E mire, señora Egerique, eu a verdade é que tiven que pensar realmente en que debate estabamos: se estabamos a falar de pesca, se estabamos a falar de infraestruturas... É que vostede vén aquí sempre co mesmo mantra, co mesmo argumentario do Partido Popular, e dá igual que esteamos falando de pesca, de agricultura ou de infraestruturas. Deixe xa un pouquiño o argumentario do Partido Popular.

Vostede dicía —e nós niso coincidimos— que é unha demanda histórica de Galicia e do norte de Portugal. Pero eu quero preguntarlle: ¿que facían os gobernos do Partido Popular en Madrid e tamén o Goberno do Partido Popular aquí, na Xunta de Galicia? Porque no 2009 o señor Feijóo xa dicía: desexo retomar o proxecto de conexión da alta velocidade Vigo-Porto —ano 2009—. No ano 2011, o señor Feijóo dicía que tiña como gran reto impulsar o AVE Vigo-Porto —ano 2011, repito—. Avisaba o señor Feijóo de que o límite da paciencia para o AVE Vigo-Porto remataba no ano 2015, e que esta era a última data. Pero, claro, aí está. ¿Que foi o que fixeron vostedes tanto no Goberno central como na Xunta de Galicia para impulsar esta infraestrutura que nós consideramos que é fundamental?

Vostede dicía que non hai ningún feito. Mire, a min gústame falar de feitos. Este goberno, presidido por Pedro Sánchez, foi o que trouxo a alta velocidade a Galicia. *(Murmurios.)* —¿foi ou non o foi?, porque, que eu saiba, Mariano Rajoy non trouxo a alta velocidade a Galicia—, foi o que de maneira conxunta con Portugal solicitou a inclusión de Vigo-Porto na rede básica da Rede transeuropea de transportes, conseguindo que fose incluída na rede básica... *(Murmurios.)* ¡É que o foi! É que, claro, se os datos están aí e vostedes os están a poñer todo o tempo en cuestión... *(Aplausos.)* E é o que está a punto de licitar o estudo informativo da saída sur, crucial para a conexión con Porto. Por certo —e xa llo dixo tamén o señor Bará—, esta saída sur foi torpedeada e paralizada polo Goberno do Partido Popular. E este goberno foi o que traballou para que a electrificación da liña sexa compatible en ambos os países.

A verdade é que tamén, escoitando as intervencións tanto do representante do Bloque Nacionalista Galego —do señor Bará— como da señora Egerique, o que parecen intentar dar a entender aquí é que as relacións entre os gobernos de España e de Portugal non son boas. Pero, mire, é que os exemplos están aí: o grao de colaboración, o grao de compromiso e de traballo entre os dous gobernos, que están a dar os seus froitos; a excepción ibérica, esa que agora vostedes querían practicar tamén para as empresas electrointensivas. Iso foi conseguido por un acordo entre Portugal e España para convencer a propia Unión Europea. Polo tanto, o froito dese traballo, desa boa relación entre España e Portugal, está aí, pese a quen lle pese. Así que, empezar agora a intentar torpedear a boa relación do Goberno de España co Goberno de Portugal, que están a traballar os dous gobernos de cara a darlle o impulso



necesario a esta infraestrutura, que están a traballar os técnicos de ambos os gobernos para darlle o impulso que necesita esta infraestrutura, a verdade é que é non ter moita altura de miras.

Por parte tanto do BNG como do Partido Popular falábase do escaso ou nulo compromiso do Goberno central con este tren de alta velocidade entre Porto e Vigo, e o compromiso é total. Precisamente foi este goberno o que desbloqueou e o que está a avanzar na redacción de proxectos fundamentais. Porque non é o momento de intentar tirarse pedras entre os dous gobernos, que teñen que traballar conxuntamente para que esta infraestrutura sexa unha realidade. É que vostedes nos piden que o Goberno de España estea na mesma liña nas actuacións que o Goberno de Portugal, e o Goberno de España está moito máis avanzado neses traballos que o Goberno portugués.

Miren, non é cuestión de tirarse pedras entre dous gobernos que están a colaborar, que estiveron a colaborar dende o primeiro momento, e ademais amosaron o interese de ambos os países con esta infraestrutura. Pero como proba de que España está máis avanzada na tramitación do futuro AVE, posiblemente en xaneiro, pero, se non, no primeiro trimestre do ano 2023, o Goberno licitará a declaración de impacto ambiental do túnel que partirá da estación viguesa de Urzáiz e que continuará baixo terra ata O Porriño, para impactar na fronteira co eixo de alta velocidade Lisboa-Porto-Valența. É intención incluso do propio Ministerio tramitar en paralelo, para axilizar os tempos e para melloralos, ese estudo de impacto ambiental coa análise hidroxolóxica do terreo, que determinará se a obra, en especial o túnel que discorre baixo Vigo ata O Porriño, afecta cursos subterráneos de auga. Polo tanto, esa é a vontade do Goberno central, que vostedes poñen en dúbida. Ademais, como dicía, en breve licitarase ese estudo informativo da saída sur, o que marca por onde e como se realizará o trazado do tren rápido.

Polo tanto, eses son os compromisos do Goberno central. Quixera eu que viñesen aquí con algún documento oficial ou con algún papeliño que acreditase o compromiso do anterior presidente do Goberno central —galego, por certo—, do señor Mariano Rajoy, e tamén os compromisos acadados polo anterior presidente da Xunta, o señor Feijóo, pero, claro, non poden traer ningún porque nada había. Polo tanto, o compromiso entre os dous países para impulsar esta infraestrutura é total. Pero son necesarias actuacións conxuntas e é necesario poder tramitar tamén dun xeito conxunto os expedientes xa iniciados.

Dende logo, nós concordamos co dito pola ministra de Transportes, que celebraba que por fin Portugal quixese tamén estar na primeira división en materia ferroviaria, pero hai que facer unha busca común de solucións. Dende logo que nós pedimos a máxima celeridade para esta infraestrutura que o Partido Popular tivo tantos e tantos anos paralizada. Pedimos a máxima celeridade dentro da conxuntura económica, social e medioambiental que isto demanda, pero, claro, é que estivo paralizada durante moitísimo tempo. E nós concordamos con que o punto de partida desta infraestrutura é malo porque nada fixeron dende os gobernos do Partido Popular.

Vostedes durante todo este tempo estiveron a poñer en dúbida que para o Goberno central esta fose unha prioridade, e iso quedou amosado. E, despois, todo o tempo estiveron a dicir



que na parte lusa o proxecto ía moito máis avanzado. Claro, olvidáronse de dicir que na parte lusa non hai nin sequera nin un tramo en funcionamento da alta velocidade. Polo tanto, ¿como van ir moito máis avanzados que o que estamos neste lado?

O outro día acadáronse compromisos importantísimos para esta infraestrutura, pese a quen lle pese, e aí está tamén o impulso decidido a algo que é fundamental para poder desenrolar esta infraestrutura, como é a saída sur de Vigo; algo que —repito— foi paralizado polo Goberno do Partido Popular. Polo tanto, ambos os executivos están a ratificar o compromiso disto como unha obra prioritaria.

Nós o que lles pedimos, dende logo, é que sexan un pouquiño máis realistas. ¿É certo que hai que lle poñer deberes ao Goberno central? Dende logo, pero o compromiso está aí. E, claro, a verdade é que me asombra que hoxe o Partido Popular veña aquí como se non tivera ningunha responsabilidade no retraso que levamos con esta infraestrutura, que estiveron a gobernar moitísimos anos en Madrid e levan moitísimos anos gobernando a Xunta de Galicia. Non, claro... ¿Cales foron os logros do señor Feijóo de cara a esta infraestrutura? Ningún. É que non fixeron ningunha, a pesar de ter... (*Murmurios.*) —non, claro...— un goberno amigo en Madrid. (*Murmurios.*) Non fixeron nada máis que paralizar. (*Murmurios.*) ¡Pero se están a pedir que se impulse, que se inicie! Entón, ¿que se fixo? (*Murmurios.*) Se non, dirían —como están acostumados vostedes nas súas iniciativas e nas súas emendas—: «continuar...», «continuar impulsando...». Non, non, aquí o que se está pedindo é un impulso decidido para iniciar esta infraestrutura, algo que vostedes paralizaron e torpedearon durante tanto e tanto tempo. (*Murmurios.*)

Nós imos apoiar a iniciativa que hoxe trae a debate o Partido Popular porque, precisamente, nese senso é no que está traballando o Goberno central. E nós, a diferenza do que fai o Partido Popular, dende este lado da Cámara, traemos iniciativas instando a Xunta de Galicia, pero dinnos: «é que isto xa se está a facer, por iso non podemos apoiar a vosa iniciativa». Pois nós somos moi distintos, imos apoiar esa iniciativa, porque é no que está a traballar o Goberno central. Eu o que lle pediría nesta obra, que é fundamental para os dous países e que é fundamental para Galicia e para o norte de Portugal, é que non intenten torpedear as accións que están a desenvolver os dous gobernos. A relación entre España e Portugal é máis que clara, é moi frutífera —e aí están os datos—.

Polo tanto, señorías do Partido Popular, deixen un pouquiño máis os mantras e traballen tamén dende a Xunta de Galicia no que é a súa competencia para poder desenvolver e impulsar esta infraestrutura.

E nós —como dicíamos— imos apoiar esta iniciativa que é fundamental para a nosa comunidade autónoma. Dende logo, este é o primeiro goberno —o Goberno presidido por Pedro Sánchez— que vai impulsar esta infraestrutura. Aí están os logros e os retos deste goberno, presidido por Pedro Sánchez, coa alta velocidade aquí, na nosa comunidade autónoma. Vostedes non teñen a carta de presentación para vir aquí a esta Cámara falar da alta velocidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e da chegada do AVE a Galicia.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señora Otero, fala dos nosos mantras, pero os seus, a verdade... Sánchez é aquí o salvador do mundo, pero todo o que di aquí vostede non o cre ninguén.

Fala vostede das boas relacións entre España e Portugal. ¡Home, subvencionándolle a electricidade a Portugal e a Francia —con Francia tamén—! Esa é a boa relación que ten o Goberno de España con Portugal. (*Aplausos.*)

Outra, o AVE a Galicia. Vostedes recolleron todo o que o Partido Popular orzou e licitou, porque nós o que temos aquí hoxe son 30.000 euros; e, claro, non é o mesmo quen planta árbores que quen recolle despois os froitos. Polo tanto, todo o impulso do AVE a Galicia, toda a conexión norte, foi con gobernos do Partido Popular. (*Risos.*)

Eu non teño mantras, señora Otero, eu teño feitos. E cando falo de que... É que non me dá tempo de dicir todos os agravios que o Goberno de España lle fai a Galicia en varias materias: en materia de pesca, coa Lei de cambio climático, co novo Regulamento de costas; coa propia reforma laboral na cadea mar-industria, claramente; no agro, con limitar o consumo de carne; en infraestruturas, coa redución dos fondos para o AVE e a redución dos fondos para a conexión do AVE de Vigo con Portugal; en automoción... Hoxe Pedro Sánchez, en Sagunto, outra vez pasando absolutamente de Stellantis, de Vigo. É que non teño tempo para falar de todos os agravios.

E non teñen un só discurso, senón que, claro, hai moitas cousas nas que o Goberno central despreza a Galicia. E esta é unha delas, e a máis grave, porque non o comprende. O problema é que é un problema de modelo. Non o comprende. Non comprende a fortaleza noroeste de España e, polo tanto, mira, coma sempre, cara ao sur e cara ao Mediterráneo.

Señor Bará, sobre a foto, bueno, imos falar de fotos. Núñez Feijóo nesa foto non tiña ningún cargo político..., (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e o señor Quintana era vicepresidente da Xunta. (*Protestas.*) Outra realidade das fotos: posteriormente houbo eleccións. Quintana foi para a casa e Alberto Núñez Feijóo gañou catro maiorías absolutas. (*Aplausos.*) Polo tanto, iso é o que xulga a xente que ve as fotos e que sabe que hai detrás de cada unha. (*Aplausos.*)

Ben, á marxe diso, eu estou totalmente de acordo co que dixo o señor Bará, pero vostedes apoian os orzamentos do Partido Socialista. Si, coa fortaleza do noroeste e coa importancia... Esa é unha infraestrutura crucial, e xogámonos o futuro con iso. Pero vostedes apoian estes



orzamentos, e a partida son 29.900 euros. Polo tanto, pide vostede que se cambie nos orzamentos do Goberno de España, pero vostedes están detrás e son cómplices do Goberno de Sánchez.

Mire, Sánchez non cre nas nosas posibilidades, non cre nas grandezas sociais, económicas e xeográficas, en todas as conexións do noroeste peninsular e no seu contexto. E teñen os orzamentos, a cabeza e o corazón postos no Mediterráneo, no sur do país. É certo, demóstrano cada día coas decisións que toman, e esquecen totalmente o norte, e ademais esquecen en maior medida a Galicia. Mentres Antonio Costa e o Goberno portugués apostan pola unión de Lisboa con España —con España, señor Bará— a través de Galicia, Pedro Sánchez e o Goberno de España apostan polo enlace a través de Estremadura. ¿E que pasa? Deixan a Porto fóra. E Antonio Costa viu a importancia de incluír a Porto tamén na alta velocidade. Trátase de entrar en España por Galicia, aproveitando tamén todas as nosas fortalezas, e despois continuar para a Meseta. Pero Pedro Sánchez, non; Pedro Sánchez insiste: Lisboa-Madrid, deixando o noroeste peninsular completamente abandonado.

Polo tanto, nós, neste caso, temos que insistir, e temos que dicir con toda a lexitimidade, ademais, porque levamos anos pedindo que é fundamental esa conexión.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará, xa lle falei de unir Portugal con Galicia a través da alta velocidade, e conectada con España tamén. Polo tanto, os orzamentos do Goberno, os presupostos xerais do Estado están aquí e vostedes apóianos con estas partidas ridículas para isto, e con estas partidas ridículas para Galicia. Señor Bará, non é segregar España, como lle dixo claramente e lle explicou onte a señora Carmen Pomar, senón que tamén é unha conexión con España, pasando por Galicia, e dándolle a importancia que ten a esta comunidade autónoma.

Señores do Partido Socialista, vostedes levaron o AVE a Andalucía hai trinta anos e a Cataluña tamén case hai trinta anos..., (*Murmurios.*) e sempre se esqueceron de Galicia. Señores do Partido Socialista, sempre se esqueceron de Galicia. Vai sendo hora de que poñan as pilas. O propio alcalde de Vigo, cando era ministro, dicía: «O AVE a Galicia estará no 1993». (*Murmurios.*) Agora nin tan sequera é capaz de levantar a voz nese cumio ao que asiste como presidente da FEMP, segue defendendo o enlace de Lisboa-Madrid por Estremadura e esquece Galicia.

É un momento, ademais, importante no que os tres alcaldes das grandes cidades, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o señor Abel Caballero, o señor Bugallo e a señora Inés Rey, teñen a mesma forza que ten a Xunta de Galicia, porque é importante tamén para os seus administrados. É moi importante para os seus administrados, que son da mesma cor política ca vostedes. Estamos falando dun exercicio de responsabilidade. E se alguén vai soamente facerse fotos, a dar a man e a non defender os seus territorios, a defenderse a si mesmo, iso tamén se ve.

Polo tanto, eu aquí apelo á responsabilidade dos tres alcaldes das grandes cidades, que son do Partido Socialista, do Goberno de Sánchez, e que están desprezando a alta velocidade entre Porto e Vigo, entre Lisboa e Galicia. Desprézana claramente nos orzamentos, porque



sequera lla solicitan ao seu goberno. É comprender con datos a realidade que temos enriba da mesa; é comprender que se renunciámos a esa infraestrutura renunciámos ao desenvolvemento e quedamos illados con respecto a outras comunidades autónomas de España.

Polo tanto, señores do Partido Socialista e, señores do Bloque Nacionalista Galego, responsabilidade tamén...

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...e sintonía co Goberno portugués.

Non imos aceptar a emenda, (*Murmurios.*) porque, señor Bará, vostede aquí relata unha serie de peticións que vostedes tamén proxectan no seu programa electoral, pero aquí non ha lugar. Cremos que na nosa iniciativa xa se recolle claramente a necesidade de que haxa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...un compromiso e datos claros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo da Xunta de Galicia para lograr un prezo da enerxía competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Daniel Castro García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. *Deseñar, coa maior das urxencias, un Plan de Industrialización e Emprego para a Mariña, consignando o orzamento necesario e calendarizando a totalidade do proceso no primeiro trimestre de 2023.*
2. *Demandar do Goberno do Estado que as comunidades autónomas exportadoras de enerxía eléctrica teñan unha abaratamento nas peaxes de cara a favorecer a compensación do impacto social e medioambiental e ter un vector de competitividade económica.*



3. *Adoptar as medidas oportunas para corrixir as deficiencias na planificación enerxética de Galiza, singularmente no sector eólico, impulsando os cambios normativos necesarios para ordenar o sector, dar certeza xurídica, garantías de participación democrática e custodia medioambiental e favorecer as seguintes medidas:*

a) a participación pública do sector como forma de regular o seu desenvolvemento e obter recursos económicos para reinvestir no desenvolvemento socioeconómico de Galiza.

b) o impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións nas que se terá en conta de forma singular a construción de compoñentes e subministrados no noso país, a vinculación a proxectos de xeración de valor engadido e o impulso de compromisos de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo a empresas galegas.

4. *Presionar a Alcoa para que acometa as inversións pactadas en tempo e forma para garantir o re-arranque das cubas o 1 de xaneiro de 2024 e o mantemento da totalidade dos postos de traballo.*

5. *Que a tramitación dos novos parques eólicos estea sempre condicionada ao mantemento dos postos de traballo da factoría de Alcoa San Cibrao.*

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a reclamarlle ao Goberno do Estado que:

1.- Presione a Alcoa para que realice as inversións pactadas en tempo e forma para garantir o re-arranque das cubas o 1 de xaneiro de 2024 e o mantemento da totalidade dos postos de traballo.

2.- Garanta que a tramitación dos novos parques eólicos, estea sempre condicionada ao mantemento dos postos de traballo da factoría de Alcoa San Cibrao».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esta Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir despois de «...que sexan necesarios...» o seguinte texto «...e cumpran coa normativa».

Emenda de adición:

Na parte resolutiva da iniciativa in fine

«Do mesmo xeito, instase á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, pola súa parte, tamén facilite a tramitación dos citados parques eólicos.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



Á señora Egerique debían de sobrarlle os cinco minutos que tiña na quenda de réplica e dedicouse a falar dos alcaldes socialistas das cidades de Galicia. Eu tamén, se quere falar de AVE e da chegada ás grandes cidades de Galicia, recórdolle que no ano 2009 o señor Feijóo comprometía a chegada a Lugo con fondos da propia Xunta de Galicia. E o AVE a Lugo aínda non chegou con eses fondos que prometeu o señor Feijóo. (*Aplausos.*) É que incluso vostede chegou aquí hoxe a xustificar e aplaudir a viaxe do seu líder cun narcotraficante. É que mire, señora Egerique, necesitaba encher os cinco minutos. (*Murmurios.*)

Mire, vou coller unha das súas frases da quenda de réplica que dicía que Sánchez non cre nas posibilidades de Galicia. Eu hoxe o que traio aquí é unha iniciativa para ver se realmente o señor Rueda —porque o señor Feijóo xa nos ten amosado que non— vai apostar polas posibilidades e polas potencialidades que ten Galicia de cara ao sector eólico.

Hoxe a iniciativa que trae a debate o PSdeG busca un consenso desta Cámara para poder dotar dun presente, e, dende logo, dun futuro, o mantemento dos postos de traballo de Alcoa.

Seguramente o voceiro do Partido Popular vai sacar a relucir todo o que se fixo anteriormente por parte do Goberno central, e os que somos da Mariña sabemos que este problema de Alcoa non ten unha data en xuño do ano 2018, senón que levamos moitos anos manifestándonos para garantir ese mantemento dos postos de emprego. Pero o que hoxe traemos con esta iniciativa é unha iniciativa que fala de presente e, dende logo, de futuro para eses traballadores e traballadoras de Alcoa, en San Cibrao.

Como vostedes saberán, a finais do ano 2021, a finais do ano pasado, os traballadores e as traballadoras da planta de Alcoa, en San Cibrao, aceptaban a proposta da multinacional de cesar a produción de aluminio primario co posterior rearranque das cubas; unha decisión, dende logo, dolorosa por parte dos traballadores e traballadoras de Alcoa, pero foi unha decisión que eles adoptaron e que incluso por parte dalgún grupo político se chegou a poñer en cuestión. É unha decisión lexítima adoptada polos traballadores e polas traballadoras desta factoría.

A proposta de parar as cubas de electrólise durante vinte e catro meses implicaba, entre outros, o compromiso da empresa de traballar con subministradores de enerxía para acadar contratos a medio e ao longo prazo, a través das coñecidas como PPA, para así poder obter un prezo da enerxía máis competitivo. É certo que nese documento e nese acordo entre traballadores e a multinacional de Alcoa había compromisos por parte de varias partes, por parte das administracións que tiñan que facer os investimentos necesarios por parte da Xunta e do Goberno central, e tamén había o compromiso de determinados investimentos. Máis aló de acadar estas PPA e de subscribir estas PPA tamén había o compromiso por parte de Alcoa para, entre outros investimentos, ter ese forno de ánodos completo no ano 2024, que, como dicía o outro día a multinacional, ao mellor non chegaba a esa data.

Creouse tamén unha mesa constituída polos representantes legais dos traballadores, pola propia empresa, pola Xunta de Galicia e polo Goberno central para analizar e facer seguimento dos compromisos adquiridos por todas as partes. Para que se poidan rearrancar esas cubas e para que sexa unha realidade é preciso que se facilite por parte dos gobernos, pero tamén por



parte do Goberno galego, a tramitación dos parques eólicos que blinden a subministración enerxética a Alcoa a prezos competitivos. Estes novos parques eólicos débense desenvolver dun xeito ordenado, con control, respectando os dereitos das persoas propietarias dos terreos, os espazos naturais sensibles e as zonas de aproveitamento agrícola e gandeiro, e con retorno, dende logo, no propio territorio. Por iso nós a iniciativa que hoxe traemos a debate é que a Xunta de Galicia facilite a tramitación deses parques eólicos que sexan necesarios para que o prezo da enerxía sexa competitivo para a planta de Alcoa, en San Cibrao.

E traíamos esta iniciativa en vista do retraso que levaba a Xunta de Galicia de cara a conseguir que estes parques eólicos fosen unha realidade. En outubro deste ano Endesa firmaba con Alcoa un acordo de subministración de enerxía a prezo estable para San Cibrao para o período 2024-2034. Isto foi asinado en outubro deste ano. E poñía como data para iniciar esa subministración de enerxía o ano 2024, que é esa data que temos marcada no horizonte para poder poñer en funcionamento de novo as cubas.

Ademais, Endesa asumirá o papel de comercializadora, polo que integrará e xestionará a enerxía procedente doutros acordos firmados pola multinacional con outras empresas, como o subscrito con Greenalia en maio. Porque se é certo que este contrato con Endesa foi asinado hai relativamente pouco tempo, en outubro deste ano, hai outro contrato asinado con Greenalia, que foi un preacordo asinado en decembro de 2021. Ese acordo chegouse a materializar en maio de 2022, pero vimos como dende esas a Xunta de Galicia non fixo nada para axilizar a tramitación deses proxectos de parques eólicos.

Dicía a señora Nóvoa antes na súa intervención que, no momento que se solicitou autorización deses parques para o contrato de Greenalia, se deu. Iso saben vostedes que non é certo, porque ese impulso que se deu dende a Xunta de Galicia chegou hai unha semana, no Consello da Xunta da semana pasada. Polo tanto, dende maio de 2022, que se asinou ese contrato entre Alcoa e Greenalia, a Xunta de Galicia estivo parada e de brazos cruzados.

Nós, dende o Grupo Parlamentario Socialista e tamén dende o propio Partido Socialista en Galicia, estamos a instar a Xunta de Galicia que axilizase a tramitación deses parques eólicos, dende logo, obviamente, cumprindo toda a normativa. Iso xa se dá de base, non criamos que fixese falta especificalo, pero, ben..., porque é unha parte da emenda que presenta o Partido Popular. Pero nós o que dicíamos é que había que axilizar a tramitación deses parques eólicos, cumprindo toda a normativa para poder axudar a Alcoa —e, sobre todo, non é por Alcoa, a nós o que nos preocupa son os postos de traballo que xera esa factoría— e para que esa fose unha realidade: que en xaneiro do 2024 se puidese cumprir ese compromiso por parte de Alcoa de poñer en funcionamento a planta.

Como dicía, un contrato con Endesa foi subscrito en outubro deste ano, pero o de Greenalia foi subscrito en maio de 2022, e ademais había un precontrato subscrito en decembro de 2021, o que permitiría á propia Xunta de Galicia ir traballando xa nese senso.

Nós o que pedimos á Xunta de Galicia é que axilice esa tramitación para poder contar con eses parques eólicos e para poderlle dar a Alcoa esa capacidade de conexión á enerxía renovable e anticipar esa recuperación tan importante nun momento tan sensible.



Ese mesmo medo de que non se chegase a tempo na forma na que se estaba a tramitar a autorización destes parques eólicos por parte da Xunta de Galicia tamén foi posto de manifesto pola propia ministra, que, ademais, dicía que, claro, o Executivo galego ía retrasado nos traballos de autorización e podería deixar no aire investimentos eólicos por máis de 2.500 millóns de euros, porque é algo do que levaban moito e moito tempo avisando e era probable que caducasen eses puntos de conexión en 2023, en xaneiro de 2023. Porque estes parques eólicos, que son os que tanto Greenalia como Endesa pretenden levar adiante para poder subministrar esta enerxía a Alcoa a un prezo competitivo, temos que dicir que xa contan con estes puntos de acceso. Polo tanto, ese trámite xa está feito.

Nós o que lle dicíamos era que traballasen para que non os collese o touro con esa caducidade da data 31 de xaneiro de 2023, pero amosamos o noso compromiso e a nosa man tendida dende o PSdeG para poder traballar a prol de que se axilien eses trámites e de que eses parques eólicos sexan unha realidade. Volvémoslo amosar hoxe e amosarémoslo dentro dun momento votando, pero a nosa voceira xa adiantou o voto favorable a esa petición que lle fan ao Goberno central. Nós cremos que foi polo retraso e polo non traballo da Xunta de Galicia de cara a conquistar esa tramitación. Pero, aínda así, se vostedes piden ao Goberno central que amplíe ese prazo, nós apoiarémoslo, como tamén apoiamos esa Lei de áreas empresariais para tamén poder ter axilidade nestes parques eólicos.

A nós o que nos chama a atención é que vostedes vaian un pouco a rebufo do que fai o Partido Socialista en Galicia. Porque chama poderosamente a atención que incluímos esta iniciativa na orde do día deste pleno que estamos a celebrar agora mesmo, e inmediatamente despois a propia Xunta de Galicia, no Consello da Xunta, anunciaba que impulsaba a tramitación de tres parques eólicos que axudarían ao obxectivo final de recuperar a produción de aluminio en Alcoa. Pero tivemos que ser nós, o propio Partido Socialista de Galicia, quen en numerosas ocasións instásemos o Goberno galego para que tramitase axilmente estes parques eólicos. Tivemos que ser nós os que incluísemos esta iniciativa na orde do día do pleno para que a propia Xunta de Galicia reaccionase e fose quen de darlle este impulso a estes trámites que son tan necesarios para a factoría de Alcoa, en San Cibrao. Que, por certo, o que vostedes impulsan con esa tramitación especial, dándolle o carácter de proxectos especiais, son eses parques que veñen do contrato asinado con Greenalia en maio de 2022; non son estes de Endesa do novo contrato de outubro de 2022. E, por certo, eses parques eólicos que vostedes impulsan e que agora a tramitación lle corresponde ao Goberno central, cubrirían o 9 % das necesidades enerxéticas de Alcoa. É que iso vén na nota de prensa que enviou a Xunta de Galicia despois do Consello da Xunta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Non o estou a inventar eu.

Polo tanto, xa que onte se acadou o compromiso entre os dous gobernos, entre a ministra e o señor Rueda, de coordinarse para axilizar eses parques eólicos, nós cremos que hoxe acadar un acordo por unanimidade nesta Cámara, poñendo deberes tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central —e avánzolle, señor Balseiro, que tamén compartimos parte da súa emenda no que lle corresponde ao Goberno central na tramitación deses parques, que sexan



de máis de 50 megavattios—, pois tamén sería importante. Polo tanto, un compromiso para pedirilles ás dúas administracións competentes na materia que axilicen a tramitación destes parques eólicos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...que son tan necesarios para o mantemento dos postos de traballo de Alcoa.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Antes de comezar, unha cousa pequeniña para os señores e señoras do Partido Popular. A ver, mentir esta mal, está feo, é unha cousa fea, ¿non? E dicir que o BNG vota a favor duns orzamentos que aínda non se votaron, pois..., a ver, é certo que o BNG ten músculo —e cada vez máis—, pero, ata agora, para cambiar o espazo-tempo aínda non. (*Aplausos.*) Pero bueno, evidentemente, queden tranquilos e tranquilas que o BNG emendou fortemente os orzamentos e para defender, evidentemente, este país.

E, comezando, como agora lles deu, tanto ao Partido Popular como o Partido Socialista, por acordarse de Alcoa —curiosamente, casualmente, só cando vai aparelado aos eólicos—, pois quero recordarlles unha imaxe que me parece ben bonita, ben esperanzadora a pesar de todo e ben ilustrativa de como era cando comezou todo o conflito. Aquí está, é bastante bonita, poñeríaa na casa. (*O señor Castro García amosa unha fotografía.*) É o noso compañeiro Diego, das auxiliares de Alcoa, co seu fillo; quizais dándolle unha das mellores leccións, aprendéndolle algo moi importante na vida: o que é a dignidade, o que é pelexar polo que che pertence, o que é, á fin e ao cabo, o orgullo de clase, que é moi importante e sempre hai que telo. (*Aplausos.*)

Pois ben, quixen traer esta imaxe porque nunca está mal recordar este primeiro ano no que comezaba todo. A Mariña comezaba a saír á rúa, na que estabamos sós, porque, cando a Mariña comezaba a encher as rúas, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista non sabiamos nada deles. Uníronse ao final, só decidiron sumarse ao final cando toda a comarca reclamaba o mesmo.

Está ben, agora que parece que todos e todas estamos unidos e unidas para conseguir que Alcoa manteña os postos de traballo, recordar e reflexionar sobre como estaría a situación se o Goberno español cumprise todo aquilo que acordaron unanimemente todos e cada un dos concellos da Mariña, a Deputación de Lugo, este Parlamento varias veces e o Congreso



dos Deputados —sacando, evidentemente, os fascistas, que votaron en contra—. Imaxinen como de mellor estaríamos se se fixese o que acordamos todos e todas facer, que era intervir temporalmente Alcoa. E dese malestar ao mellor ten algo que ver esta iniciativa, porque saben —e ao mellor non é culpa das persoas que están neste Parlamento— que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista non deron a talla e por iso entramos no que di esta iniciativa, que se podería resumir como unha carreira para ver quen axiliza máis as instalacións dos eólicos; de novo o enésimo —xa non sei cantos van— «pim, pam, pum» entre a Xunta e o Estado sobre se «a culpa é túa», «non, a culpa é túa porque axilizas pouco», «non, a culpa é túa porque axilizas aínda menos ca min»... Cando sae o Estado, responde Conde; cando sae unha ministra, responde Rueda, e así todo o tempo.

Pero, logo, na realidade, no que se traduce iso é en que cada vez estamos máis cerca do 1 de xaneiro de 2024 e cada vez van diminuindo as posibilidades de que se arranquen as cubas e que se manteñan os postos de traballo. E, entón, volvemos así ao debate dos eólicos, a algo que xa está falado, que xa está votado, que xa está anunciado incluso polo presidente Rueda e polo vicepresidente Conde. Pero, de novo, o importante neste debate é falar dunha pregunta vital, que é: ¿a cambio de que?, ¿a cambio de que?

E así salta esta pregunta: ¿queren axilizar os procesos de tramitación destes parques eólicos fóra da área de desenvolvemento eólico para manter os postos de traballo de Alcoa ou queren empregar a situación que está sufrindo Alcoa e leva sufrindo durante moito tempo —co sufrimento da xente que pode perder o seu posto de traballo— para que os amigos e amigas do Partido Popular sigan gañando diñeiro a mans cheas e poidan colocar os eólicos onde antes a lei non llelo permitía? Aquí está a cuestión.

E, como vai de preguntas, voulles seguir facendo unhas cantas. A primeira, a vital, a fulcral, a máis importante, podería resumir todo —e vai tanto para o Partido Socialista como para o Partido Popular—. Se Alcoa non mantén os postos de traballo en 2024 —cousa que, evidentemente, oxalá non pase—, ¿que vai pasar con estes parques eólicos? Imaxinemos que Alcoa non mantén os postos de traballo. ¿Que pasa con estes parques eólicos? A resposta crémola necesaria. Ou, por exemplo, imaxinemos algo utópico, algo como os unicornios, imaxinemos que esta Xunta de Galicia consegue traer industria ou empresas ao noso país, imaxinémoslo —sei que é difícil, porque aquí só marchan as empresas, pero imaxinémoslo—. ¿Que pasaría se esas empresas e esa industria pedisen máis eólicos para subministrarlles enerxía? ¿Dariámoslle de novo sen problemas?, ¿faríase outra excepción? Porque, ademais, sabemos —aquí demostrouse a través das leis de acompañamento— que o Partido Popular gusta moito de facer da excepción a normalidade. Entón, se viñesen novas empresas e houbera que darlles novos parques eólicos, ¿onde está a planificación eólica? ¿Pode haber planificación eólica, da que ás veces presumen, se gobernan a golpe de excepcionalidade? Eu creo que non. É unha pregunta que tamén creo que deben respostar.

E pregunto: logo, cando baixamos á realidade, ¿que vemos? Vemos que, mentres pechan empresas de fabricación eólica deixando a xente na rúa —como Siemens-Gamesa nas Somozas ou como Vestas en Viveiro—, pois Endesa, Greenalia e Iberdola seguen incrementando os seus beneficios. Así, Endesa, só no que vai de 2022, leva 734 millóns de euros;



Iberdrola, nestes nove meses, 3.104 millóns de euros de beneficio; Greenalia está comezando, estana empuxando para ver se gaña máis, pero xa leva 12, ¡meus pobres!

Entón, aquí está a disxuntiva. En Viveiro está a xente na rúa, a xente que facía eólicos. E, mentres tanto, os seus amigos, gañando millóns. Así está, e entón ¿como lle van explicar vostedes á xente, aos traballadores e traballadoras de Vestas —que os botaron cando facía aeroxeradores— que as súas empresas amigas están gañando diñeiro a mans cheas? É bastante difícil de explicar.

Pero, coma sempre, evidentemente, traemos alternativas, porque non se pode criticar por criticar. E pedimos unhas cousas que, evidentemente, poden ser tachadas de bolchevismo, radicalidade e socialcomunismo; como, por exemplo, demandarlle ao Estado que, se exportamos enerxía como exportamos, teñamos un abaratamento nas peaxes, ¡unha loucura! Pedimos que exista certeza xurídica —xa se está vendo o que pasa—, que haxa participación cidadá —que aquí non hai— e que haxa custodia medioambiental, unha absoluta loucura tamén. E chegamos a pedir cousas tan extremistas como que os novos proxectos que se tramiten condicionen a súa instalación a que se constrúan os compoñentes e subministracións no noso país. Estamos pedindo que se poida traballar no noso país, ¡eh! Ou sexa, teñan coído co que estamos falando. Porque logo, como dixen, hai un «boom» eólico no noso país e pechan empresas que fan eólicos. Ti, se vives en Viveiro, miras para arriba e ves eólicos pero logo ves que te botaron dunha empresa que facía aeroxeradores. ¡A ver como se explica isto!

E logo, dúas cousas. O PP é moi de pensar que A Mariña pode vivir soamente de Alcoa, e por iso volvemos traer o xa tan afamado Plan industrial e de emprego. Traémolo con pouca esperanza, iso si, porque vemos que a Xunta sempre ten pavor a exercer como goberno, a ter competencias. Iso é arriscarse, porque non vaia ser que non teñan a quen botarlle a culpa. Pero tamén o vemos con poucas opcións porque votaron en contra de salvar Vestas, a pesar de que esa era só da súa competencia, votaron en contra de salvar Albo, votaron en contra de que se desenvolvesen os polígonos industriais do Valadouro e de Muras. Non sei de que queren que viva a xente na Mariña, pero ao final o resumo é o que lles digo sempre: que ao final son vostedes os maiores inimigos das empresas e da industria, porque non salvan ningunha nin traen ningunha nova; é dicir, nin fan nin deixan facer. Todas as empresas que están en perigo acaban caendo e a Xunta non fai nada. A Xunta, ao mesmo tempo, é incapaz de traer novas empresas. Nin fan nin deixan facer. Se fose empresario ou empresaria —polo menos, na Mariña, e creo que en todo o país— tería moito medo a que vostedes seguisen gobernando.

Pero, máis aló de todo isto, e porque vexo sempre moita preocupación na axilización eólica, ¿que pasa con Alcoa?, ¿imos seguir deixando que faga o que lle dá a gana ou van actuar como goberno? Porque o prezo da enerxía é moi importante, evidentemente, o prezo da enerxía é vital. Pero ¿que pasa respecto de que Alcoa incumpra abertamente o calendario de investimentos?, ¿que pasa con iso? Hoxe sabemos —e en palabras de Alcoa— que o forno de cocción non vai chegar para o 1 de xaneiro de 2024. Dío Alcoa abertamente, e isto é nada máis e nada menos que o investimento máis importante para o rearranque das cubas. En cambio aquí, todas e todos caladiños, non falamos nada, deixamos que Alcoa faga e desfaga como queira.



E isto tamén é unha cousa que explica moitas cousas, porque, mal que nos pese, vostedes representan, sustentan, o goberno deste país, e o goberno deste país ten que mandar máis cá empresa — neste caso, máis cá empresa ianqui de Alcoa—. Vostedes teñen que mandar máis ca Alcoa e non queren facelo. *(Aplausos.)* É o problema que leva explicando estes dous anos e medio de conflito.

Vou rematando cunha pregunta que explicaba antes, e ademais é o punto quinto da nosa emenda —que creo que é bastante explicativa—. Se os postos de traballo de Alcoa non se manteñen —esperemos que non pase e loitaremos por iso, evidentemente—, ¿que vai pasar con estes parques eólicos? Porque neste eido —ademais, temos experiencia e, sentímolo moito, temos que ser moi malpensados— gustaríanos ter unha resposta clara por todo o que fixeron e desfixeron.

Remato cunha frase dunha persoa que vía Alcoa de cerca no seu tempo, unha frase de Isaac Díaz Pardo —que, agora que o penso, ¡mi madriña se chega a ver o que fixeron con Sargadelos!—. Decía algo ben claro: «Ao final non é noso nin o vento».

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señor Castro, voulle dedicar pouco tempo pero, xa que vai isto de recordos e de imaxes, eu tamén recordo unha imaxe súa aquí, do primeiro día que chegou a esta casa, cando subiu aquí a esta mesa, que subiu vostede coa chaqueta de Alcoa. Pero non a volveu poñer nunca máis nesta casa. Agora pon vostede a americana, co cal non teño nada que reprocharlle, que eu levo tempo poñéndoa. *(Aplausos.)* Quero dicir, non hai maior problema. *(Murmurios.)*

Si lle vou facer outra aclaración. Vostede preguntou por que botaran os traballadores de Vestas en Viveiro. Porque vostedes se opoñen aos eólicos, que era o que facían *(Aplausos.)* Vostedes opóñense aos eólicos.

E terceira, esta si, á Mariña tocoulle a lotería. Non lle tocou a lotería por Navidades nin por Reis, pero tocoulle a lotería desde que vostede é deputado, porque parece ser que desde aquela A Mariña é cando empezou a despegar. Porque o que o oía a vostede falar da Mariña oe falar dunha das comarcas de Galicia cun maior poder adquisitivo e unha das comarcas de Galicia —con todos os problemas que poida ter— máis desenrolada a nivel industrial. Vostede parece ser que debe vivir nunha Mariña distinta a da que fala vostede no Parlamento. Eu, que son da Mariña, e ademais presumo de ser mariñán, creo que coñezo bastante ben a comarca.

Señorías, certamente a situación que está a padecer a industria electrointensiva no conxunto de España é moi delicada, non só no caso de Alcoa San Ciprián —que tamén—, tamén temos



o doutras industrias en Galicia, como pode ser Megasa en Narón, ou como pode ser Ferroatlántica en Arteixo ou Celsa na Laracha.

A incontrolada suba do prezo da factura eléctrica asfixia a familias e comercios, e impacta dun modo brutal nesta industria, na que o factor determinante dos custos de produción é o alto consumo eléctrico. Esta situación acontece porque —anos despois de debatelo nesta Cámara en moitas ocasións— a realidade é que España aínda hoxe carece dun prezo eléctrico competitivo. E as medidas adoptadas neste sentido para limitar os custos enerxéticos pola administración que ten as competencias, no ámbito da enerxía neste caso —que é o Goberno de España—, non foron eficaces. Para mostra, un dato: o prezo da enerxía multiplicouse por cinco desde o ano 2020. Hoxe a industria de gran consumo enerxético en España paga oito veces máis pola enerxía do que pagan en Francia. Todo iso a pesar de estar en marcha o mecanismo de excepcionalidade ibérica que tanto defende o señor Sánchez e tanto defende a Moncloa.

Afondemos un pouco máis na cuestión.

O goberno de Sánchez viuse incapaz de ofrecer un marco enerxético que realmente permita, tanto a Alcoa como ao resto da industria electrointensiva, competir en igualdade de condicións con outras fábricas a nivel europeo. Estas industrias en España son moi eficientes, pero o desorbitado custo da enerxía lévaas a ter que pagar ata 215 euros por megavatio, fronte ao tope de 42 euros, por exemplo, establecido en Francia. E as medidas adicionais habilitadas polo Goberno de España, como foi o estatuto electrointensivo, fracasaron a día de hoxe. Foron claramente insuficientes para estas industrias. Polo cal, no Partido Popular non entendemos por que motivo o goberno Sánchez non aplica as mesmas medidas que están a levar adiante outros países europeos para minimizar este impacto na industria electrointensiva. Non entendemos no Partido Popular por que se opón sistematicamente a todas as propostas dirixidas a establecer un escudo e protexer estas industrias e os seus empregos. E, aínda que lles pese a socialistas e a nacionalistas, hai un dato incuestionable: Alcoa —antes Endasa e Inespal— pasou por moitas situacións de crise ao longo dos seus cincuenta anos de historia. Pero todos os gobernos —e digo «todos os gobernos»— habilitaron ferramentas máis ou menos duradeiras que fixeron posible a súa continuidade. E digo «todos excepto un»: o actual. Con Pedro Sánchez na Moncloa, por primeira vez na historia de España, Galicia deixou de producir aluminio primario.

Señorías, igual que a señora Otero, ou igual que o señor Castro, ou igual que o señor Vega, eu resido na Mariña lucense. Para min eses dous mil traballadores que directa ou indirectamente dependen de Alcoa teñen nome e apelidos; é dicir, son os meus veciños, e dóeme a situación de incerteza que están sufrindo vendo como o tempo pasa, como se aproxima a data prevista para a reactivación das cubas —xaneiro de 2024— e os compromisos non avanzan ao ritmo esperado.

Creo que a unidade de acción política e social é moi positiva, que a unidade foi decisiva en moitos momentos desta crise, que o feito de que todos xuntos, as distintas administracións —tivesen a cor política que tivesen—, sindicatos, alcaldes e a sociedade, actuásemos unidos fixo posible frear os despidos para parar o ERE e conseguir que Alcoa ofrecese un acordo que



permite que os traballadores en dous anos sigan percibindo os seus salarios. No Partido Popular —xa lle adianto, señora Otero— faremos o posible para acadar un novo acordo unánime deste Parlamento. Pero de nada vale que todas as forzas políticas aprobemos iniciativas nesta Cámara se despois non se cumpren.

Os traballadores de Alcoa e da industria electrointensiva galega están cansos de promesas e queren feitos. E non todas as administracións están a ter o mesmo grao de compromiso. A última iniciativa aprobada nesta Cámara por unanimidade en apoio ao sector puxo deberes que o Estado hoxe ten pendentes: recuperar o sistema de xestión da demanda de interrompibilidade, establecer poxas específicas de produción de enerxía renovables, máxima compensación dos custos por CO2 —o Goberno debeu destinar a este fin 261 millóns de euros se quixese esgotar o importe máximo permitido a España neste sentido— e impulsar a contratación das PPA renovables coa industria.

E a unidade é certo que tamén exige lealdade política, por suposto —e máxima neste caso—. E non podemos facer como o Bloque Nacionalista Galego, que neste como noutros asuntos ten unha dobre faciana. Por unha banda, señorías, nas manifestacións co sindicato CIG din estar do lado dos traballadores de Alcoa, pero despois promoven plataformas, promoven asociacións, contra os parques eólicos en Foz, por poñer un exemplo, e en Mondoñedo, en Lourenzá ou na Pastoriza, (*Murmurios.*) ¡contra os parques eólicos que necesita Alcoa para subministrarse! (*Aplausos.*) Ou, se non lles vale iso, o seu grupo ecoloxista irmán, Adegá, presenta recursos contra o encoro de lodos vermellos sen o que non se podería restablecer a produción de Alcoa. O seu ecoloxismo presenta recursos.

Señorías, señora Otero, o Partido Popular presenta unha emenda na que, respectando o acordo proposto polo Partido Socialista, demandamos o mesmo grao de compromiso a todas as administracións. Insta a Xunta e insta o Goberno central, o Goberno de España, a facilitar a tramitación dos parques eólicos necesarios e que cumpran a normativa para que o prezo da enerxía sexa competitivo para Alcoa San Cibrao.

Vostede recoñeceuno no seu discurso. A Xunta xa deu o primeiro paso demostrando a súa vontade de colaborar neste proceso. Aprobou unha axuda directa por valor de preto dun millón de euros para que Alcoa mellorase a súa eficiencia enerxética. E tamén agora declarou a excepcionalidade de tres primeiros parques eólicos o pasado xoves. A Xunta autorizaba tres parques eólicos acolléndose á excepción legal que o Partido Popular aprobou recentemente —e non estou de acordo co que dixo vostede de que a Xunta estivese de brazos cruzados— para que axuden e contribúan ao obxectivo final de recuperar a produción de aluminio en Alcoa. A autorización final destes parques é unha competencia estatal, xa que superan os 50 megavatios, polo que agardamos a mesma sensibilidade do Goberno de España e de todas as forzas políticas neste Parlamento, incluído tamén o Bloque Nacionalista Galego, sensibilidade para axilizar a súa tramitación e facer realidade estes proxectos canto antes. O tempo corre.

E remato como empecei. Os traballadores de Alcoa, os traballadores da industria electrointensiva galega, están cansos de promesas, queren feitos. Cumpramos, e cumpramos todos.



E, señores do Bloque Nacionalista Galego, deixen vostedes de enganar os traballadores de Alcoa. Coñécenos ben, deixen vostedes de, por un lado, manifestarse cos traballadores de Alcoa e, por outro lado, crear plataformas contra os parques eólicos que lle teñen que subministraren enerxía a Alcoa. Deixen vostedes, co ecoloxismo de Adegá, de presentar recursos contra a balsa de lodos rojos; que, se cerra a balsa de lodos rojos de Alcoa, hai que cerrar Alcoa. E iso é o que teñen que saber — que xa o saben tamén — os veciños da Mariña. Por iso vostedes son a terceira forza política e por iso vostedes, das dezaseis alcaldías que ten A Mariña gobernan en dúas — nalgunha ocasión gobernarón catro, agora gobernan dúas—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: E por iso nas eleccións autonómicas lles deron a vostedes unha cura de humildade, que lles valía para reflexionar. E por iso vostedes co pacto de Ana e Adriana ían arreglar todo, incluída a súa líder, e non arreglaron nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* O único que fixeron cos traballadores de Alcoa foi enganalos, mentirlles e vendelos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Mire, señor Castro, eu a verdade é que tamén, como veciña da Mariña, digo que vostede sacaba unha foto e dicía que esa era a orixe das manifestacións en defensa do mantemento dos postos de traballo de Alcoa. Sacaba unha foto dun compañeiro seu, concelleiro do seu partido político nun concello da Mariña lucense. Eu digo que esa non era a orixe. Os mariñáns levamos anos, ¡anos!, saíndo ás rúas e manifestándonos para loitar polo mantemento dos postos de emprego de Alcoa. Non é a orixe esa foto, señor Castro. *(Aplausos.)*

Eu o que quería era falar de presente e de futuro para o mantemento dos postos de traballo de Alcoa. Creo que aquí fixen referencia en varias ocasións na miña primeira intervención a que loitamos por ese mantemento dos postos de traballo de Alcoa, non polo que é a multinacional en si, pero eu quería falar de presente e de futuro. É verdade que o señor Balseiro sacou a relucir o do marco enerxético do Goberno central. O Partido Popular parece que non tivo ningunha responsabilidade no marco enerxético nos anos que estivo a gobernar en Madrid. Falaba do estatuto electrointensivo. Non sei onde está o estatuto electrointensivo do Partido Popular porque nunca houbo. E chegou a recoñecer ferramentas máis ou menos duradeiras no tempo. O que foron foron parches, señor Balseiro. E, claro, deses parches estamos nesta situación na que estamos no día de hoxe.

A verdade é que coincido en parte coa súa intervención de hoxe, e considero que foi fundamental a unidade entre as organizacións políticas, a sociedade civil, entre os representantes



legais dos traballadores. Esa unidade foi fundamental para facer baixar a cabeza a Alcoa, para poder tombar ese expediente de regulación de emprego; porque foron fundamentais tamén os informes que se aportaron por parte da Xunta de Galicia e tamén do Goberno central para poder tombar ese expediente de regulación de emprego. Entón, eu hoxe o que pretendo con esta iniciativa é seguir indo da man e seguir mostrando esa unidade para darlles un futuro a eses traballadores e traballadoras.

E, como o señor Balseiro pedía a mesma sensibilidade e o mesmo grao de compromiso, de cara á petición que nós traemos hoxe á Xunta de Galicia para que axilice a tramitación deses parques eólicos non podemos olvidar que hai parques eólicos que son competencia directa e exclusiva da Xunta de Galicia. Os parques eólicos que son de ata 50 megavatios son de competencia da Xunta de Galicia, e tamén podería axilizarse a tramitación deses parques eólicos —que, como digo, dependen única e exclusivamente do Goberno galego— para axudar ao mantemento dos postos de traballo de Alcoa. Pero recollo o guante e pedimos tamén a mesma sensibilidade e a mesma axilidade ao Goberno central de cara á tramitación deses parques eólicos.

Polo tanto, nós imos aceptar a emenda do Partido Popular porque coincidimos en que hai que poñerlles deberes ás dúas administracións. Non entendía moito a outra parte da emenda, na que pedían que se cumprise, loxicamente, a normativa. Nós dabamos por feito que o Goberno galego cumpre sempre a normativa e cumpre as leis, pero a verdade é que me dá pé a dicirles aquí que, claro, en vista dos exemplos que antes puxo enriba da mesa a miña compañeira Rodríguez Rumbo, que dicía cantos casos foron anulados polo TSXG —incluso tomados polo propio Tribunal Supremo—, pois, claro, é normal que vostedes teñan medo e queiran meter incluso esa coletilla, que nós aceptamos. Pero entón, benvidos, vaíamos da man para poder darlles un futuro a estes traballadores e a estas traballadoras.

E, dende logo, hai algo que tamén dicía o señor Castro e que a min me parece fundamental —que hoxe ao mellor pasei moi por riba na miña primeira intervención—. E é que, dende logo, as administracións, Xunta de Galicia e Goberno central, teñen que estar enriba de Alcoa para que cumpra os seus compromisos. Hai que meterlle toda a presión por parte do Goberno galego, por parte do Goberno central, tamén dos partidos políticos, para que Alcoa cumpra os seus compromisos e acometa os investimentos comprometidos que permitan que se manteñan eses postos de traballo.

Viamos o outro día, recentemente, como a propia multinacional comunicaba que non ía chegar a tempo ese forno de ánodos, que é un dos investimentos clave para poder reabrir a factoría no ano 2024. Este investimento, este forno de ánodos de gran tamaño, é fundamental para o futuro de Alcoa. Polo tanto, metamos toda a presión dende as administracións e tamén dende os grupos parlamentarios para que Alcoa cumpra cos seus compromisos.

A verdade é que me alegro de que sigamos indo da man neste tema que é fundamental para darlles un futuro aos traballadores de Alcoa. Onte o Goberno central e a Xunta de Galicia amosaban ese compromiso de coordinarse para axilizar os proxectos eólicos de Galicia, cada un nos que ten competencias. Os de menos de 50 megavatios son competencia do Goberno galego, e a tramitación dos de máis de 50 é do Goberno central. Nós o que lle dicíamos é que



considerabamos que o Goberno galego ía un pouco lento á hora de poder impulsar eses proxectos eólicos, como fixeron a semana pasada no Consello da Xunta, dándolles esa excepcionalidade que permita que se poidan tramitar eses parques eólicos. Benvidos sexan, é algo que levamos pedindo dende o PSdeG dende hai tempo, incluso que responderan tan rápido á inclusión da nosa iniciativa na orde do día. A verdade é que foron moi áxiles por parte do Consello da Xunta, creo que a diferenza foi de un ou dous días. Pedimos que se siga a traballar con ese ritmo cumprindo toda a normativa —que me parece obvio dicilo, pero parece que hai que recalcalo—. Entón poderemos traballar todos xuntos.

Nós hoxe tamén tendiamos a man —volvo repetirillo—. Esa petición ao Goberno de España eu sinto dicir que foi polo escaso ou nulo traballo da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...pero se necesitan máis tempo para que eses proxectos eólicos se poidan levar a cabo, dende logo, teñen o apoio, unha vez máis, deste grupo parlamentario. Polo tanto, eu hoxe creo que, se acadamos un acordo por unanimidade, será moi bo para o futuro da Mariña.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda do BNG?

A señora OTERO RODRÍGUEZ: No tocante á emenda do Bloque Nacionalista Galego, aínda que concordamos en moitas das partes da súa emenda, como nese plan de impulso á reindustrialización para A Mariña, queremos hoxe centrar o tema nos parques eólicos, que é un dos compromisos tamén para poder afianzar a reapertura das cubas no ano 2024.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular e solicítase a votación por puntos.

¿Acéptase a votación por puntos?

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Que puntos quere separar? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O punto número 2. Vale.



Entón comezamos votando o número 2.

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto número 2 desta proposición por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto número 2, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición, excepto o punto número 2.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Paulo Ríos Santomé.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte á situación de precariedade e empobrecemento que sofre a mocidade galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Marta Nóvoa.*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e dez deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona Patricia Otero.*

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Popular e non se acepta a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para lograr un prezo da enerxía competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto sexto da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o transporte escolar público

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

Boa tarde a todas e todos.

Ben, preguntado vostede neste Parlamento arredor da problemática que se estaba a trasladar en distintos puntos do país co inicio do curso do transporte escolar, aseguraba vostede que o transporte escolar era un orgullo e que estabamos ante feitos illados. A mesma afirmación, a mesma resposta que trasladaba á nosa compañeira Noa Díaz a conselleira de Mobilidade: que estabamos ante casos illados.

Eu teño aquí unha compilación dalgúns titulares dende o comezo do curso ata agora: «O transporte escolar tamén pasa de longo en Santiago en paradas de alumnos por estar xa cheos». «Arteixo denuncia o descontrol no transporte escolar do municipio. O servizo de transporte escolar está a ser caótico desde que se adxudicou o novo contrato a finais do 2021». «Queixas en Poio ao fallar o transporte escolar e deixar alumnos tirados nas paradas». «A familia dunha estudante do IES Eduardo Pondal expón unha queixa por múltiples incidencias padecidas no servizo». «O bus escolar “esqueceuse” do alumnado do Bouza Brey trasladado ao IES Cotarelo. “Desde que nos cambiaron, cada día un desgusto”» din os afectados. «Estudantes de Negreira e Brión quedan á intemperie polos axustes do autobús». «A Federación de ANPA reclama unha solución ao caos de buses escolares». «Bus escolar con parada a un quilómetro e medio. A familia pide axustar o roteiro do transporte do colexio». «O inicio do curso escolar pon en evidencia o caos do servizo de transporte na Barbanza. Os institutos de Ribeira son os máis prexudicados, con estudantes que quedan en terra porque non hai prazas suficientes». «Familias denuncian atrasos e erros nos percursos que xa tiveran lugar durante o curso pasado».



Outro titular: «Van tres nenos en dous asentos e outros nas escaleiras do autobús. Os pais dos alumnos do instituto da Barcala describen un auténtico caos». «Queixas polo transporte escolar no rural: de trece minutos en coche a máis dunha hora e media no autobús». «As familias mobilízanse fronte ao caos do transporte escolar en varios centros de Compostela. Denuncian atrasos, falta de buses e desatención nos roteiros de transporte escolar». «Numerosas queixas pola falta de transporte para os estudantes do IES de Curtis». «Os problemas do transporte escolar tamén afectan ao colexio plurilingüe de Vedra». «Familias da Baña estudan mobilizacións e folga para reclamar transporte escolar. Denuncian que a empresa concesionaria do servizo non cumpre cos cambios acordados». «As deficiencias do transporte escolar en Santiago: “Os nenos chegan ás clases empezadas e os pais entran tarde a traballar”. Os atrasos de horarios no transporte ao colexio de Vite son constantes desde o inicio do curso». «ANPA e pais e nais do centro da Sionlla presentan reclamacións e aseguran que a situación se repite con frecuencia desde o mes de xaneiro». «Sen autobús de Negreira ata Santiago e atrasos do transporte escolar en Teo e A Baña».

«Esther Martínez, presidenta de Fanpa Compostela: “A situación do transporte escolar é insostible, afecta a moitísimos centros”. Exixe solucións á Consellería de Educación, tras semanas xa de frecuentes problemas».

«As ANPA de Lugo alertan dos problemas do transporte escolar na Montaña». Outra: «Temos que levalo a unha parada de bus a dous quilómetros e hai unha a noventa metros. Desde o instituto Parga Pondal de Carballo pediron que se reactiven dez puntos de recollida de alumnos». «A desorganización do bus escolar deixa en terra alumnos do Cotarelo. Varios rapaces tiveron que regresar andando aos seus domicilios a mediodía de onte». E quedarían uns cantos máis titulares, pero quedaríamos sen tempo.

Señor conselleiro, isto é unicamente para falar de se estamos ante casos illados ou non, penso que esa parte polo menos queda constatada. Igual que, como dicíamos, que esta problemática non é nova, que xa a temos debatido ao final do curso pasado, a comezos do ano pasado e tamén neste inicio de curso.

Ninguén dubida —iso agardamos— da importancia que ten o transporte escolar para todas as familias, para o alumnado, para a conciliación e tamén, evidentemente, é sobre todo un servizo básico no ámbito rural.

Imaxinamos que na Xunta preocupa chegados a este punto — como a nós, como ás familias— que os nenos e as nenas perdan, por unha banda, clases, coa afectación que supón na súa ensinanza e na organización do curso para o profesorado. Imaxino que preocupa na Xunta, na súa consellaría como a nós, como ás familias, a inseguridade e a preocupación; con nenos e nenas que se ven afectados polos atrasos continuos que teñen que agardar na rúa por un transporte que ou chega tarde ou, en ocasións, nin chega, ou cando quedan fóra dos centros agardando a ser recollidos á súa sorte.

Co comezo do curso poderíamos pensar que estabamos ante problemas illados, froito do desaxuste dun inicio de curso, pero unha semana máis tarde, varias semanas máis tarde, algúns destes problemas persisten. E engloban, como dicimos, dende atrasos nos autobuses,



o que supón que o alumnado chegue tarde, ata que queden tirados ou ata que os pais ou as nais teñan que chamar a veciñas ou veciños, mesmo chamar taxis, para desprazalos.

Son tantas as ANPA e as familias que arredor do país están denunciando esta problemática que xa non é cuestión de ir centro por centro, localidade por localidade preguntando neste Parlamento. Eu vou ler un caso concreto que trasladaron a este Parlamento, que nos dicían que hai uns días parte se solucionou, pero que penso que é bastante ilustrativo dun problema —insisto— que é común arredor do país. Cótannos dende a ANPA do colexio plurilingüe de Vedra: «Desde a ANPA do noso centro trasladámoslle a nosa situación porque cremos que mes e medio despois é tempo máis que dabondo para poñer remedio. O inicio de todo isto está nas liñas de transporte, que antes dependían da Consellería de Educación e que agora pasaron á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, nun novo servizo de transporte integrado que viría resolver as eivas do transporte público de pasaxeiros no rural, cheo de posibilidades, así nolo dicían.

No caso concreto...» —e fala do lote— «...da concesión, prestan servizo na actualidade tres empresas: Monbus, Abalo e Seoane. Os problemas témolos fundamentalmente coas liñas que atende Monbus. Non é novo porque xa con anterioridade a esta licitación había problemas coa liña nesta compañía —que entendemos que estarán recollidas na Consellería de Educación—, que acumulaba atrasos pola obstinación en manter combinacións entre centros que eran inviables polas puras leis da física elemental, pero o deste curso está sendo xa gravísimo. É difícil condensar o ronsel...» —dinnos dende a ANPA— «...de problemas que padecemos este curso. O menos grave para as familias son os atrasos, que van dende os habituais cinco minutos nunha das liñas, ata máis de corenta e cinco minutos noutra das liñas. Pero o máis grave, parécenos, é o estado dos vehículos que nos están enviando e nos que subimos os nosos fillos e as nosas fillas.

Confiamos na pericia e responsabilidade dos condutores e das acompañantes, pero non teñen os medios apropiados para traballar e están sumamente lonxe do que a propia consellaría estimaba como mínimo imprescindible e, en moitos casos, mesmo vulnerando a lexislación vixente.

Temos recollido vehículos que a súa data de matriculación supera os catorce anos. Como hai escasos días, un luns, o autobús que viña para a liña...» —cita cal é— «...avariouse, co cal enviaron outro no que un dos limpaparabrisas estaba roto a pesar de ser un día de moita choiva, un piloto luminoso roto e que ademais ocasionou un atraso de quince minutos á entrada das aulas. Ao día seguinte, un martes, o vehículo non conseguía pechar a porta ben e tiñan que facer varias tentativas e esforzos para que pechase. O mércores, directamente a porta dianteira non abría e os rapaces e rapazas entraban e saían unicamente pola porta traseira.

Noutra liña, o vehículo chegou tarde a recoller os nenos e as nenas á saída, cando xa marcharan todos os demais autobuses deixando a eses menores sós.

Isto é o que vemos nós, non sabemos se hai algún outro problema máis grave.

A idade máxima dos vehículos, non é antollo, é unha cuestión de seguridade xa que son autobuses que están moi deteriorados polo intenso uso. Ao longo destas semanas tivemos que



ver como o condutor abandonaba o vehículo para empurrar desde fóra a porta pola que subían os nosos fillos e fillas para pechala, que a acompañante escolar tirase por ela desde dentro porque tampouco funcionaba, pedirilles que busquen os asentos nos que funcionen os cintos. Vehículos sen cintos cando viaxan alumnos e alumnas desde os tres anos, cruzando os dedos para que cheguen para todos, os vidros rotos, tapicería rota, golpes no chasis, con fendeduras, asentos mollados moitas veces porque chove dentro, lixo, pintadas... Máis que a puntualidade preocúpanos a seguridade das nosas fillas e dos nosos fillos.

Vai un mes e medio, resulta inadmisibile...» —estou lendo este correo— «...non ter garantida a seguridade na que están viaxando os rapaces e rapazas. Non imos consentir que se preste en condicións desaxeitadas.

Presentamos reclamacións desde a ANPA do centro, as familias tamén a nivel particular, á Dirección Xeral de Mobilidade. Imos tamén reenviar este correo, esta información a todos os grupos que están no Parlamento, meter iniciativas...»

Señor conselleiro, podería seguir lendo. Eu penso que con toda esta problemática, que está comunicada, como vostede sabe, puntualmente á Dirección Xeral de Mobilidade, chegados a este punto non atopamos explicación razoable para ese desleixo; hai negligencias constatadas, falta de puntualidade continuada, falta de calidade, problemas de limpeza, de mantemento e, o máis importante, de seguridade. E a responsabilidade primeira e última é da Xunta de Galicia.

Polo de agora máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en política sempre hai unha serie de regras que non fallan. Unha é a previsibilidade. Eu xa contaba con que a señora deputada do Partido Socialista fixera aquí unha enumeración de titulares. Eu tamén lle podería facer moitos titulares. Aquí hai un lote de fotocopias da época do Bipartito e só lle vou ler un. *(Murmurios.)* «*Uno de cada tres colegios tiene problemas con el transporte*». E despois pódolle citar casos de Carnota, de Muros, das ANPA da Estrada, de Chantada... de moitísimos lugares. É dicir, se vostede quere facer unha guerra de titulares, como se soe dicir hai para todos, hai para todos —non vexo construtivo facer isto, por iso non o vou facer—.

Outra cuestión é a exaxeración, *(Murmurios.)* creo que outra cuestión é a exaxeración. E vostede plantexa un panorama absolutamente paupérrimo no transporte escolar e baséase fundamentalmente nun caso. Vostede cuestiona á Xunta de Galicia porque dicimos que son casos puntuais, a súa argumentación é un caso puntual. Co cal, está entrando nunha especie de exaxeración



porque tampouco ten en conta a escala do que falamos, non ten en conta a escala do que estamos a falar. E eu intentarei poñer encima da mesa unha serie de datos que creo que van demostrar que o sistema de transporte escolar de Galicia é bo, atreveríame a dicir tremendamente bo. E que existen casos illados nos inicios de curso, fundamentalmente nos inicios de curso, que obviamente hai que ir corrixindo e que hai que ir axustando nos primeiros días dese inicio de curso.

Cuestionar politicamente polo que sucede de xeito moi puntual nos inicios de curso no transporte escolar denota un certo baleiro de crítica política. E é certo que existen algúns casos puntuais, pero tamén non é menos certo que se corrixen de xeito practicamente inmediato e en moi poucos días.

Galicia ten o servizo de transporte escolar máis grande de España, o máis amplo de España. Réxese obviamente por unha normativa de carácter estatal que nos vén dicir que se debe favorecer o acceso fundamentalmente dos alumnos do rural, para garantir, por suposto, a igualdade de oportunidades mediante o transporte escolar. Nós obviamente desde a Xunta de Galicia cumprimos perfectamente esta normativa. Todos os alumnos, todos os alumnos con independencia de onde vivan, que cumpran coa normativa ou que teñan dereito a transporte escolar, téñeno sen ningún tipo de dúbida. Creo que iso levou e leva a que Galicia teña a rede de transporte escolar máis grande de España, a máis importante de España sen dúbida. De feito hai un dato moi significativo. Galicia cunha porcentaxe de poboación de arredor do 5 %, adica o 20 % do total de España a transporte escolar. Creo que hai que ter en conta estas cuestións para poder criticar ou cuestionar un servizo máis alá dun caso concreto. Todo o alumnado con dereito ao transporte escolar gratuito teno, e teno garantido.

Cuestión de escala. Creo que é importante ver a magnitude do que estamos falando. Magnitude económica, xa o dixen antes: o 5 % da poboación escolar do conxunto do Estado, aproximadamente o 20 % do orzamento do Estado. Multiplicamos por catro o que nos tocaría en base á poboación escolar, obviamente debido á dispersión xeográfica da poboación e do sistema de asentamentos en Galicia.

A Xunta de Galicia adica aproximadamente 120 millóns de euros a transporte escolar. Unha cantidade creo que moi significativa. Aproximadamente 700.000 euros/día que Galicia adica a transporte escolar. Que é, por suposto, o 100 % gratuito para as familias.

Escala, magnitude numérica, estamos a falar de 80.000 alumnos e alumnas que son transportados polo sistema de transporte escolar en Galicia, 80.000 alumnos; aproximadamente o 40 % dos alumnos que teñen ensino obrigatorio e que teñen dereito a este sistema. Estamos a falar de que chegamos aos 774 centros escolares; e dicir, máis do 70 % dos centros educativos de Galicia teñen transporte escolar, é unha magnitude numérica a ter en conta.

E unha magnitude e unha escala loxística para non quedar no caso concreto. Conta Galicia con 3.877 rutas, case catro mil rutas, e máis de vinte mil paradas: 20.561 paradas. A metade deste sistema, aproximadamente, xestiónao a Consellería de Educación —o 47 % das rutas xestiónaaas Educación— e o 53 % xestiónaaas mediante un sistema de transporte compartido a Consellería de Mobilidade. No caso concreto da xestión de Educación falamos de 1.593 rutas, falamos de 11.533 paradas, falamos de 424 centros escolares.



Fíxese nos datos e a magnitude dos datos, só os buses que prestan o servizo dentro do ámbito da Consellería de Educación percorren anualmente 6,5 millóns de quilómetros/ano. Se facemos unha comparativa, se medimos por exemplo o ecuador, podemos dicir que podemos dar 150 voltas completas á Terra a través do ecuador. Dígoo para ter unha escala e unha magnitude do que falamos, para non obsesionarnos en casos concretos e moi particulares. Obviamente, que pode haber servizos concretos en case 4.000 rutas, por suposto; é que as houbo sempre, e seguramente sempre as haberá. Agora, intentar facer unha causa xenérica a partir dun número moi concreto, moi cativo, de casos, pois realmente eu diría que é un baleiro político.

¿Que se fai cando hai unha incidencia, un problema, unha cuestión como a que vostede acaba de dicir? Obviamente, a Administración non queda de brazos cruzados, non queda mirando a ver que pasa. Cando hai algún tipo de incidencia —que por suposto non a desexa ninguén, nin a Administración nin as familias nin incluso a empresa concesionaria nin o centro educativo—, o que se fai é que se actúa para corrixilas e para que, digamos, deixen de ser.

Basicamente, hai unha serie de cuestións que se repiten todos os anos, pois un retraso nunha parada, un autobús que non para nunha parada e para na outra, nun lugar onde había x alumnos hai x alumnos mais algún máis, o que significa que non collen no mesmo autobús e teñen que pasar un par de días para cambialo. É dicir, cuestións absolutamente normais, máxime neste ano que neste inicio de curso se modificou o 50 % das rutas, o 47 % das rutas se modificaron. Estamos a falar case de dúas mil rutas novas.

Obviamente, hai tamén cuestións estruturais, todos os anos se mudan paradas, créanse unhas e suprímense outras. Créanse unhas cando hai alumnos que antes non había ou suprímense se non hai alumnos nesa parada; ou nunha parada na que había x alumnos, como xa dixen, pódese modificar o seu número, afectando a capacidade do autobús, pero cando se detecta, infórmase e corríxese. Por suposto, hai un seguimento constante e unha vixilancia e un control constante da Administración, e soluciónanse mediante un protocolo todas as cuestións que van xurdindo. Hai un protocolo polo cal unha vez que un centro educativo comunica unha problemática se poñen en marcha unha serie de mecanismos no ámbito das xefaturas territoriais, contáctase coa empresa e iso permite que haxa unha corrección practicamente inmediata das problemáticas que poden xurdir e que van xurdindo nos inicios de curso. Obviamente, tramítanse as denuncias e fanse os certificados das incidencias. A todo isto, e durante o curso e de xeito ordinario, hai controis específicos, por unha parte dos inspectores da Dirección Xeral de Mobilidade —que o fan de xeito aleatorio e detectan problemáticas que se solucionan ou se multan— e tamén hai un acordo coa Garda Civil de Tráfico fundamentalmente para que fagan inspeccións do transporte escolar. É dicir, identifícanse as problemáticas, actúase, hai control, hai seguimento, identifícanse os cumprimentos e adóptanse medidas a este respecto.

E basicamente, como xa dixen, estamos ante dous tipos fundamentais, por unha parte desaxustes horarios, que se corrixen, tamén algún tipo de deficiencia nos propios autobuses, que se corrixe. E todo isto leva a que por parte da Administración autonómica se poñan en marcha as medidas correspondentes e se subsanen as deficiencias que xorden.



Obviamente, como xa dixen, estamos ante un servizo que é tremendamente complexo, dunha enorme escala, dunha enorme dimensión, onde a existencia dun caso concreto non nos pode levar a pensar que todo o servizo ten un mal funcionamento cando é xustamente o contrario: temos que estar orgullosos do transporte escolar en Galicia e do bo funcionamento do transporte escolar en Galicia. (*Aplausos.*)

Neste inicio de curso, como en todos os inicios de curso, houbo desaxustes, comunicáronse, e os servizos de inspección e a Administración tomaron nota e buscaron a subsanación e tamén a posta en marcha de penalizacións. De feito, abríronse vinte e catro expedientes de penalización onde se multaron as empresas por incumprimentos; a imposición de penalidades, como xa dixen, foron a vehículos que non corresponden á categoría ambiental, vehículos que tiñan unha antigüidade máxima ofertada. É dicir, cuestións que sempre se corrixen cando se detectan. E, por suposto, hai os planes regulares de inspección.

En definitiva, todos os alumnos que teñen dereito a transporte escolar en Galicia o teñen. Todos os alumnos que necesitan para ter unha escolarización en Galicia en igualdade de oportunidades o transporte escolar dentro do ensino obrigatorio o teñen, e o funcionamento existe. Cando hai problemáticas, adóptanse as medidas necesarias, ábreanse os expedientes necesarios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...e cóbrese e dáse saída ao protocolo necesario.

En definitiva, é un bo, un moi bo, sistema educativo e non podemos pensar que cuestións concretas —como vostede fixo cun caso concreto onde baseou unha gran parte da súa intervención— poden poñer en ningún momento en cuestión un gran servizo complementario como é o servizo de transporte escolar en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Si, señor conselleiro.

Lemos un *mail* dun caso concreto, pero como xa lle repasei, aquí hai cinco páxinas de titulares das últimas semanas, só das últimas semanas arredor de todo o país. (*Aplausos.*) Serán as ANPA, os pais e as nais as exaxeradas porque este grupo parlamentario e esta deputada evitaron a propósito facer ningún xuízo de valor máis alá de trasladar a realidade que están a denunciar as ANPA, como dicíamos, arredor de todo o país.

E serán casos illados, como vostede dicía, casos illados que curiosamente eran illados hai un ano, no comezo de curso, eran illados no mes de decembro do 2021, eran illados en xa-



neiro do 2022, eran illados a mediados do curso pasado, eran illados cando a miña compañeira Noa Díaz no verán trasladaba unha pregunta neste Pleno. Foron illados tamén a comezos deste curso o 8 de setembro, illados tamén cando levamos este asunto hai poucas semanas a comisión e illados tamén despois de que esta ANPA de Vedra nos traslade que despois de varias semanas seguen a padecer esta situación.

Porque ademais, señor conselleiro, son situacións, como dicíamos, que non son illadas pero que ademais non son nin soan novas para vostede, porque están perfectamente comunicadas, trasladadas e as coñece vostede perfectamente. E volvemos repasar a lista: horarios que non se respectan —que, fíxese vostede, non sería o maior problema incluso, aínda que cando falamos de cativos e de menores agardando e tirados na rúa, evidentemente, si que o son—, autobuses que non chegan nunca ás paradas, emprego de VTC e taxis en vez dos vehículos obrigados, nenos e nenas de pé nos traxectos porque os autobuses son de menor capacidade que os usuarios que recollen. Isto non é unha cuestión illada, se ti tes que recoller trinta alumnos, trinta menores, e envías prazas para vinte, non é un problema fortuíto, ata aí estaremos de acordo; e non acontece nunha ruta, acontece, señor conselleiro, en varias, pero será, segundo vostede, un feito illado. Teremos que facer unha actualización do significado da palabra illado. Autobuses sen rotular; nenos e nenas de pé; autobuses onde non funcionan os cintos de seguridade; rapazas e rapaces que lles van indicando aos condutores ou condutoras por onde teñen que ir, por onde teñen que parar, porque non coñecen as rutas; condutores e condutoras dos autobuses que non coñecen esas rutas porque tamén nalgún caso se lles comunica a noite anterior.

¿Que medidas son as que están tomando? Falaba vostede de que se realizan inspeccións, sancións. Pois pediremos que nos fagan un informe e que o leven a este Parlamento, con transparencia, como están inspeccionando e como están actuando. Pero á vista das súas palabras, dicindo que non pasa nada, que é unha dramatización o que estamos facendo aquí, non quedamos moi tranquilas, señor conselleiro. ¿Cantos expedientes teñen aberto polo incumprimento dos contratos?

Nin unha soa palabra para referirse, para advertir, para garantir que as empresas teñen que cumprir con ese servizo, con calidade. Dédicase vostede a quitar valor, a quitar peso ás denuncias das ANPA, das comunidades educativas, da oposición, a dicir que todo é marabilloso e non dedica un só minuto a garantir que o servizo vai ser de calidade e que non se van repetir estes problemas. Nin unha soa palabra. E xa imos tarde, mal e a rastro, como dicimos, como advertimos arredor dunhas licitacións que en vez de primar a calidade, o que prima —e levamos moito tempo dicíndoo— é a economicidade.

Insistimos en pedir eses informes de cantas inspeccións, cantas sancións e que nos conteste. ¿Considera vostede aceptable que os nenos e nenas cheguen en numerosas ocasións tarde á clase? ¿Que cando remata o horario lectivo queden tirados ou agardando ás portas do colexio? Insistimos, menores de idade. ¿Considera vostede que é unha dramatización, unha exaxeración que as ANPA e as familias falen de preocupación, de ansiedade, sobre todo cando falamos do alumnado máis cativo, tamén do alumnado con necesidades especiais, conselleiro, que emprega o transporte escolar e, que como sabe vostede, responde a unha orde, a unhas dinámicas horarias moi concretas para garantir a súa estabilidade emocional e que tamén se está a ver afectado por estas deficiencias?



Se é un problema illado, poderá garantir vostede que non imos ter que traer a este Parlamento nunca máis o problema, se quere facemos o trato. Se quere facemos o trato. *(Aplausos.)* Así de sinxelo, xa que está vostede tan seguro, funciona tan ben e somos tan exaxerados, nós facemos o trato.

Oxalá poidamos falar doutras cousas, e oxalá, de verdade, a mensaxe que traslade vostede aquí sexa de contundencia cara a esas empresas, porque é un servizo absolutamente básico para as familias, para a conciliación e máis, como dicíamos, para todo ese alumnado e familias que viven na contorna rural. E como pais e nais, entenderá vostede que tranquilos... —cando os chaman ao traballo que teñen que ir buscar os fillos, que están con cinco ou seis anos agardando nunha parada do autobús porque non chegou o autobús—, entenderá que non estean para botar foguetes, e dicir que hai que estar orgullosísimos de como funciona o transporte escolar en Galicia, conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Peche da interpelación, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señorías, acabamos de escoitar que o Partido Socialista de Galicia non está orgulloso do servizo de transporte escolar de Galicia. É realmente algo que vai pasar aos anais, cuestionar a calidade do servizo de transporte escolar de Galicia, eu creo que non se lle ocorreu a ningún deputado. Desde que levo aquí nesta Cámara, nunca se lle ocorreu a ningún deputado.

¿Como é posible que en base a unha serie de casos moi concretos e tendo en conta a escala, a dimensión, deste servizo escolar se poida dicir que non é de calidade? Eu pregúntolle, dígame vostede un mellor en España, dígame. Dígame vostede, cando gobernaron se non había problemas. Ese relatorio de titulares podíase lanzar a vostedes exactamente igual e multiplicado por dous ou por tres.

Escala. Volvo dar os datos para que teñamos unha dimensión, unha especie de mapa da escala do que falamos. Estamos a falar de case catro mil rutas, 3.877 rutas, máis de vinte mil paradas. Que no inicio de curso hai desaxustes, pero por suposto, ¿como non os vai haber? Só faltaría que non houbera problemáticas, pero hainas por cuestións absolutamente naturais e repetitivas, que as hai sempre. Agora, actúase, corríxense e penalízase ás empresas. Xa dixen antes: vinte e tres expedientes abertos ás empresas de transporte. Todos os alumnos galegos con dereito a transporte, o cen por cento, teñen transporte escolar; dende a aldea máis apartada do país ata o centro escolar hai un transporte escolar que mobiliza e que move todos os anos arredor de 80.000 nenos. Xa dixen que o custo económico por día é de arredor de 700.000 euros.

As condicións de acceso son coñecidas. Que pode haber problemáticas, que as hai, porque unha parada desaparece dun ano para outro ou se modifica o número de alumnos dentro desa parada. Hainas, e modifícanse, corríxense. Hai un protocolo para facer seguimento.



Hai tamén a Tarxeta Xente Nova, para aqueles alumnos que non tendo dereito poidan usar o transporte escolar, que tamén é moi importante, alumnos de FP ou de Bacharelato, que non son usuarios con dereito do transporte escolar.

Pero insisto, dígame vostede unha comunidade autónoma onde funcione mellor e dígame se van manter vostede e o seu grupo a opinión de que o transporte escolar en Galicia é un mal servizo. Eu creo que se é tan valente, teno que dicir máis veces e ten vostede que traer aquí máis iniciativas. E siga vostede buscando casos e tráiaos, que lle diremos que casos concretos hai, dirémoslle que solucións concretas hai. E se se segue atopando cuestións dese estilo tráiaas aquí, sexa vostede tamén proactiva. Pero dígolle que cando se detecta un caso, actúase. Cando hai unha denuncia ou un correo electrónico denunciando —ou avisando, denunciar é unha palabra forte—, anunciando unha problemática, actúase. ¿E como non vai haber nun servizo de tanta dimensión algunha problemática concreta? Na súa época —que son vostedes tan bos xestionando— tamén as había, eh! Tamén as había e multiplicado por varias veces o que sucede nestes momentos.

E claro, eu non sei vostedes, pero eu sigo dicindo e manifestando un orgullo por este servizo que xerou no pasado e xera no presente unha grande igualdade de oportunidades para aqueles alumnos que viven no rural e que son desprazados en transporte escolar dende as súas vivendas ao centro educativo. Un servizo que mobiliza unha enorme cantidade de recursos, 120 millóns de recursos e, obviamente, nunha escala tan grande, cando xorden problemas soluciónanse de xeito absolutamente inmediato.

Non teríamos en Galicia o sistema educativo que temos, cos bos resultados que temos, tanto en calidade como en equidade e en xeración de igualdade de oportunidades, se non tivésemos un transporte escolar como o que temos. Cen por cento gratuíto para todos aqueles alumnos que teñen dereito, e que se presta dun xeito moito máis que notable —con independencia de que haxa algún caso concreto que haxa que corrixir e que se corrixen— e que ten os protocolos necesarios para cando xorde unha problemática, darlle solucións.

Agora ben, se vostede o que plantexa é por un caso concreto facer unha causa xeral, se por unha árbore cuestiona o conxunto do bosque, realmente caerá nun pecado político de exajeración, de desproporción. E, realmente, a min paréceme que é pouco edificante estar discutindo sobre casos concretos —puntuais, concretos—, ¿que xeran problemáticas?, por suposto, pero que en ningún momento poden cuestionar a solvencia, a importancia e a transcendencia para Galicia do transporte escolar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas conselleiro.

Interpelación de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre un pacto galego pola industria

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.



O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Grazas.

Boa tarde.

Obrigado, señor presidente.

O Grupo Parlamentario do BNG presentou esta interpelación ao Goberno galego para falar de industria, da situación industrial de Galiza porque estamos moi preocupados. Preocúpanos a perda de empresas e de empregos industriais nos últimos trece anos, dos trece anos que leva o Partido Popular no Goberno galego —lémbrolle, señor Conde: 15.000 empregos industriais destruídos durante os seus gobernos—. Preocúpanos a situación actual da economía galega en xeral, cun PIB que medra menos que o do conxunto do Estado, en contra das previsións que vostedes fixeron para os seus orzamentos; cun índice de produción industrial en negativo, cando no conxunto do Estado está en valores positivos; e cunha inflación superior tamén á do conxunto do Estado.

Preocúpanos a situación de varias empresas e sectores industriais concretos e importantes para o noso país, actualmente en risco. E preocúpanos profundamente ver que as políticas e as actuacións que a Xunta anuncia en materia industrial, que deberían combater a crise, corrixir estas tendencias e servir de base para a recuperación económica, non están á altura das nosas necesidades. E, ademais, se algo teñen en común, é que desaproveitan, que desdeñan as oportunidades e as potencialidades que temos como país.

Voume centrar en tres ámbitos, que son nos momentos actuais de especial importancia e nos que deberían vostedes mudar a súa política.

O primeiro, o investimento en I+D+i. Voulle dar algúns datos sobre os niveis de investimento dos países da nosa contorna no ano 2020, que é o último ano do que hai datos: Alemaña o 3 % do seu PIB. Portugal o 1,6 % do seu PIB. Italia e Grecia o 1,51 % do seu PIB. A media da Unión Europea 2,5 % do seu PIB. O Estado español o 1,4 % do seu PIB. Euskadi o 2,08 %. Cataluña o 1,61 %. Galiza o 1,1 %.

Estamos moi lonxe da media española, máis lonxe aínda de Portugal, de Cataluña ou de Euskadi, máis lonxe aínda da media da Unión Europea. De feito, estamos entre o 25 % das rexións menos innovadoras de Europa. Isto ten que mudar radicalmente, certo que o orzamento para I+D+i da Xunta de Galicia aumentou pero non é abondo. Debemos ter presente que o esforzo neste ámbito das empresas galegas, polo xeral pequenas e sen capacidade financeira, é moi escaso, o que obriga o Goberno galego a suplir ese déficit. Pero é unha obriga que hai que asumir, non queda máis remedio que asumir este reto se realmente queremos unha recuperación económica sólida e un sector industrial tamén sólido e competitivo.

O segundo ámbito no que deben mudar as súas políticas é no enerxético, actuando sobre dous extremos. Primeiro, en canto ao modelo de desenvolvemento das renovábeis. Segundo, en canto ao prezo da electricidade.



En canto ao desenvolvemento das renovábeis, renunciaron vostedes a realizar unha ordenación e unha planificación racional, impuxeron un modelo de barra libre que provocou un efecto chamada e o colapso da Administración. E desprezaron a oportunidade de aproveitar ese desenvolvemento, fundamentalmente do sector eólico, para impulsar o tecido industrial galego. Barra libre sen condicións. A consecuencia inmediata foi o colapso administrativo e o peche de empresas. Nas Somozas Siemens Gamesa, en Viveiro Bestas, dúas fábricas de compoñentes para o sector eólico. ¡Ver para crer! E diante da desfeita, a súa solución para axilizar a tramitación dos parques é saltar a normativa. E claro, agora veñen as sentenzas dos tribunais en contra das actuacións da Xunta como colofón ao que pasará a estudarse como exemplo dun modelo fallido. Fallido desde todo punto de vista, fallido para as empresas promotoras, mais sobre todo fallido para Galiza, fallido para as lexítimas expectativas que a sociedade galega podía albergar a respecto dun desenvolvemento ordenado e racional debidamente secuenciado, administrado e condicionado que significara máis industria, máis emprego e creación de riqueza no país.

O outro extremo do ámbito enerxético no que o Goberno galego debe actuar é no prezo da electricidade. Nisto tamén poden ser vostedes exemplo do que un goberno non debe facer nunca, que é cruzar os brazos diante dun problema que ten contra as cordas a toda a sociedade, autónomas e autónomas, a empresas de todo tipo e tamaño e a grandísima maioría de familias galegas.

Son vostedes o Goberno dun país, Galiza, produtor excedentario de electricidade e non fan nada por baixar o prezo da electricidade. Repiten unha e outra vez que o prezo da electricidade é competencia do Estado. Certamente así é, é competencia do Estado, mais iso non quere dicir que o Goberno galego non poida facer nada. E non falo exclusivamente de dar axudas para pagar o recibo.

No BNG temos claro que un Goberno galego que tivera disposición, que realmente puxera a cabeza no problema e tivera vontade de procurar mecanismos para que a sociedade galega tirara proveito do feito de sermos un país produtor excedentario de electricidade daría con máis dunha posibilidade.

As nosas propostas son coñecidas: tarifa eléctrica galega e empresa pública de enerxía. Ao Partido Popular non lle gustan, propoñan vostedes outras, díganos, pero o que non é aceptábel é quedar de brazos cruzados.

O terceiro ámbito no que o Partido Popular debería de mudar a súa política é respecto dos fondos do Plan para a recuperación e os PERTE. A comezar por aclararse primeiro internamente no partido Popular, porque un día defenden un PERTE específico para Galiza, noutras ocasións vostede mesmo ten solicitado un novo PERTE para o sector da automoción pero de ámbito estatal, é dicir, o contrario do anterior, e segundo o medio de comunicación que miremos hoxe, parece que na reunión que vostede e o presidente Rueda mantiveron coa ministra de Transición solicitaron que os fondos se xestionen desde Galiza. Sorprende que algúns medios de comunicación fagan fincapé nisto, concretamente algún medio galego, e outros de ámbito estatal nin o mencionen. Non sabemos se foi unha demanda que fixeron vostedes polo baixiño, se a fixeron en galego ou que foi o que pasou, pero a prensa está coma nós, non saben cal é a súa postura a este respecto.



O que parece claro é que foron vostedes a falar do proxecto para a fábrica de Altri, un proxecto no que participa tamén Greenalia, a empresa na que traballa a exconselleira de Medio Ambiente da Xunta Bea Mato e que, por certo, é a única empresa que sorteou a moratoria eólica, cinco excepcións á moratoria e son as cinco de Greenalia. Serán casualidades.

Isto non é ter unha política sobre a xestión de fondos, isto é xusto o contrario, isto é conchabeo. Pode ser funcional para os intereses dos seus amigos, haberá que agardar para ver os resultados das súas visitas a Madrid, pero desde logo non é funcional para Galiza. En todo caso, é moi elocuente sobre o tipo de organización que son vostedes o feito de que non lles xere contradición manter este tipo de prácticas e ao mesmo tempo ter que alimentar os intereses electorais de Feixóo no Estado español. Agora ben, o que sería, sen lugar a dúbidas, o mellor para Galiza está fóra da axenda do Partido Popular, un gran pacto galego pola industria. Un pacto para destinar o 3 % dos orzamentos galegos a investimento en I+D+i, un pacto para impulsar mecanismos que permitan á sociedade galega tirar proveito do feito de sermos un país produtor excedentario da electricidade e un pacto para defender as competencias exclusivas da Xunta en materia económica e industrial, e reclamar a xestión dos fondos do Plan para a recuperación. Son tres temas que deberan estar na base do proxecto de calquera Goberno que teña unha auténtica e honesta pretensión de construír o futuro do país sobre bases sólidas.

Permita que insista na mesma idea que lle transmitía na súa última comparecencia neste Parlamento: Galiza ten a necesidade, as cifras están aí, non as inventa o BNG, os peches de empresas e a destrución de emprego industrial atravesaron o país e o peor é que as tendencias se manteñen. Temos a oportunidade, temos potencial, dispoñemos de recursos enerxéticos e deberíamos dispoñer tamén dos fondos para a recuperación. E temos a responsabilidade de facelo ben. O Goberno galego ten a responsabilidade de estar á altura das nosas necesidades e á altura das nosas potencialidades. Falta saber se temos un Goberno con vontade. Vostede dirá.

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández Alfonso, en primeiro lugar alégrome de que retome vostede a súa intervención na comparecencia de orzamentos, onde non falou de orzamentos, e que traslade aquí, efectivamente, cal é a situación da industria en Galicia e, polo tanto, a axenda industrial para a Galicia do 2030 que este Goberno está desenvolvendo. Unha axenda para impulsar a transformación dixital e sustentable do tecido produtivo a través da innovación e a través da internacionalización, e unha tarefa na que levamos redobrando esforzos dende que sufrimos a pandemia, precisamente para sentar bases de crecemento e de competitividade da nosa economía a medio e longo prazo.



Sabe perfectamente cales son as prioridades deste Goberno, prioridades que se sitúan no impulso do binomio industria-sustentabilidade, estando, polo tanto, comprometidos cunha transición enerxética xusta, que poida ofrecer tamén alternativas que se axusten á realidade; unha estratexia centrada precisamente na innovación do tecido empresarial, porque non hai unha nova industria sen novas ideas; manter o ciclo exportador da nosa historia —ao que vostede non fixo referencia en ningún momento— e, polo tanto, a competitividade actual do noso tecido produtivo; e, por suposto, facer que os proxectos de investimentos en Galicia teñan á súa disposición todos os incentivos e tamén todas as medidas de axilización administrativa.

No plano normativo sabe que Galicia conta dende marzo do ano 2021 cunha lei que simplifica os tempos de tramitación dos proxectos, que tamén alivia as cargas burocráticas das empresas —unha lei que vostedes non apoiaron—, unha lei que está facilitando que efectivamente os investimentos que se están proxectando en Galicia teñan nestes momentos unha certeza dende o punto de vista do procedemento administrativo. E tamén un plano financeiro onde temos unha axenda financeira dotada con 140 millóns de euros, precisamente para garantir o financiamento dos diferentes proxectos empresariais.

Chama a atención que vostede cando fala dos fondos Next Generation —onde están apoiando o Goberno de España e, polo tanto, vostedes están apoiando a política de fondos europeos que nestes momentos está desenvolvendo Madrid— non falara en ningún momento dos proxectos que se están tramitando e proxectos que están esperando nestes momentos precisamente o apoio ao financiamento.

Sabe que esta estratexia a estamos desenvolvendo a través do apoio da innovación, cunha estratexia de especialización intelixente, que é, dende logo, a credencial que temos ante Europa para acceder aos fondos comunitarios; unha estratexia á cal vostede tampouco fixo ningún tipo de referencia. Unha estratexia que no pasado ten permitido que Galicia mellorase en dezaseis puntos o seu índice global de innovación e que no futuro nos levará a acadar o obxectivo do 1,7 % do investimento en I+D no ano 2027 e o 2 % no ano 2030. Vostede coñece os datos —tamén os ten omitido na súa intervención—, sabe que Galicia en I+D creceu nun 34,4 % máis que a media nacional, dez puntos máis que a media nacional —a media nacional sitúase no 23 %— conseguindo Galicia o nivel máis alto, tanto en volume, 641 millóns de euros, como en esforzo sobre o produto interior bruto. Sabe vostede que temos na actualidade o maior número de persoas investigadoras e empregadas en actividades de I+D, 17.664 persoas, das cales o 41 % son mulleres. E sabe que contamos cun ecosistema galego que ten mellorado a súa capacidade de financiamento internacional ata chegar ao 8,6 % en 2020. Datos que omite vostede.

Igual que omite vostede o dato do investimento sobre o produto interior bruto: en Galicia as empresas representan o 51 % mentres que o esforzo do investimento privado en I+D —que vostede non defende porque vostede defende o investimento exclusivamente público— nos países aos que se ten referido é moi superior: en España o 55,9 %, na Unión Europea o 66,5 %. Unha ratio que nós estamos intentando incrementar apancando maior investimento privado en I+D.

En definitiva, estamos consolidando unha marca-país, unha marca Galicia en torno á estabilidade, á oportunidade e ao talento. Unha marca que está en alza e afortunadamente moi



afastada da imaxe en negro que vostede permanentemente pretende traer, de forma moi amable, iso si, pero que pretende vostede traer a este Parlamento.

Malia o BNG, Galicia non para. E malia o BNG, aínda que vostedes se empeñen en querer pechar industrias, nós seguimos avanzando. Debería ler o último informe de conxuntura do Foro Económico de Galicia, que di textualmente que «o investimento en Galicia racha a súa tendencia descendente e no último trimestre está incrementando o 0,4 %». Igual que debería ler e preparar a serie estatística completa do Instituto Galego de Estatística, que di que o investimento en Galicia leva crescendo de maneira continuada dende o ano 2014, cunha única excepción na pandemia. Debería de saber que Galicia conta con máis dunha trintena de proxectos industriais e que, grazas ás medidas adoptadas pola Xunta de Galicia e ao traballo de case dous anos co tecido empresarial e cos centros de coñecemento, están en condicións de acceder aos fondos Next Generation e que, lamentablemente, o Goberno co apoio do Bloque Nacionalista Galego lles está negando nestes momentos unha posibilidade loxicamente para poder seguir avanzando. Porque os fondos europeos, señor Fernández Alfonso, non son nin do Goberno nin do Bloque Nacionalista Galego, senón que son dos galegos, son dos españois; (*Aplausos.*) son, en definitiva, das empresas que están intentando desenvolver os seus investimentos. (*Aplausos.*)

¿Sabe cal é o mellor antídoto fronte á súa animadversión á industria? Pois seguramente impulsar unha lexislación que poida favorecer a captación de novos investimentos, como o temos feito a través dos proxectos industriais estratéxicos —que vostedes non apoiaron—, a través das iniciativas empresariais prioritarias —que vostedes non apoiaron—. E que, polo tanto, nestes momentos Galicia está en condicións de impulsar investimentos na economía circular, como é o caso de Altri, ou a planta de transformación de fertilizantes de Reganosa, Repsol e Naturgy, como son as novas fontes de enerxía renovables a través do hidróxeno verde, o biogás ou a eólica mariña, por exemplo unha planta de hidróxeno de Reganosa e de EDP nas Pontes, 156 millóns de euros, ou o investimento de 25 millóns de euros que Nervión programa en eólica *offshore* en Ferrol. Por non falar dos investimentos de biotecnoloxía a través de Zendal, Indukern e Lonza, ao sector agroalimentario a través de Estrella Galicia, Profand e Jealsa, ou a mobilidade do futuro como son os investimentos previstos por Stellantis ou Showa Denko. Estamos falando de proxectos transformadores e maduros. Proxectos nos que, se o BNG estivese apoiando a este Goberno seguramente nos iría moitísimo mellor; en vez de estar simplemente nunha oposición permanente.

Chámame enormemente a atención que vostede estea preocupado polas empresas e polos peches de empresas. Seguramente debe estar enormemente preocupado cando o que queren é pechar Ence; como fixeron, por certo, vostedes —Bloque Nacionalista Galego— con Elnosa e con Meirama. Seguramente debería de explicar vostede por que queren apartar a Navantia da construción militar. E debería de explicar por que nestes momentos, xusto cando hai posibilidades de desenvolver a eólica mariña —xusto agora que é posible—, agora o Bloque Nacionalista Galego está en contra do desenvolvemento da eólica mariña. (*Murmurios.*) Igual que debería de saber e explicar por que a súa oposición a todo o proxecto eólico ou mineiro en Galicia. E deberían de explicar por que non apoian precisamente que Alcoa se poida beneficiar de proxectos eólicos. (*Murmurios.*)



En definitiva, esa é a diferenza entre o Bloque Nacionalista Galego e este Goberno, nós falamos de feitos, vostedes falan de quimeras. Nós falamos de capacidade do tecido empresarial ou da colaboración público-privada, e vostedes simplemente —señor Fernández Alfonso— desprezan as empresas, desprezan as actividades que son clave para o futuro económico de Galicia, e desprezan, en definitiva, a iniciativa privada. Seguramente o único que fan é intentar lavar a cara visitando empresas —como fai a súa portavoz visitando Inditex— pero realmente polos feitos vos coñecerán, e polos feitos coñecemos perfectamente o Bloque Nacionalista Galego.

Teñen a oportunidade, dende logo, de rectificar, a man está tendida. Dende logo, ata o de agora o único que trasladan é falta de colaboración e falta de lealdade coa industria galega. E teñen unha oportunidade, dende logo, para demostrar que a industria verdadeiramente está na súa axenda política e non simplemente na súa axenda de xestos para branquear a imaxe do Bloque Nacionalista Galego en materia de industria. Porque en materia de industria, o Bloque Nacionalista Galego só sabe de pechar empresas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Réplica. Señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Non son quimeras, señor Conde. Certamente, no BNG somos moi insistentes nas nosas propostas pero non é por capricho nin por ideoloxismo, senón porque axudarían a resolver problemas graves. Unha empresa pública de enerxía podería condicionar os prezos eléctricos, si que podería; eu póñoche dous exemplos: o primeiro, o que fixo a República francesa nun determinado momento obrigando a EDF —empresa semipública controlada polo Estado— a vender a electricidade a un prezo determinado; o segundo exemplo, unha experiencia que seguramente temos todos e todas os aquí presentes, porque seguramente todos e todas estamos a recibir chamadas e ofertas de empresas enerxéticas que, curiosamente, van por debaixo dos prezos do mercado maiorista. Evidentemente, por motivos comerciais, mais sobre todo porque esas empresa distribuidoras pertencen a grandes grupos empresariais que tamén son produtores e, polo tanto, poden xogar co prezo das ofertas. Polo tanto, unha empresa pública galega de enerxía que fose produtora podería actuar tamén sobre os prezos.

E, por outro lado, se contásenos cunha empresa pública de enerxía contaríamos cun actor fundamental neste escenario de transición enerxética. Contaríamos cunha empresa pública que podería participar como promotora no desenvolvemento das enerxías renovábeis no noso país desde criterios ambientalmente sustentábeis e socialmente respectuosos coas persoas que lexitimamente viven e pretenden seguir vivindo no rural. E, sobre todo, os réditos económicos quedarían na Galiza, o que —como diría M. Rajoy— non é un detalle menor.

Pero volvendo aos resultados da visita á ministra, teño que dicirlle que botamos de menos moitas cousas. No BNG entendemos perfectamente que se o Goberno galego promovera ou



acceptara chegar a este tipo de acordos que nós propoñemos, non poderían ir a Madrid sen dar explicacións, nin poderían vostedes saltarse o guión cando e como mellor lles conveña. Non teñen vostedes proxecto propio para o sector da automoción galego. ¿Como se concilia a defensa do sector e renunciar a ter fábricas dos compoñentes críticos? Non teñen vostedes proxecto propio para o sector naval galego, reproducen aquí como autómatas os argumentos elaborados en Madrid e en Bruxelas. Son vostedes cómplices do veto á construción naval civil en Ferrol, ¿como explica isto o Partido Popular? ¿Como pode dicirse un día tras outro que a Unión Europea ten que gañar en soberanía industrial, en soberanía tecnolóxica, en soberanía enerxética e ao mesmo tempo renunciar á capacidade de construír grandes buques? ¿Como se concilia que o transporte marítimo sexa estratéxico e renunciar á capacidade de construír grandes buques civís? ¿Como se concilia ser Goberno e non defender as competencias exclusivas dese Goberno? Son vostedes un Goberno acomodado, que non está á altura das circunstancias. Non están vostedes á altura das necesidades do país.

Eu faleille de orzamentos o outro día na súa comparecencia na Comisión, efectivamente, outra cousa é que a vostede non lle gustara o que lle dixen. Que é precisamente que o Partido Popular externaliza a xestión dos recursos públicos até límites exaxerados. Feito que agochan detrás do eufemismo colaboración público-privada. Nós non inventamos as cifras do produto interior bruto nin de produción industrial, son de organismos oficiais; pero seguramente a vostede tampouco lle gustan. E non podemos falar nin opinar sobre os seus proxectos porque son un misterio. Lémbrolle que até por dúas ocasións o director xeral do Igape esquivou sen responder as nosas preguntas sobre como funciona a sociedade Impulsa.

Señor vicepresidente, as súas comparecencias coma sempre, son decepcionantes. Limitáse vostede a facer exercicios retóricos, a esconderse detrás da propaganda e a repetir mentiras que xa son cansinas. En definitiva, calquera que o escoitara hoxe aquí chegaría á conclusión de que son un Goberno que simplemente pasaba por aquí.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Peche da interpelación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández Alfonso, máis aló das lexítimas diferenzas políticas que loxicamente temos vostede e mais eu, eu agradézolle verdadeiramente o seu talante. O problema está seguramente en que o seu discurso non representa ao verdadeiro Bloque Nacionalista Galego. Esa seguramente poida ser a diferenza. Non representa nin ao Bloque Nacionalista Galego hegemónico da UPG *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* coas ideas independentistas e de esquerda de sempre, *(Murmurios.)* nin tampouco ao Bloque Nacionalista Galego, esa marca branca *(Risos.)* da señora Pontón, que só di o que a xente quere escoitar simplemente para gañar votos. Seguramente isto explica... *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...a falta de contido do seu discurso e, sobre todo, as súas incoherencias permanentes en materia de política industrial. *(Aplausos.)*

Como vexo que se puxo nervioso, *(Risos.)* voulle trasladar o que realmente pensa o Bloque Nacionalista Galego porque seguramente vostede non o sabe. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): E seguramente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio todos!

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...debería tomar nota porque moitas veces vexo que perde o relato. O que realmente pensa o Bloque Nacionalista Galego resúmese en titulares deste mesmo ano. E voulle poñer exemplos do que di o Bloque Nacionalista Galego: *(O señor Conde López lles diferentes titulares de prensa aos membros da Cámara.)*

«El Bloque Nacionalista Galego pide apartar a Navantia de la construcción militar. El diputado nacionalista Néstor Rego aboga por centrar a Navantia en la construcción civil y dejar de lado la construcción de fragatas o corbetas». Febreiro do 2022.

«Lores, que sigue aspirando a ver la salida de Ence de la ría, no aclara su futuro, pero se siente en su mejor momento». Maio do 2022.

«Malestar dentro del Bloque Nacionalista Galego por la visita de Ana Pontón a Inditex. Algunos usuarios en Twitter critican que haya acudido a Inditex sin consultarlo en la Ejecutiva del Bloque Nacionalista Galego». Outubro do 2022.

Señor Fernández Alfonzo, as súas propostas son coñecidas polos galegos e as galegas. Levan moitos anos insistindo nunha tarifa eléctrica galega que non existe, seguen insistindo en crear unha banca pública e en crear unha empresa pública enerxética. Tamén, señor Fernández Alfonzo, en nacionalizar empresas e sectores. As súas propostas —insisto— son perfectamente coñecidas, o único que realmente non sabemos de todas as súas propostas é onde está a súa verdadeira axenda oculta.

O que si temos claro é que o Bloque Nacionalista Galego mantén o acordo de investidura asinado co Goberno Socialista e de Podemos en Madrid, iso é un dato. Igual que é un dato que se opón a calquera formulación industrial que se promove desde Galicia.

Iso si, vostedes, Bloque Nacionalista Galego, imponen o peche das centrais térmicas, imponen o peche de Ence e a ameaza sobre máis dun cento de empresas do complexo mar-in-



dustria asentadas no noso litoral. Impoñen o peche das industrias vinculadas coa eólica por non marcar un horizonte de certeza aos investidores, como pasou, efectivamente, no caso de Vestas e de Gamesa. E agora que se absteñen en votacións sobre o sector eólico, seguramente, ao mellor, están evolucionando, pero iso haberá que velo. O Bloque Nacionalista Galego impón tamén o parón da industria electrointensiva pola falta dun prezo eléctrico competitivo apoiando, unha vez máis, ao Goberno de Madrid. Tamén están impoñendo que os proxectos transformadores promovidos dende a Xunta de Galicia sigan esperando a que se concreten nas diferentes axudas. E tamén falta ese compromiso por parte do Bloque Nacionalista Galego.

Nós estamos intentando que Galicia non perda o tren nos fondos europeos e lamentablemente sen ningún tipo de apoio por parte do Bloque Nacionalista Galego. Farían ben se o Bloque Nacionalista Galego rectificase e apoiase sen fisuras os proxectos das empresas galegas, non os proxectos da Xunta de Galicia, ¡os das empresas! O que pasa é que vostedes teñen unha animadversión á iniciativa privada, esa é a realidade e iso é o que os define. Polo tanto, cando queiran falar de industria en serio seguramente deberían de redefinir cal é a política industrial do Bloque Nacionalista Galego de verdade, non a marca branca que vostede pretende traer a este Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Conde.

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Benvida tamén á conselleira de Igualdade a este Parlamento.

A igualdade de xénero é un dereito humano fundamental e ademais un dos alicerces esenciais para construír un mundo pacífico, próspero e sustentable. A frase non é miña, senón das Nacións Unidas e coido que todas as persoas e forzas políticas que aquí estamos representadas coincidiremos nesa afirmación. A igualdade real é, polo tanto, un dereito humano fundamental que aínda hoxe está por conseguir. E aí están os datos para confirmar que existe unha desigualdade real entre homes e mulleres.

Padecemos as mulleres maior temporalidade e parcialidade laboral que se traduce en peores salarios e peores pensións. En 2021, o 94,8 % dos contratos que foran asinados por mulleres foron de carácter temporal, por volta dun 30 % tiñan unha duración inferior a unha semana e o 43 % eran de menos dun mes. Eses peores contratos e esas peores condicións laborais o



que fan é que sexan ou sexamos as mulleres as que nos atopamos en maior medida en risco de pobreza ou exclusión social e con elas tamén, en moitísimos casos, as súas fillas e fillos.

De feito, recentemente, a Rede galega contra a pobreza publicaba un estudo en relación ás familias monoparentais, que na práctica totalidade están encabezadas por mulleres, no que se dicía que o 50 % ou máis desas familias estaban en risco de pobreza ou de exclusión social. É dicir, unha de cada dúas mulleres que son nais monoparentais, polo tanto, encabezan familias monoparentais, están en risco de pobreza e de exclusión social. E, a maiores de todo iso, aínda padecemos teitos de vidro —que se parecen máis a teitos de formigón e chans pegañentos— que nos sitúan como a maioría en moitos ámbitos, pero que continúan vetando o acceso das mulleres na mesma proporción aos postos de dirección. Isto atopámolo practicamente en todos os ámbitos, desde a Universidade ao Poder Xudicial, pasando tamén polos propios supermercados.

No extremo de toda esa desigualdade, o que atopamos é a discriminación e a violencia machista en todas as súas formas e expresións, desde as máis sutís e normalizadas —case imperceptibles— ata a violencia psicolóxica, física e o asasinato.

Hoxe, nós, desde o BNG, queremos falar desas dúas dimensións. A da desigualdade da violencia machista, poñendo o foco nos imprescindibles recursos para combatela, recursos materiais e humanos, pero, sobre todo, recursos económicos para construír esa igualdade necesaria que garanta o dereito humano e fundamental que temos todas as mulleres de ser, ao fin e ao cabo, persoas, e de ser tratadas como cidadás de primeira con todos os dereitos e obrigas que iso implica.

E aí non lle vou negar que cando lemos o proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para 2023 causounos bastante estupor e indignación. Porque no medio duns orzamentos que se presentan —e hoxe pola mañá volvíamos escoitalo— históricos, nos que se di que hai máis de mil millóns de euros para investir o próximo ano no noso país, máis alá da inflación, máis alá de todo iso, preséntanse ademais como os máis sociais da autonomía, onde o orzamento dos programas de igualdade ou se recorta, nalgúns casos, ou, na práctica, se conxela.

De feito, o programa de accións para a igualdade, protección e promoción das mulleres, o 313B, perde 186.000 euros a respecto do ano pasado, de 2022. Non se actualizan as prestacións económicas a mulleres vítimas de violencia machista para poder enfrontar ese aumento brutal do custo da vida e, en total, nuns orzamentos consolidados se temos en conta o gasto financeiro ou non consolidados se non o temos —colla a cifra que vostede prefira— o programa específico de loita contra a violencia machista no chega nin ao 1 % dese orzamento que se presenta como histórico.

É desolador —e dígollo con franqueza— e evidencia, desde o noso punto de vista, rutina e inercia que non deba caber nunca na loita contra a violencia de xénero e que non é unha prioridade política. Porque nós entendemos que cando existen prioridades políticas nos proxectos de orzamento o que se recollen son maiores partidas que demostren ese compromiso; non se recortan, en ningún caso, ou se conxelan —eu aí cómprome o relato, se quere— cando se anuncian investimentos históricos.



E, precisamente, nun deses recursos e servizos esenciais para promover a igualdade e garantir a atención integral das mulleres fronte á violencia machista é onde queríamos centrar especialmente a intervención de hoxe. Nesa Rede galega de centros de información ás mulleres, formada por 84 centros por todo o noso país, que continúa cun sistema de financiamento que se mantén igual desde hai 13 anos.

Un financiamento estrutural en réxime de subvención, que aporta fondos desde a Administración autonómica, cun máximo de 45.000 euros para os CIM que sexan de titularidade única e exclusivamente dun concello e que, na práctica, dá para manter unha estrutura de persoal que non chega moito máis alá dos dous perfís que obriga a propia normativa para poder acreditar un CIM. E, polo tanto, na práctica maioría desa rede de 84 centros, o que contamos é cunha psicóloga e cunha xurista que fan o seu traballo e, ao mesmo tempo, ademais asumen labores de dirección.

Catro millóns de euros para o presente exercicio, cando se convoque a próxima orde de subvencións, e se a min non me fallan as contas, son 200.000 euros máis que o ano pasado, que non dá para manter un servizo esencial no seu funcionamento ordinario e, moito menos, para desenvolver as competencias, cada vez maiores, que se lle está a exixir á Rede. E digo cada vez maiores non só pola modificación do decreto que o regula no ano 2016, que lles introducía novas competencias, por exemplo en materia de dereitos e liberdades sexuais. É dicir, atender ás persoas LGBT que puideran sufrir algún tipo de discriminación, senón que no borrador da lei ou do anteproxecto de lei de igualdade no que vostedes están traballando tamén se anuncian novas funcións e novas acometidas para eses Centros de Información ás Mulleres, elevándoos ademais a rango de lei, pero sen que haxa unha reformulación dos orzamentos cos que se financian ou dos investimentos públicos para poder estender ou reforzar a rede.

O noso grupo parlamentario, que temos ademais unha relación ou intentamos que sexa fluída e directa con todas as traballadoras e directoras dos Centros de Información ás Mulleres que existen no noso país, a nós o que nos trasladan de maneira reiterada é que están afogadas pola cantidade de traballo e a carga burocrática que exige por exemplo enfrontar esa orde de subvencións cada ano para xustificar os orzamentos cos que soste a propia estrutura. A práctica totalidade invisten máis do 90 % do orzamento en pagar as nóminas e apenas queda un pouquiño deses recursos, un 5 % segundo a Fegamp, para poder facer traballos de sensibilización, de prevención e de concienciación que son tamén competencias prioritarias no decreto de 2016 para a propia Rede. E, polo tanto, teñen que tomar decisións de atender o urxente, que son sempre as vítimas de violencia machista e todo o que leva aparellada a súa atención e o seu acompañamento, sobre todo nos procesos xudiciais, e teñen que deixar de lado esa outra función esencial, fundamental e prioritaria que é a de traballar na prevención, na sensibilización e, sobre todo, na concienciación social, que é asentar as bases tamén para a erradicación da violencia machista e de todas as formas de violencia e discriminación que sufrimos as mulleres.

E aí quero introducir un elemento porque o outro día na Comisión de Igualdade —e estamos aquí todas as persoas que somos membro desa comisión— a representante da asociación de axentes de igualdade o que nos trasladaba é que non estaban para nada de acordo —e eu



quero facerllo constar a vostede agora aquí— coa regulación que se facía do seu perfil profesional e da acreditación en horas de formación para acceder a ese recoñecemento como axente de igualdade. E eu quería trasladarllo porque ese foi o compromiso tamén que asumimos con elas.

Agora, queremos centrarnos nalgúnhas das propostas que queríamos desde o BNG deixar aquí hoxe. A primeira e que para nós é esencial é modificar a normativa que regula os CIM e, sobre todo, esa orde de subvencións que sostén o sistema de financiamento como é a aportación da Xunta de Galicia aos centros de información ás mulleres. Primeiro, para incrementar, pero de maneira real e á altura das necesidades e circunstancias, o orzamento que aporta a Xunta de Galicia cun obxectivo fundamental ao noso entender e é que ten que garantirse, por unha banda, persoal suficiente e unha estrutura que permita atender as distintas realidades que hai nos concellos, porque hoxe trátase igual o CIM de Vigo, que atende a maior poboación que existe neste país, que o de Curtis, o de Lugo ou o de Vilalba. Necesitamos fixar ratios de persoal por números de persoas usuarias porque non se pode tratar de maneira igual ou con idénticos parámetros o que non é o mesmo.

E, por outra banda, —e, con isto, remato a primeira intervención— necesitamos incorporar novos perfís profesionais e garantir que chegan esas axentes de igualdade que teñen atribuídos labores de prevención, sensibilización e concienciación, pero, sobre todo, o que máis demandan as persoas que traballan nos centros de información ás mulleres é persoal técnico e administrativo que asuma a enorme carga burocrática que lles exige a propia Xunta para poder xustificar esas ordes de subvencións.

Temos máis propostas noutros ámbitos que achegarei tamén na segunda quenda, pero quería volver sobre o que dicía ao comezo da miña intervención: a igualdade de xénero é un dereito humano que exige un investimento claro, contundente e continuado no tempo, tamén en materia orzamentaria, para poder reforzar e ampliar a rede de servizos e recursos públicos que nos permita construír esa sociedade democrática e xusta para a metade da humanidade que somos as mulleres.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodil.

Ten a palabra a señora conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Boa tarde.

Grazas, señora presidenta.

Señora Rodil, en primeiro lugar, quero comezar facendo unha declaración que vai na liña co que vostede acaba de afirmar e co que non podo estar máis en desacordo, co compromiso absoluto do Goberno e, por suposto, de todos os grupos parlamentarios en Galicia contra a violencia de xénero. Compromiso que, ademais, non se reduce a estas palabras senón que se



reduce a feitos e a feitos concretos e ao orzamento proposto pola Xunta de Galicia en materia de igualdade.

Agora vou dicirlle os datos porque non sei de onde os saca vostede, porque non son do borrador que están examinando no proxecto de lei de orzamentos. Dende logo, esas cifras non son e xa as vin na prensa, polo tanto, non entendo de onde sacan esas cifras. Ou é ignorancia ou realmente é mala fe o que está facendo vostedes hoxe aquí, porque radicalmente lles digo que non.

O orzamento en relación a toda a área de igualdade, expliqueino na Comisión 3ª, son 44,5 millóns de euros. Isto supón unha subida respecto da anualidade actual dun 41,44 % e respecto do ano 2021 dun 61,27 %. Paréceme ridículo que estea falando de que hai unha partida concreta —que non anotei nin cal dixo— que se baixa a 186.000 euros nun orzamento dedicado a toda a área de igualdade de 44,5 millóns de euros. Destes 44,5 millóns de euros, 20,5 millóns de euros están destinados a manter, reforzar e ampliar recursos, servizos e prestacións a dispor das vítimas de violencia de xénero; co cal esa subida —creo que falou dun 1 % ou dunha conxelación da meirande parte das partidas— é absolutamente contradictoria e incompatible cunha subida dun 41,44 % das contas na área de igualdade. Volvo dicirlle que non sei se é mala fe ou é que realmente é ignorancia na análise dos orzamentos por parte do BNG.

E ¿cal é a valoración da situación actual dos servizos de atención ás mulleres e ás mulleres vítimas de violencia de xénero por parte do Goberno? A valoración é o que estamos facendo que é estratexia de planificación, orzamento e medidas concretas. E non agora ou nesta anualidade, senón que o levamos facendo moitos anos e con contundencia dende o ano 2009. ¿Que hai marxe de mellora? Por suposto. ¿Que hai que seguir avanzando? Por suposto e dígoos sempre. É unha cuestión de Estado e nunca é suficiente, sempre quedan cousas por facer por parte de todas as administracións públicas, non soamente pola da Xunta de Galicia. O compromiso —reitero aquí— do Goberno de Galicia é absoluto. E, tamén, por suposto, por parte de todas as institucións e de toda a sociedade en xeral e labor noso tamén, das administracións, contribuír á sensibilización da sociedade.

Centros de información á muller que son recursos de titularidade da administración local, porque a sensación do seu discurso é que a única obriga de financiamento é por parte da administración da Xunta de Galicia. Nós témolo claro, pero tamén conviría que o tivese claro a totalidade da administración local e a Fegamp nesta colaboración que creo que se necesita.

A radiografía da situación é que existen actualmente 84 CIM, os cales atenden a 193 concellos galegos, é dicir, o 61,7 % dos concellos galegos teñen un CIM propio, garantindo sempre —porque así está previsto na regulación— a atención universal ao cen por cento das mulleres con independencia do seu empadramento. Este ano, atendemos practicamente o cen por cento das nóminas de 219 postos de traballo en todos estes CIM, máis de catro millóns de euros e atenderon a 297 mulleres, das cales eran propiamente vítimas de violencia de xénero 2.477.

No orzamento de 2023, en concreto respecto dos CIM, auméntase —non teño aquí a cantidade, pero seguro que coincide coa que vostede dixo— nun 3 % respecto de apoio ás nómi-



nas, pero existe outra liña de axudas nova que se prevé, por primeira vez este ano, de 1,4 millóns de euros, que está prevista precisamente para apoiar infraestruturas e equipamentos do CIM. É a primeira vez que se prevé unha inversión de apoio ás construcións, edificios, reformas ou equipamentos que precisen os centros.

A isto hai que sumar o plan de formación do persoal dos centros, que tamén é inversión nos centros de información á muller, para formar aos profesionais traballadores destes centros. Na edición que fixemos este ano formamos case a un cento do persoal traballador.

E vostede falaba de que non lles quedan recursos aos concellos para facer promoción e prevención da violencia de xénero ou sensibilización —non sei como dixo—. Existe outra orde de axudas máis, a orde de axudas á promoción da igualdade e á promoción da violencia de xénero, que é outro medio millón de euros a maiores da formación das nóminas dos CIM e da liña de axudas para infraestruturas e equipamentos deste ano tamén para potenciar a prevención da violencia de xénero.

A isto, por suposto, hai que sumar outras liñas de colaboración cos concellos, como pode ser o de fomento da contratación de vítima, que destinamos este ano 2,2 millóns de euros. E dicía que consideraba que as medidas que estamos levando a cabo desde a Xunta de Galicia estaban conxeladas ou que lles faltaba innovación, algo co que estou en absoluto de acordo.

Na lei de medidas fiscais administrativas deste ano incorpórase unha fórmula nova, que non estaba recoñecida a nivel estatal de violencia de xénero, que é a explotación sexual e, consecuentemente, as prestacións económicas correspondentes tamén irán destinadas a todas as vítimas de trata e de explotación sexual en Galicia.

Temos encargado e presentarase no primeiro semestre do ano 2023 a primeira guía de recursos e de resposta institucional e asociativa contra a violencia de xénero en Galicia. É unha guía que se vai poñer, por suposto, a disposición de todo o persoal do CIM e de toda a estrutura que existe tanto en institucións e asociacións como en administracións, que traballan na prevención e na loita contra a violencia de xénero, para ter a totalidade dos recursos, non soamente aos máis vinculados aos servizos sociais ou á propia consellería, senón tamén dos concellos, da administración sanitaria, da administración educativa, etc.

Estamos traballando para mellorar a formación e a sensibilización, o ámbito preventivo e incorporando novos módulos formativos na formación que damos tanto ao persoal do CIM como ao conxunto de axentes clave na detección dos casos de violencia de xénero e que son colaboradores imprescindibles na atención das vítimas. Así, estamos incorporando módulos de interseccionalidade de xénero, un concepto que xa está directamente vencellado coa discriminación múltiple nas distintas formacións que estamos dando a estes profesionais, incorporándoo á formación dos CIM neste presente ano e imos continuar incorporándoo a todo o plan de formación, neste sentido ás forzas e corpos de seguridade a través da Academia Galega de Seguridade Pública, a procuradores e avogados, a empregados públicos a través da EGAP e a todo o profesorado educativo e o persoal sanitario.



Asinaremos nos vindeiros días, entre a Consellería de Política Social e a Consellería de Igualdade, unha nova formación en materia de prevención e detección da explotación sexual de menores para todos os profesionais do sistema de protección de menores en Galicia.

Continuamos traballando na formación e na sensibilización da xuventude. Temos en marcha e vaise celebrar neste mesmo mes as xornadas de sensibilización e prevención da violencia sexual na mocidade, realizadas en colaboración coas tres universidades galegas, pero nas que tamén participan profesores e técnicos de moitas universidades de España como son Barcelona, Deusto, País Vasco, a Complutense de Madrid, Huelva e Jaén, así como universidades estranxeiras do Reino Unido como Nottingham, ou as universidades de Columbia, California e Tulane.

Está encargada unha macroenquisa sobre a percepción e as actitudes dos nenos e das nenas en idades temperás respecto da violencia de xénero e as agresións sexuais. Un estudo que comprenderá idades de entre os 12 e 13 anos ata os 18 atendendo a todas as formas de violencia de xénero: violencia física, psicolóxica, económica, sexual, trata con fins de explotación sexual, homicidio, asasinato e violencia dixital para precisamente profundar no coñecemento acerca desta problemática nas persoas máis novas e determinar en que aspectos como sociedade. E dende o Goberno de Galicia podemos incidir para mellorar a prevención e erradicala por completo.

Termino xa e, de verdade, rógole que volva examinar as contas porque non é o que está dicindo. Creo que os cualifican se realmente están trasladando á sociedade uns datos sobre o que inviste o Goberno galego na loita contra a violencia de xénero que non son certos. Eu volvo tenderlle a man —como creo que fago sempre— e creo que isto é unha cuestión de Estado, onde na esencia temos que estar todos de acordo, con independencia da crítica construtiva que ten que facerse e ademais é o seu deber facelo.

Nada máis, polo momento. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu volvín outra vez sobre o proxecto de orzamentos, Secretaría Xeral de Igualdade para o 2023, Programa 313B accións de igualdade, 11.572.126 para o 2022, 11.386.327 para 2023, iso son 186.00 euros menos. Programa 313D do proxecto de orzamentos para o 2023 da Secretaría Xeral de Igualdade Protección e apoio a mulleres que sofren violencia machista, 20.559.822 euros para 2023, 17.915.189 para 2022. Iso é un incremento de 2,6 millóns de euros e por iso lle dicía eu que me parecía absolutamente insuficiente.

Se imos programa, concepto e subconcepto específico daquela partida destinada ás prestacións económicas para mulleres vítimas de violencia machista só se incrementa a respecto do ano pasado 400.000 euros, que a nós nos parecía que ao non modificar a orde de axudas



e a base de convocatoria non se van incrementar estas prestacións económicas conforme o IPC. (*Aplausos.*)

Eu son humana e equivócome, pero léolle literalmente o proxecto de orzamentos, os programas e a área concreta da súa consellería, máis alá de que vostedes poidan incorporar fóra da Secretaría Xeral de Igualdade outras partidas orzamentarias que vaian destinadas a loitar contra a violencia machista especialmente ou contra a desigualdade e a discriminación das mulleres noutros ámbitos, como poden ser o emprego laboral.

Eu falaba especificamente destas partidas, porque é ademais a área que lles corresponde dentro da súa consellería —a Secretaría Xeral de Igualdade— a aqueles programas que van dirixidos á loita contra a violencia machista de maneira específica. Creo que, ademais, fun moi clara cando dixen as partidas específicas de loita contra a violencia machista e que nos parece —comprándolles, de verdade, o argumento histórico de que nunca antes tivo un orzamento tan grande e tan social a Xunta de Galiza— que a porcentaxe que representan no conxunto do orzamento estas partidas e programas concretos de loita contra a violencia machista debería ser unha porcentaxe maior.

Nós levamos moitos anos —vostede sábeo, que levan tanto tempo coma nós— presentando a proposta —e vostedes votando en contra— de que nos parece que 1 de cada 100 euros dese orzamento consolidado da Xunta de Galiza sería o mínimo exixible cando queremos situar a loita contra as violencias machistas como unha prioridade política. Volveremos facelo nesta ocasión. E tamén hai a necesidade de dotar, de introducir cambios, porque ¿por que lle dicía eu o da rutina, o da inercia? Facía referencia aos CIM. Levan moitos anos aquí, levan moitos anos os centros de información ás mulleres. Levan moito máis tempo do que vostede na Consellería ou eu nesta Cámara. E necesitamos abordar modificacións tanto na súa regulación como, sobre todo, no sistema de financiamento. Se colle vostede a orde de 2010 —e coñécea perfectamente— e a orde de agora, de 2022, a que acaba de resolverse para 2022, ve que o sistema de financiamento, a aportación que fai a Xunta, efectivamente, para soste esa rede de CIM é exactamente igual hoxe que hai trece anos. Fíxase o tope dos 45.000 euros para aqueles que son de titularidade única dun concello ou de 145.000 —se non me falla a memoria— para aqueles que son compartidos ben sexa por mancomunidade ou por convenio entre distintos concellos.

A nós ¿que nos parece? —que era no que eu quería centrar a intervención—. Primeiro, que esa limitación no sistema de financiamento, na aportación que fai a Xunta, que é a que garante que todas as mulleres poidan acceder en condicións de equidade a un mesmo servizo en Galiza independentemente de que o concello sexa máis grande ou máis pequeno, teña máis orzamento ou menos —por iso a importancia do financiamento estrutural por parte da Xunta de Galiza é insuficiente—, a perspectiva histórica, a visión temporal e a experiencia o que nos demostran é que eses 45.000 euros, por exemplo, tratando igual Vigo que Curtis, ou Lugo que Vilalba, o que fan é que haxa simplemente dous perfís profesionais que non dan abasto, que o único que poden é atender o urxente —que son as vítimas de violencia machista—, e que están perdendo de facer outra parte fundamental que teñen ademais asignada como competencia, que é ese labor de prevención. Por iso nós dicimos o de incrementar o orzamento, incrementar o perfil profesional que se exige para a



súa acreditación incorporando de maneira expresa persoal administrativo; porque teñen unha carga burocrática, só para tramitar a subvención de financiamento da Xunta, que quita moitísimas horas de atención ás mulleres. E, por outra banda, incorporar tamén a obrigatoriedade de contar con axentes de igualdade, e dotalos, por suposto, do financiamento necesario. Porque nas cidades, moitas veces —eu estou de acordo— pode ser por falta de vontade política —nos concellos, nas cidades, nas sete cidades galegas— que non doten con orzamento municipal eses perfís profesionais. Pero é que hai moitísimos concellos neste país que non teñen nin sequera capacidade orzamentaria aínda que tivesen vontade de incorporar eses perfís. Por iso dicimos: máis orzamento, máis esforzo por parte da Xunta de Galiza en fortalecer e ampliar esa rede. Porque —e con isto remato— no proxecto de lei de igualdade do que eu lle falaba e que vostede anunciou —que ademais anunciou que estaría para 2022 e estamos xa no mes de novembro e aínda non temos o proxecto aquí para ser tramitado— vostedes danlles rango de lei. E incluso din que deben ter unha maior competencia e atención integral ás mulleres. Pero, se non se dota esa rede de recursos económicos, humanos e materiais, o único que faremos é volver recoller algo sobre o papel, pero non o veremos cumprido na realidade.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche da interpelación pola conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Ben, quero aclarar unha cuestión do que estaba dicindo. Creo sinceramente que algo está computando mal, creo perfectamente que está sumando, pero non é así. Eu garántolle que a subida esta, a subida en loita contra a violencia de xénero, supera o 20 %. Pero non vou afondar, eu creo que queda claro o que estou dicindo.

Unha cuestión que si me interesa aclarar: as prestacións económicas que vostedes din que non imos reflectir, as prestacións económicas de vítimas, son créditos ampliáveis. Entón xa non é soamente o que se prevé nos orzamentos de cada ano, senón que se van ampliar sempre para atender —ese é o compromiso—, e vai á orde con créditos ampliáveis que ten o Goberno. Co cal, garántolle que non é soamente iso que figura nos orzamentos, senón que para a totalidade das vítimas que pidan a prestación económica se vai dotar esa partida.

Despois, unha das cuestións que vostede apunta —tomo nota dalgunhas das cuestións— é o que lle dicía na anterior intervención. Hai agora ideas construtivas, e comprométome aquí a falar coa Fegamp porque creo que isto non é unha competencia exclusiva, dende logo, da Administración autonómica. E si podemos buscar como mellor deseñar e adaptar por parte dos concellos, pero penso que a Fegamp e os concellos de Galicia se teñen tamén que implicar nesta cuestión. Entón falaremos, e falaremos con eles para ver se podemos deseñar dun xeito máis estruturado ou máis adaptado á realidade actual.



Agora, si me gustaría deixar claro —e sempre o dicimos— que esta orde —xa que ata o de agora soamente se financiaban os recursos humanos e agora existe á parte ese apoio— como digo— a reformas e infraestruturas— está aberta a todos os concellos. É dicir, existe tamén ese compromiso por parte do Goberno de que se vai financiar o cen por cento dos CIM que se vaian... *(Escóitase un berro na sala que provoca unha breve pausa na intervención.)*

Digo que existe o compromiso de financiar o cen por cento dos CIM. E nisto si creo que é relevante a vontade política, da que vostede falaba, por parte das administracións municipais, porque é evidente que, cantos máis centros de información á muller existan distribuídos polo territorio, máis se reducirá a carga que teñen os xa actualmente existentes.

Ben, reitero que ese financiamento para persoal se vai ampliar a todos os CIM que se creen; que é novidade deste ano a subvención para as infraestruturas e equipamentos, e que si existe xa creada unha cooperación, unha fórmula de cooperación institucional, a través dun protocolo que se asinou no ano 2017, que ten unhas mesas locais precisamente de coordinación. Aí faise un traballo máis ben técnico para que todo o persoal, tanto técnico como político, das áreas de igualdade poidan actuar e coordinarse no traballo que se está realizando nas catro provincias.

Hai que poñer de relevo tamén non soamente o orzamento deste ano, senón todas as axudas económicas e, por suposto, os recursos de atención e de acollemento. Dende o ano 2009 este Goberno leva investidos 52 millóns e medio de euros en axudas económicas para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por suposto, subministramos atención psicolóxica a 8.500 persoas —isto sen contar, por suposto, con todas as mulleres que tiveron que utilizar, por desgraza, a rede galega de acollemento—. Dende o ano 2019 puxemos en marcha subvencións para o fomento da contratación de mulleres tanto en entidades locais como, dende o ano pasado, en entidades sen ánimo de lucro, e investimos máis de 8 millóns de euros para fomentar a contratación de vítimas de violencia.

E logo insisto no que lles dicía antes: estamos intentando traballar con programas específicos no ámbito da educación e da sensibilización, e facelo, ademais, con toda a cidadanía e do xeito o máis personalizado e sectorizado posible —no medio rural, no ámbito deportivo, coa xuventude tanto no ámbito educativo coma no universitario, tamén co voluntariado da mocidade, tamén en accións formativas que se fan en bibliotecas, en arquivos, materiais didácticos, grandes campañas que estamos facendo en medios de comunicación contra a trata de persoas, contra a violencia sexual e contra a violencia de xénero—. E estamos traballando e financiando tamén as actuacións nese sentido por parte do tecido asociativo, por parte de asociacións de nais e pais —sobre todo naquelas que están lideradas polas propias mulleres—, co Colexio Oficial de Administradores de Fincas para que colaboren tamén con nós na detección dos casos nas propiedades horizontais, ou con asociacións e federacións de veciños.

Co cal, para finalizar, volvo un pouco ao que dicía ao principio. ¿Cal é a nosa resposta? É unha estratexia, é unha planificación. ¿Pode mellorarse? Por suposto, e admito as críticas e as aportacións que estaba facendo hoxe aquí o BNG. Pero tamén se fai con orzamento, con orzamento amosado dende o ano 2009 e crescendo de xeito consolidado e constante ata o or-



zamento actual que está nesta Cámara. E faise con medidas concretas que amosan a aposta do Goberno de Galicia pola loita contra a violencia de xénero. Co cal, nada máis.

Eu agradezo e téndolle de novo a man para ese debate construtivo, que creo que é o que estamos demostrando ata a data neste Parlamento e en Galicia. Creo que a loita contra a violencia de xénero é un asunto de Estado que exige o máximo consenso na substancia e no esencial.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto oitavo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e D. Daniel Pérez López, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación das traballadoras do servizo de axuda no fogar

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, bo día de novo.

Tamén bo día de novo, conselleira.

En Galiza hai máis de 24.000 persoas usuarias do SAF e unhas 8.000 traballadoras, que na maior parte dos casos corresponden a empresas privadas prestadoras do servizo. Son traballadoras cunhas condicións laborais e salariais precarias desde hai anos; unhas condicións laborais fixadas nun convenio colectivo que está caducado desde 2011. Son vítimas durante todo este tempo do ninguneo e do abuso por parte das empresas, que fixeron todo, de todo, para impedir a negociación dun novo — mesmo disolverse como asociación en 2012 para intentar descolgarse dese convenio e coller peores condicións aínda co estatal—.

Hoxe esas traballadoras están en folga, e unha representación delas, ademais, acompañanos hoxe neste pleno.

As traballadoras do SAF están en folga para defender os seus dereitos laborais, pero tamén os das persoas usuarias, que son quen sofren colateralmente as consecuencias dun servizo sostido na precariedade das súas traballadoras. Soportan desde hai anos xornadas a tempo parcial, teñen que coller o seu propio vehículo para ir dun domicilio a outro sen un salario que cubra ese custo e traballan en casas que non contan, en practicamente ningún caso, coa máis mínima adaptación para atender as persoas dependentes.

Cando falamos do SAF, de coidados e de vida, cando falabamos de se sairíamos mellor desa crise provocada pola covid ou non, falar de saír mellor é garantir condicións de traballo dignas para quen cuida. E o que teñen hoxe enriba da mesa esas traballadoras nin mellora esas condicións en forma de preacordo nin reconece o seu labor nin garante unha mellor prestación do servizo. E quizais hoxe a Xunta teña a tentación de escorrer o vulto, de dicir que isto non vai co Goberno, de que son traballadoras de empresas privadas e que non lles co-



rresponde a vostedes decidir sobre as condicións nas que traballan estas mulleres, nas que desenvolven o seu traballo.

Pero resulta que non, que a Xunta ten moita responsabilidade ao respecto. O SAF é un servizo público para garantir o dereito das persoas maiores dependentes a envellecer na súa casa, ordenado por unha normativa autonómica desde 2009 e xestionado polos concellos. Pero, sobre todo, conselleira, o SAF é un servizo financiado con cartos de todos, sexa cal sexa o modelo de xestión. Foron nada menos que 110 millóns de euros públicos os saídos directamente dos orzamentos da Xunta de Galiza este ano 2022. Só por iso, conselleira, o Goberno deste país ten moito, moito, que dicir sobre as condicións de traballo nas que se presta este servizo, do que todo o mundo saca peito, do que todas sacamos peito, pero que se sostén sobre o lombo, entre outras, das persoas que están sentadas aí arriba.

Por iso, desde o BNG preguntámoslles sobre o que vai facer a Xunta de Galiza, se é que nalgún momento pensa facer algo, para que o novo convenio colectivo das traballadoras do SAF garanta condicións laborais e salariais dignas para quen coida as nosas nais, os nosos pais ou as nosas avoas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Ben, quero saudar, por suposto, as traballadoras do SAF e traslado o máximo recoñecemento por parte do Goberno da Xunta de Galicia ao seu magnífico traballo.

Non tiña pensado, de ningún xeito, escorrer ningún vulto. Simplemente por aclarar, e sen ningún ánimo disto, o SAF é unha competencia municipal, porque se recolle así na lexislación de servizos sociais, como servizo social comunitario básico que é, pero a Xunta participa —e isto tamén creo que o saben e o deben coñecer as traballadoras— no cofinanciamento do SAF. E ademais está participando dun xeito máis intenso do que lle corresponde. Vostede sabe que está financiado ao 70 % pola Comunidade Autónoma e ao 30 % polo Estado, cando a Lei de dependencia o que establece é que debe ser —ía dicir *fifty fifty*— a un 50 % por cada unha das administracións, ¿non?

Na Xunta levamos reforzando cada ano os orzamentos que destinamos a garantir esta prestación. O investimento superou no ano 2022 por primeira vez os 100 millóns de euros. E —terano visto nos orzamentos deste ano— aumentamos, incrementamos, ata os 113 millóns de euros; é dicir, hai unha subida dun 10 % na partida correspondente ao servizo de atención no fogar para este exercicio 2023. Isto ¿que permite? Pois permite ese magnífico servizo do que, efectivamente, todos sacamos peito. Permite que Galicia sexa a segunda comunidade autónoma con maior porcentaxe de atención. Estamos á cabeza de España no número de persoas maiores atendidas na casa.



No ámbito laboral hai algunhas cousas do que vostede sinalaba que non son exactas, tanto na parte escrita como na intervención. É dicir, falabamos de que co convenio colectivo vixente do ano 2011 non se actualizaron —e si se actualizaron— os salarios. Actualizáronse co incremento do IPC ata o ano 2021. A problemática xorde no 2022. Non é certo que non exista agora mesmo patronal e non é certo que non se negociase un novo convenio. Está iniciada dende hai meses unha negociación —eu supoño que vostede o sabe—. E si existe unha patronal que está negociando e existen tres sindicatos que están negociando —UXT, Comisións e CIG—. Chámame moitísimo a atención porque existe un preacordo. Téño aquí, supoño que o coñecen. Entón vostede saberá que para chegar a este preacordo foi un mediador do Consello Galego de Relacións Laborais o que interveu. Polo tanto, non se pode dicir que a Xunta de Galicia se está poñendo de perfil nun asunto no que utilizamos a única ferramenta que temos nunha negociación colectiva, porque, evidentemente, está a autonomía e a vontade das partes, pero coa intervención ou axuda do Goberno cando pode a través do Consello. E así se fixo.

E, por suposto, ademais, estamos vixiantes nas condicións laborais. No plan da Inspección de Traballo deste ano 2022 incorporouse especificamente o sector da axuda no fogar. Son 598 ordes de servizo para controlar as condicións laborais, e 117 para supervisar a protección, seguridade e saúde, en relación co trastorno músculo-esquelético, das persoas deste servizo.

Ademais, atendéronse todas as denuncias recibidas. E, por certo, os resultados do requirimento...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Ten outro turno despois.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGULADADE (Lorenzana Somoza): ...foi unha suba do 2,5 %.

Sigo despois.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, grazas presidente.

Unha das cousas que me preocupa do que acaba de dicir vostede agora, conselleira, é que a mediación ou a intervención da Xunta de Galiza sexa para poder avalar un preacordo que, entre outras cuestións, o que fai é crear, por exemplo, dúas escalas salariais e facer que unhas traballadoras dun concello cobren un salario e as do concello do lado outro salario diferente cando están prestando o mesmo servizo, servizo financiado —e eu quero insistir moito nisto— nunha parte importantísima pola propia Xunta de Galicia, con máis de 100 millóns de euros públicos ao ano que nos fan responsables a todas as galegas e a todos os



galegos das condicións nas que traballan esas auxiliares de atención das persoas dependentes nos seus fogares.

E eu coincido. É un magnífico, magnífico servizo, e vaia todo o recoñecemento para as traballadoras, que fan un esforzo brutal. Pero eu lanzo unha pregunta para vostede pero tamén para o conxunto da Cámara: ¿vostedes saben canto cobra unha auxiliar do servizo de axuda no fogar?, ¿saben en que condicións traballa quen ten que levantar a nosa nai, o noso pai, cada día sen unha grúa, por exemplo, porque os domicilios non son residencias nin centros de día?, ¿saben canto cobra unha traballadora que lle cambia o cueiro á nosa avoa, ao noso pai, á nosa nai ou nalgún momento das nosas vidas a nós mesmas? Xuntando todas as horas, no mellor dos casos, 800 euros. E eu o que quero é que o meu goberno, sexa da cor política que sexa, se poña do lado desas traballadoras e, ademais de recoñecerlles o magnífico traballo que fan, defendan condicións de traballo dignas. *(Aplausos.)*

Por iso nós o que lle pedimos, conselleira, é a implicación. Porque, efectivamente, hai un grao de financiamento moi grande por parte da Xunta. Ningún goberno, nin o Partido Popular sequera, asumiu desde a Administración xeral do Estado a obriga orzamentaria que tiña. O Partido Popular nunca puxo o 50 % da Lei de dependencia, e o Partido Socialista tampouco neste momento. Pero é que está moi lonxe a aportación. Cando cheguemos aos 12 euros/hora que ten en 2024 o acordo, a Xunta de Galiza estará lonxe dos 18 e 23 euros que custa realmente prestar o servizo. Por iso pedimos implicación, decisión e dereitos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil, terminou o tempo.

Peche da pregunta pola conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, señoría.

Vostede fala da implicación. Eu creo que a mesma reclamación que está facendo aquí tamén hai que facela noutras administracións. Galicia está poñendo ese 70 %. Levamos anos perdendo un 20 % dos fondos vencellados á obriga legal de cofinanciamento.

Galicia ten ese compromiso —e teno coa Fegamp— de aumentar ata ese ano que vostede falaba un 24 % o financiamento do SAF. E está cumprindo. Nos orzamentos deste ano temos ese 10,5 % máis. En total, supón 113 millóns, o 10,5 % dos orzamentos totais da Consellería de Política Social. E todo isto para mellorar o servizo e, por suposto, para mellorar as condicións laborais das traballadoras do SAF. Pero iso non quere dicir que non teñamos que poñer sobre a mesa que a titularidade do servizo é municipal e que, polo tanto, son eles os que están obrigados a vixiar as condicións laborais dos traballadores. O financiamento téñeno. Imos aumentar un 10 % o financiamento, co cal, a partir de aí, eu o que si lle diría é que creo que, cando sindicatos como Comisións Obreiras ou UXT están traballando para firmar ese acordo dun novo convenio colectivo, conviría que non se tratase de politizar este asunto, que se tratase de ser máis construtivo para asinar o convenio colectivo do sector; un convenio colectivo que, por certo, lles recoñece a estas traballadoras un incremento dun



6,5 % no ano 2022, cando a totalidade dos requirimentos que está facendo a Inspección de Traballo asumen que a suba debe ser un 2,5 %, como o das pensións. Con todo, aquí estase recoñecendo un 6,5 % para o ano 2022. E non poño en dúbida que tanto Comisión Obreiras como UXT tamén están defendendo, como defende o Goberno galego, os dereitos destas traballadoras.

Co cal, ao mellor, en lugar de xogar cos votos e de politizar esta cuestión, conviría que vos- tede —que seguramente a CIG lle fai máis caso cá min— lle explicase que este é o mellor xeito de continuar avanzando na mellora das condicións laborais —dentro de que, eviden- temente, todo se pode seguir mellorando—.

Conclusión: a Xunta de Galicia está aumentando un 10 % os fondos para mellorar o salario dos traballadores e das traballadoras do SAF. Convén tamén que os concellos entren no seu labor, porque Inspección de Traballo está facéndoo, e convén tamén que se expliquen ben as condicións de mellora que están neste convenio colectivo que —repito— tanto Comisión Obreiras como UXT están intentando acordar.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres empresas seleccionadas como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos do Polo Aeroespacial de Galicia

O señor PRESIDENTE: Tan a palabra a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O Polo Aeroespacial de Galicia, ubicado no municipio lucense de Castro de Rei, forma parte da aposta estratéxica do Goberno galego para, por unha banda, impulsar a investigación e, por outra, a implantación de empresas na nosa comunidade autónoma. Con ese obxectivo, a Xunta de Galicia activou o Plan estratéxico 2021-2025 do Polo Aeroespacial, unha folla de ruta que xa ten en execución un importante volume de investimentos procedentes tanto de fondos públicos como de fondos privados.

Entre as iniciativas de moi diversos ámbitos que se desenvolven neste espazo destacan as dirixidas á investigación e desenvolvemento de avións non tripulados, ás telecomunicacións avanzadas e aos programas para incentivar as vocacións científico-tecnolóxicas. Dentro desas iniciativas, gustaríame recalcar unha en especial: o desenvolvemento e adquisición de solucións innovadoras por medio de vehículos non tripulados para a atención sanitaria urxente no Camiño de Santiago, a monitorización de zonas forestais para a prevención e extinción de incendios, a inspección e vixilancia pesqueira, marisqueira e acuícola, e tamén para a localización de persoas desaparecidas. En definitiva, trátase de poñer ao servizo das



persoas o coñecemento adquirido no polo aeroespacial de Rozas mellorando, por un lado, a eficiencia dos servizos públicos e, por outro, validando, testando e sendo o primeiro cliente das solucións e produtos desenvolvidos polas empresas e centros de coñecemento, así como permitir un mellor posicionamento no mercado global e apoiar de forma específica as pequenas e medianas empresas.

Señor vicepresidente, hai escasos días vostede comparecía nesta cámara parlamentaria para explicar as partidas orzamentarias da súa área para o vindeiro ano 2023. Os orzamentos recollen unha aposta económica de máis de 27 millóns de euros para consolidar o Polo Aeroespacial. Consolidar o dito polo tradúcese en emprego de calidade, un emprego moi especializado e tamén un emprego altamente cualificado. Digo emprego especializado e cualificado grazas ao sistema educativo e universitario da nosa comunidade autónoma, que conta na provincia lucense cun ciclo superior de aeromecánico que ten unha gran valoración polas empresas do sector.

Señor vicepresidente, recentemente coñeciamos a presenza de tres empresas punteiras —Airbus, Babcock e Telespazio— como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos mundiais no Polo Aeroespacial de Galicia, unha alianza con tres compañías de recoñecida traxectoria internacional que, xunto coa aposta do Goberno galego, unirán esforzos para seguir impulsando proxectos de investigación e desenvolvemento no aeródromo de Rozas.

¿Pode indicarnos en que consiste a colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres empresas seleccionadas como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos polo polo aeroespacial ubicado en Castro de Rei?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, agradézolle a oportunidade de poder facer un balance e tamén unha visión de futuro do Polo Aeroespacial de Galicia, unha das iniciativas relevantes dentro dos sectores emerxentes polos que estamos apostando na Xunta de Galicia, e precisamente utilizando fórmulas de colaboración público-privada e tamén dende o punto de vista da innovación a través da compra pública innovadora. Estanos a permitir, efectivamente, captar proxectos que están sendo pioneiros nestes momentos no desenvolvemento dos vehículos aéreos non tripulados e que está facendo que hoxe Galicia sexa unha referencia obrigada cando falamos de tecnoloxía para vehículos non tripulados —xunto a case 70 compañías que xa se dedican ao sector aeronáutico— que estamos a desenvolver.

Levamos cinco anos trallando de forma permanente coas empresas e tamén coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Ciencia e do Ministerio de Defensa, e as ci-



fras obtidas falan por si soas. Estamos nestes momentos mobilizando —xa temos mobilizado— un investimento de 164 millóns de euros, e creando ou acelerando máis de 20 empresas —en concreto 24 empresas— co apoio da Business Factory Aero. E foron máis de 900 profesionais e máis de 50 empresas ou centros de coñecemento implicados. Temos neste momento 52 solucións desenvolvidas aquí que xa están no mercado e que constitúen unha base sólida do que estamos a desenvolver.

Polo tanto, o camiño dende o punto de vista da política industrial marca necesariamente darlle continuidade a esta aposta da Xunta de Galicia. Efectivamente, da man de empresas de primeiro nivel, como son Airbus, Babcock e Telespazio, imos permitir darlle continuidade ao traballo feito por outras compañías tamén referentes no sector, como Indra e Boeing.

O investimento público-privado que imos desenvolver nos próximos anos xunto con Airbus, Babcock e Telespazio ascenderá a 320 millóns de euros ata o ano 2026, e permitiranos a sinatura de acordos de asociación coa empresa líder no sector aeroespacial, como é Airbus, con Telespazio —integrada no grupo Thales e líder tamén en solucións de alta tecnoloxía aplicada á aeronáutica— e novamente con Babcock, que xa estivo na primeira etapa.

Imos desenvolver unha plataforma pioneira para cubrir diferentes tipos de operacións, como drones, sistemas de propulsión de reducido impacto ambiental, plataformas certificadas e tamén tecnoloxías que servirán para impulsar o mercado dos sistemas non tripulados. E, polo tanto, seguimos facendo unha aposta por un sector que xa é unha realidade do tecido produtivo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

Dicía vostede, señor vicepresidente primeiro, facer de Galicia unha referencia obrigada cando falamos de tecnoloxía para os vehículos non tripulados. Efectivamente, dende o Partido Popular queremos que Galicia sexa un referente neste sector e situar a nosa comunidade no lugar que merece. E á vista está que o esforzo e a aposta do Goberno galego é claro en termos económicos, como acaba de enumerar, e tamén en termos de colaboración con esas tres empresas.

Froito desa colaboración, aprobáronse listados de programas de interese preferente que están preparados para comezar a desenvolverse no caso de recibir fondos europeos. Porque Galicia non renuncia a seguir incorporando no futuro novos programas de I+D, pero tamén de novos socios.

Con todo, non vemos esa colaboración por parte do Goberno de España. A única colaboración que estamos a ter é torpedear e apartar calquera investimento que beneficie os galegos. O PERTE aeroespacial é un claro exemplo desta mala xestión, xa que gran parte do presuposto, especialmente o dos procesos competitivos dirixidos a empresas, aínda non está licitado —



tal e como ocorre con todo o relacionado cos fondos Next Generation—. Porque en dous anos de vixencia comprobamos a mala praxe do Goberno estatal e as dificultades de acceso a eses fondos para o tecido produtivo.

Basicamente, para o Goberno de España non son prioritarios os proxectos que aposten por unha Galicia máis verde, máis dixital e máis inclusiva. Para o Goberno de España o único prioritario é cadrar e deseñar os intereses electorais e partidistas nos territorios gobernados polo Partido Socialista. En definitiva, señor vicepresidente, estamos ante un Goberno de España que esquece, impide e veta a Galicia día tras día; porque, tras nove meses sen coñecer moito sobre o PERTE aeroespacial, ¿pode indicarnos se ten algunha información ao respecto?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Peche da pregunta polo señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, efectivamente, Galicia está nestes momentos na vangarda do sector aeroespacial no eido dos vehículos non tripulados. É unha realidade. É consecuencia directa da colaboración público-privada, da aposta das administracións, da implicación do tecido produtivo galego e das empresas tractoras. E nestes momentos temos unha enorme oportunidade nun sector que ten as maiores perspectivas de crecemento. Segundo datos da propia Unión Europea, espérase que o sector aeronáutico xere no ano 2025 unha actividade económica ligada aos vehículos non tripulados de 10.000 millóns de euros ao ano e uns 100.000 empregos, un contexto no que Galicia está traballando e, sobre todo, no que Galicia ten capacidades instaladas e, polo tanto, capacidade de competir. Falo de empresas emerxentes de alto potencial tecnolóxico, pequenas e medianas empresas galegas como son Alén Space, Centum, Lupeon ou Aeromedía. E cómpre tamén apostar pola industria de alto valor engadido vinculada á I+D+i; polo tanto, pola presenza de importantes centros tecnolóxicos e tamén das propias universidades.

Por iso unha das prioridades que temos no Polo aeroespacial de Galicia nos vindeiros anos é precisamente xerar unha pegada industrial arredor deste sector, xerar un ecosistema consolidado de pequenas e medianas empresas e centros de coñecemento en ámbitos como a sostibilidade e o Big Data, a intelixencia artificial e os novos materiais; e, sobre todo, con estes tres programas que lle trasladei, a través de Airbus, Telespazio e Babcock, cos que imos asinar un convenio para consolidar esta asociación e, polo tanto, marcar o futuro do mercado civil de vehículos non tripulados —cun investimento de 320 millóns de euros con diñeiro público e diñeiro privado que vai permitir crear máis de catrocentos empregos de alta cualificación—.

O noso obxectivo, é certo, é mobilizar un investimento público-privado de 540 millóns de euros. Co que temos xa en marcha supón máis do 60 % do obxectivo que temos marcado no



período ata o ano 2026, e por iso imos intentar acudir ás convocatorias do PERTE aeroespacial, que foron aprobadas —como ben di— hai xa máis de sete meses, e nas cales imos intentar que poidamos seguir atraendo investimentos a Galicia.

Temos capacidades, temos un tecido produtivo con esas realidades dende o punto de vista da súa capacidade competitiva, e, polo tanto, o que queremos é que o Polo aeroespacial de Galicia teña máis posibilidades a través do propio PERTE aeroespacial. Esperamos que esa convocatoria se produza canto antes e, polo tanto, que os orzamentos da Xunta, que este ano van dedicar 27 millóns de euros para seguir implementando o Polo aeroespacial, contén tamén coas aportacións do...

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente. Rematou o tempo.

(O señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Conde López, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender a demanda da sociedade galega de rescatar a Corporación Radio e Televisión de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Quero saudar tamén os membros do Comité Intercentros da CRTVG que nos acompañan hoxe aquí.

O pasado domingo, conselleiro, miles de persoas manifestáronse, manifestámonos, en Compostela na defensa dos medios públicos deste país; unha mobilización a favor da CRTVG e da garantía do dereito fundamental de todas as galegas e de todos os galegos a contar cuns medios de comunicación públicos que sexan de todas e para todas, do dereito de toda a cidadanía de Galiza a contar cunha radio e televisión públicas que sexan o reflexo do pluralismo social, político e cultural que existe na sociedade galega, que sexan motor e impulso do sector audiovisual deste país, que contribúan á normalización da lingua galega —especialmente na infancia e a mocidade— e que garantan a veracidade, a obxectividade e a imparcialidade dos servizos informativos. Porque hoxe o que temos non é iso. O que temos é unha CRTVG secuestrada polo Partido Popular que converteu os medios públicos deste país no seu terminal de propaganda particular. *(Aplausos.)* Temos unha CRTVG que viola os dereitos fundamentais dos seus traballadores —sentenza mediante que condena a empresa por persecución política e sindical dun traballador—. Temos unha CRTVG dirixida por un señor posto a dedo polo Partido Popular, que o mantén aí desde hai máis de dez anos en contra do que di a lei —a súa lei, a súa lei—. Temos unha CRTVG, conselleiro, que nega o dereito, o dereito, das traballadoras da casa a ter un estatuto profesional e un consello de informativos que vostedes mesmos lles prometeron a elas hai máis de dez anos. Temos unha



CRTVG que trivializa a violencia machista en *prime time* presionando, até chorar, unha muller para que se reunise co seu acosador. Temos unha radio que non dá espazo á música feita neste país —con datos da propia CRTVG é un 30 %, e dáte cun canto nos dentes—. E temos unha televisión que programa o cinema galego, vendo a grella, cun horario para que directamente non a vexa ninguén.

A CRTVG naceu hai case corenta anos, conselleiro, señorías do Partido Popular, para servir a Galiza, ¡para servir a Galiza!, e non a vostedes. (*Aplausos.*) Por iso, conselleiro, diante deste panorama cada día —dígollo— máis insoportable, a Xunta de Galiza ¿que vai facer?, ¿botarlle a culpa ao Bloque de todo?, ¿acusarnos de estar nós non sei se detrás de todas esas miles de persoas que acudiron libre e democraticamente á praza Roxa e a Praterías en Santiago?, ¿cando van devolverlles os medios de comunicación públicos deste país ás galegas e aos galegos? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Voulle dar unha boa nova, en certa medida: a CRTVG foi rescatada xa. Foi alá no ano 2009, cando gobernaban vostedes e mais vostedes. (*O señor vicepresidente sinala as bancadas dos grupos dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego respectivamente.*) (*Aplausos.*) Xa foi rescatada, non se preocupe.

Hoxe os señores do Bloque volven ser os voceiros de toda a sociedade civil galega e volven dicir que miles e miles de persoas estaban congregadas esta fin de semana. Ben, pois, mire, esa é a opinión do Bloque Nacionalista Galego pero, dende logo, non da sociedade galega. Despois de escoitala hoxe a vostede, señora Rodil, e outros días a outros compañeiros seus, incluso tamén do Partido Socialista, hai dúas posibilidades: a do sectarismo, que lles impide ser capaces de ver outra opción posible, ou outra máis sinxela, e a de que vostedes viven de costas aos galegos.

Non sei. O sentir da cidadanía é bastante diferente ao que vostede veu expresar aquí neste Parlamento. E hai datos obxectivos, porque, claro, vostede vén aquí contando así, miles e miles e miles. Pois, claro, ¿que vai pensar das estatísticas?

A TVG é líder de audiencia entre todas as televisións autonómicas, pero o BNG quere falar de rescate. (*Murmurios.*) É líder de audiencia. ¿Non o cren? Ben, así estamos.

O 64 % dos galegos consideran que os informativos da TVG son serios e rigorosos, pero o BNG fala de manipulación.



O Estudo Xeral de Medios, o EGM, revela que a TVG é a televisión máis valorada en España en materia de cultura e identidade, pero o BNG vén falar aquí... *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Failles graza! *(Murmurios.) (Pausa.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Vóullelo dicir en galego: Estudo Xeral de Medios. Voullo dicir en galego a ver se o entenden mellor. Non é o EGM, é o Estudo Xeral de Medios, a ver se así son capaces de entendelo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Segundo o último informe de Barlovento, o 90 % dos galegos recoñécese na TVG; pero os do Bloque, non. Ben, ¡que lle imos facer!

Vostedes seguen pensando que o que vostedes queren ver o ve todo o mundo. E non é certo, señoría. Vostedes intentan enganar unha e outra vez, e trasladar á opinión pública unha situación que non se dá nin se parece. Saben vostedes que a cidadanía non comparte as súas recorrentes e infundadas acusacións de manipulación. Critican a dirección da CRTVG, pero acaban criticando —como acaba de facer vostede— os traballadores da CRTVG e os profesionais da CRTVG. Revise a súa primeira intervención, porque estiven ben atento a todo o que dicía.

Para vostedes o falar non ten cancelas. Dálles igual, poden dicir o que se lles ocorra. Hai unha resolución da Valedoría do Pobo, a 15364/21 —que quede claro que non é do PP, é a Valedoría do Pobo—, que di que o director xeral ten toda a lexitimidade parlamentaria para exercer o seu cargo. Pero a vostedes iso dálles igual, poden vir aquí e dicir o que lles peta.

Pero ¿sabe cal é o problema? Vese realmente cando se compara o que fan nun sitio ou noutro. Porque vostedes aquí veñen dicir estas cousas, pero, iso si, en Madrid, co que está a pasar cos medios públicos —que non afectan a Galicia, non afectan a Galicia— vostedes calan. Pero, claro, ¿cal é o problema? «É que en Madrid non gobernamos». Non, vostedes gobernan, sempre que poden, co Partido Socialista. E ¿que fai o Partido Socialista? Destitúe e nomea unha persoa, como foi Rosa María Mateo, durante un montón de tempo. O Tribunal Constitucional dixo que era ilegal, que era ilegal o nomeamento, e vostedes miran para outro lado porque ao Partido Socialista non se atreven a dicirlles nada. *(Aplausos.)* Son os seus socios. Sen eles, vostedes non son nada. Vostedes gobernan nalgún sitio grazas a estes señores. Entón, o problema que ten o Bloque é que, cando quere criticar o Partido Popular, tenta...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...agochar o Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente, ten outro turno despois. Grazas.

(Aplausos.)



Réplica da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Faltoulle falar de Burundi para non falar de CRTVG, señor Calvo. (*Aplausos.*)

Eu preguntolle algo, preguntolle algo: os dereitos humanos ¿mídense en *share* agora? Os dereitos laborais das traballadoras e dos traballadores ¿mídense en audiencia, señor Calvo? Porque aquí hai unha sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que di que ese señor, que vostedes nomearon a dedo e manteñen como director xeral da CRTVG, e os seus —usando as súas palabras— secuaces políticos, esas persoas, perseguen, perseguen e reprimen traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galiza. (*Aplausos.*) —Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, sentenza firme—.

Eu non sei se algunha vez lle contei que a min me gustan moito as hemerotecas e me gusta moito revisar os vídeos. E o señor Calvo era o portavoz do Partido Popular na Comisión de Control da CRTVG entre os anos 2005 e 2009. E, como lle gusta tanto botar o ollo atrás e a min me encanta repasar os vídeos e as hemerotecas, eu quixera falar non sei se con este señor Calvo ou co de hai trece anos, o que pedía día si e día tamén a dimisión do daquela director xeral da CRTVG porque non lle gustaba que puxesen telenovelas pola tarde —dicía—. (*Risos.*) (*Aplausos.*) E non lle gustaba nada tampouco que non cumprise a lei de creación, que era a que estaba en vigor naquela altura. E eu preguntolle, señor Calvo —*del presente o del pasado*—, ¿que se diría vostede a si mesmo cando hai unha dirección da Corporación condenada en firme por persecución política e sindical dos seus traballadores? (*Aplausos.*) ¿Que se diría vostede a vostede mesmo por ter unha persoa ao mando da CRTVG en contra do que di a lei desde hai dez anos? E vostedes, como non lles gustaba cumprir a lei, *la cambiaron*. E, entón, onde era ilegal que se mantivese ese señor en contra da maioría cualificada desta Cámara cambiaron a lei, e mantéñeno aí ao pobre tamén secuestrado, porque non pode irse (*Risos.*), que a vostedes non lles dan os números para cambialo. (*Aplausos.*) ¿Que se diría a vostede mesmo, señor Calvo? Deixe...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

(*Aplausos.*)

Pecha esta pregunta o vicepresidente segundo e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Mire, vostede na intervención falaba de desmantelamento (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, na redacción da pregunta, señora Rodil. ¿Ou non fala diso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*)



Xestión do Bipartito: deixan nas contas da CRTVG 51 millóns de débeda. Hoxe está pagada e investimos 73 millóns en modernización.

Fala de precariedade. No ano 2009 o 40 % da plantilla estaba nunha situación de precariedade. Hoxe o cen por cento da plantilla está a piques de ser de fixos.

Igualdade, a CRTVG é unha das poucas empresas en Galicia, das 30.000 empresas analizadas, co indicador de igualdade de xénero, no que só alcanzaron un 4 % esa distinción entre as empresas galegas. De 30.000 analizadas, a CRTVG é unha delas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡A vostede dálle todo igual, fala así e dálle igual!

E dime vostede que é que vostede mirou a hemeroteca. Eu miro a hemeroteca, mais eu estaba aquí e sei perfectamente o que dixen. É unha pena que non mire todas as comisións, porque desas comisións que había aquí voulle recordar algunha. Din vostedes que hai que rescatar a CRTVG, pero fíxese no que pasaba na CRTVG cando gobernaban vostedes. O Partido Socialista tiña o control da Televisión Galega, e o Bloque Nacionalista da Radio Galega. E chegou un momento en que o vicepresidente do Bloque Nacionalista Galego botou os periodistas da Televisión Galega porque non lle facían caso nas parrillas de informativos para meter información do Bloque. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Aí si que había que rescatar, señora Rodil, había que rescatar! E afortunadamente tardouse pouco en rescatar.

Voulle ler algunha prensa, como a de *El País*, como fai vostede, para que non teña lugar a dúbidas, ou outros. Esta é a carta que escribiu o director da CRTVG, ese ao que eu lle pedía a dimisión, porque, despois de escribir esta carta ao vicepresidente Anxo Quintana, do Bloque, só lle quedaba dimitir, ¿non? ¡Ah, non se acorda! Pois é unha pena, eu pódollo recordar. (*O señor vicepresidente le un texto*) «Considero o meu deber informal acerca dunha situación que entorpece ata límites dificilmente soportables o traballo que veñen realizando os profesionais dos servizos informativos da TVG, que afecta criterios de profesionalidade, pluralismo, equidade e independencia que deben presidir a actuación dos medios de comunicación públicos. A actitude do señor Losada» — sabe vostede quen é—, «secretario da vicepresidencia do Bloque, fai imposible poder traballar na TVG». (*Protestas desde as bancadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*) E agora vén aquí vostede —cos índices que eu lle digo— con que quere rescatar a Galega. Xa llo dixen, a Galega foi rescatada no ano 2009, ¡no ano 2009, señora Rodil!

Pero, coma este, hai moitos máis exemplos. Eu, se quere, convídoa a ver toda a hemeroteca dende ano 2009 cara atrás, ata o ano 2006, e veremos o que facían vostedes e mais vostedes (*O señor vicepresidente sinala os membros do Grupo Socialista.*). Porque o que vostedes si que saben facer, cos seus socios —por iso llo dicía antes—, é o de facer esas xuntanzas que vostedes fan. E como o Partido Socialista lles manda unha misiva a todos os afiliados para que acudan ao parque infantil e poder achegarse a eses milleiros e milleiros de persoas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente. Terminou o tempo.

(*Aplausos.*)



Pregunta de D. Eduardo Ojea Arias, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os recursos propios destinados polo Goberno galego para desenvolver a política de vivenda

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Boas tardes, señora conselleira.

Revisando os xornais podemos atoparnos con novas que amosan o fracaso das políticas de vivenda do Partido Popular en Galicia nos trece anos de goberno: «*El precio del alquiler ha subido un 20 % en Galicia en los últimos cinco años*», «*Los alquileres suben un 30 % desde 2014 alrededor de los grandes concellos*», «*Feijóo presume de la política de vivienda después de conceder solo cuarenta ayudas para pisos protegidos en un año*». E isto cando tres de catro galegos teñen dificultades para chegar á fin de mes.

Dicían vostedes que as políticas da Xunta en materia de vivenda seguen unha folla de ruta completa que se vai adaptando ás necesidades da sociedade actual co obxectivo de apoiar as familias galegas no acceso a unha vivenda digna. Pois non é certo. Os gobernos do Partido Popular na Xunta desprezaron as políticas de vivenda durante trece anos a pesar de ser parte das súas competencias. Desprezaron o apoio á construción de vivendas para persoas vulnerables e desprezaron as políticas para favorecer o acceso ao alugueiro. Do pouco e mal que fixeron tentaron priorizar a rehabilitación fronte ao acceso á vivenda, pero non deron solucións axeitadas aos problemas de milleiros de galegos e galegas.

Só co impulso do goberno progresista en España, a través do plan estatal de vivenda e os fondos remitidos á Xunta de Galicia, votedes moven ficha. Actúan tarde, mal e a rastro, é un goberno que vai a remolque, que usa os fondos finalistas do Estado para vivenda pero que escatima e regatea nos fondos propios da Xunta.

A construción de vivendas protexidas e a súa adxudicación aos colectivos máis vulnerables debería ser unha prioridade nestes momentos, así como facer algunha política de alugueiro; porque recorden que, por unha banda, a exclusión residencial afectaba antes da covid ao 35 % e agora bastante máis, e, en cambio, a oferta de vivenda en alugueiro descendeu en Galicia, caeu un 27 % en Ourense, o 16 % na Coruña, o 16 % en Lugo e o 1 % en Pontevedra.

O Goberno central leva feito en Galicia un investimento de máis de 400 millóns de euros en vivenda —e na rehabilitación— nos últimos anos. Así, no Plan estatal de vivenda 2018–2021, 109 millóns; no Plan estatal de vivenda 2022–2025, 82,2 millóns; no bono de alugueiro xove, 22,8 millóns —ao que hai que engadir 205 millóns de euros dos fondos extraordinarios do Plan de recuperación, transformación e resiliencia—.

Isto debería ser unha oportunidade para asegurar a función social da vivenda en todo o territorio. O Estado fai unha aposta sen precedentes en materia de vivenda que tamén favorece os galegos e galegas. Gustaríanos coñecer que programas se executan en vivenda e cales se abordan con fondos propios da Xunta a maiores dos fondos finalistas do Estado, que política de vivenda con recursos propios...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea, coñecen a pregunta.

(Aplausos.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

A verdade, señor Ojea, é que me chama a atención que esta pregunta se formulase por vía de urxencia, xa que hai escasos cinco días que o director do Instituto Galego da Vivenda e Solo deu cumprida información dos orzamentos para o ano 2023 e vostede participou nela. Pero tamén lle direi que non teño ningún inconveniente, por suposto, en respostarlle.

Dito isto, temos que falar de orzamentos, efectivamente, e temos que falar das políticas de vivenda da Xunta de Galicia. E os orzamentos para o ano 2023 supoñen un incremento dun 13,85 % para políticas de vivenda para toda Galicia por parte da Xunta de Galicia. Son unhas liñas que ademais veñen marcadas polo Pacto social da vivenda, no que, como saberá vostede, está todo o sector representado, tamén están os concellos, as distintas administracións, e é un pacto que se asinou por unanimidade no ano 2021 —a primeira vez que se fai un pacto deste tipo, que ten que abranguer ata o ano 2025 coas distintas modificacións que creamos pertinentes e que foi aprobado no seo do Observatorio da Vivenda—.

E é bo revisar as contas, efectivamente, e, polo tanto, que saiban que a Xunta de Galicia destina un total de 150,4 millóns de euros á política de vivenda para o vindeiro ano, para o ano 2023. Con estes 150,4 millóns de euros o que buscamos é facilitar o acceso ao fogar, especialmente aos colectivos que teñen maiores dificultades, ben sexa a través do alugueiro, a través da compra ou tamén a través da rehabilitación. E, dese total, teño que dicirlle que o 54 % son fondos propios da Xunta de Galicia, 81,1 millóns de euros son fondos propios da Xunta de Galicia, ao que hai que sumar outros fondos do Instituto Galego da Vivenda e Solo que están fóra deste orzamento, como son 20 millóns de euros para o Fondo de cooperación cos concellos para a rehabilitación —dende o ano 2017, un total de 14,2 millóns de euros e 60 actuacións en distintos concellos—; 10 millóns de euros que se van destinar ao Fondo de cooperación para a adquisición; 5 millóns de euros para os avais para adquisición de vivenda por parte dos mozos; ou 3 millóns de euros para bonificación de prezos de vivenda pública. Polo que, señor Ojea, máis da metade do orzamento previsto son recursos propios deste Goberno, da Xunta de Galicia.

E do resto do orzamento teño que dicirlles que un 26,7 % corresponde a fondos de eficiencia enerxética. E eses fondos de eficiencia enerxética non son do Goberno central. O Goberno central é un mero transmisor deses fondos ás comunidades autónomas, que somos quen temos que executalos. Pero si que temos un problema co Goberno central. E ese problema é que, unha vez máis, en vez de ser as rexións, as comunidades autónomas, as que decidamos onde implantar este recurso...



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
...decide que vaian para...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Ten outro turno despois.

(Aplausos.)

Réplica do señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Grazas, señor presidente.

Con respecto ao que falaba vostede do orzamento para o 2023, na comparecencia falabamos de que no ano 2022 había 123,5 millóns de euros e no ano 2023, 125,6 millóns de euros; é dicir, 2,1 millóns de euros máis, o que representa un 1,7 % de incremento dende o ano 2022. Se o IPC acumulado é do 5,3 %, o incremento non é nada significativo, máis ben negativo.

Señora conselleira, vostede é a mesma que vende como programa estrela da Xunta para a mocidade avala a compra dunha vivenda cando a precariedade laboral e o baixo poder adquisitivo que padecen fai a todas luces imposible e inviable esta posibilidade. Mentres, ignoran que o que se precisa son axudas ao alugueiro que poñan o esforzo en políticas que revertan os preocupantes datos de emancipación dunha xuventude que está afogada.

Teñen un rexistro de demandantes de vivenda colapsado dende hai anos, con familias e persoas vulnerables que demandan unha vivenda social. E a resposta que reciben do seu goberno é a política de confrontación e a non execución do orzamento, un orzamento con máis cartos ca nunca, como vostede di, pero que non acepta programas de acceso á vivenda. Segue moitos millóns por debaixo do que se destinaba no ano 2009 —se recordamos, 109 millóns para o acceso á vivenda e 79 millóns de euros para a rehabilitación—.

Vostedes teñen paralizada a construción de vivenda pública, que apenas representa o 0,32 % da totalidade, moi por debaixo da media estatal, que é de 0,9 % —e non falemos da media europea, que é do 9,3 %, trinta veces máis—. É insignificante esta cifra fronte ás máis de 16.000 persoas que están inscritas no rexistro de demandantes. Executen os fondos que chegan do Estado, complementen as axudas, porque tal e como afirma a Rede Galega contra a Pobreza...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea. Terminou o seu tempo.

(Aplausos.)

Peche da pregunta pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Moitas grazas, presidente.



Plan estatal de vivenda, non sei se a iso é ao que se refería na súa pregunta, pero quero contestarlle. Levamos catro décadas co Plan estatal de vivenda, non é algo que inventase o PSOE, é que nos pertence. Somos a quinta comunidade que máis fondos recibimos porque somos a quinta comunidade que máis poboación temos. Iso vai en función da poboación.

É certo que adquirira o señor Ábalos un compromiso. E xa dimitiu, ou fixérono dimitir, e polo tanto non chegou ata o final. Esas cousas ocorren no PSOE. E, polo tanto, queríamos simplificación, simplificación que é moi necesaria. Porque de hoxe mesmo lle podería ler un whatsapp que me mandaba un técnico, que me dicía: «Conselleira, eses fondos son totalmente imposibles de executar». E iso é o que nós lle dixemos dende un primeiro momento ao Ministerio. É moi complicado, había que simplificar. Non quixeron simplificar. A pesar diso estamos facendo un esforzo inxente e ao final pois chegaremos. Chegaremos como facemos sempre cos plans estatais. Rematouse o pasado ano un plan estatal, e comprometemos o cen por cento do orzamento. E créanme que imos volver comprometer todo o orzamento, pero cun esforzo terrible por parte da cidadanía. E creo que os políticos estamos para outra cousa, estamos para facilitarlles a vida e non para complicarlles a vida, porque a Unión Europea, a Comisión Europea, non exige o que exige o Goberno central.

Aínda así, quero dicirlle que o plan estatal tiña que estar asinado no mes de xaneiro. Ao final fomos das primeiras comunidades autónomas en asinalo —non foi ata o mes de xullo—. E hai que certificar fondos xa este ano, co cal imaxinen vostedes como alguén pode executar na súa vivenda un cambio de ventás ou unha accesibilidade cando fixemos as convocatorias no mes de agosto porque asinamos no mes de xullo. Pero, aínda así, nós seguimos traballando; seguimos traballando en varios eidos. E créanme que, se hai algo frustrante, é que, cando unha comunidade como Galicia loitou para ser a primeira cun maior número de áreas de rehabilitación integral, vén o PSOE —apoiado, por suposto, polo BNG dende Madrid— e decide que non teñen sentido as áreas de rehabilitación integral. E acaban de cargarse as áreas de rehabilitación integral porque entenden que, bueno, que hai agora outros fondos e que, polo tanto, podemos cambiar esas políticas e poden ser unha liña de barrios, pero xa non queren saber nada. Non sei se é un acoso e derribo cara a Galicia ou simplemente que teñen ganas de que todo o mundo traballe moito máis do que viña traballando.

Tivemos que loitar tamén para que houbera as axudas para accesibilidade ás vivendas e aos edificios, porque era algo que querían suspender do plan estatal de vivenda. Pero, por outro lado, aquelas liñas que xa tiña a Xunta de Galicia pois resulta que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Terminou o tempo.

(Aplausos.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os criterios que está a seguir a Xunta de Galicia respecto da planificación dunha mobilidade sustentable entre A Coruña e Oleiros a través da ría do Burgo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Queixas Zas.



A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señora conselleira, o pasado mes de abril vostede ocupou portadas de prensa avanzando a licitación para o mes de maio do proxecto e da obra dunha pasarela sobre a ría do Burgo por un importe de 8 millóns de euros que uniría o bordo litoral das Xubias coa duna do bico da praia de Santa Cristina. As follas do calendario foron caendo e no mes de xuño vostede volveu anunciar a mesma licitación; pero, neste caso, que sería contra o verán. Este proxecto de pasarela estacional comezou cun escaparate na primavera, seguiu con outro no verán, e volveu agora co escaparate de outono reanunciando o mesmo proxecto, pero agora para novembro. É por iso que no grupo do BNG nos preguntamos que sorpresa nos deparará agora esta pasarela para a tempada de inverno. Porque no proxecto de orzamentos, actualmente en tramitación, a pasarela sobre a ría do Burgo non aparece. Polo tanto, a nosa conclusión é que é unha pasarela sen bases de compromiso económico, sustentada no aire e condicionada ao discurso, do que tanto gusta o Partido Popular, do impredicíbel

Esta crónica de suspense si pensamos que cumpriu ese obxectivo de ser unha operación de sondaxe pública, conseguiu vostede —e parabenizámola— conciliar a oposición unánime a este proxecto, desde a oposición do tecido social, o tecido asociativo da comarca da Coruña, á de diferentes colectivos medioambientais, entidades implicadas na mobilidade sostíbel, comunidade científica; é dicir, desde todas aquelas áreas que apelan á práctica dunha mobilidade sustentábel neste eixe fundamental da comarca da Coruña, peonil, ciclábel, que vertebral —como precisa a comarca— máis co menor impacto posíbel sobre o territorio.

Esta pasarela informativa —de momento— ignora a cidadanía, ignora os gobernos municipais afectados, A Coruña e Oleiros —que non saben nada deste proxecto—, ignora as condicións de especial vulnerabilidade ambiental de diferentes ecosistemas que hai na zona, con flora e con fauna protexida ou incluso en perigo de extinción. Non conta coas preceptivas autorizacións de Adif, da Dirección Xeral de Aviación Civil, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, como corresponde á titularidade e á ubicación dos terreos que vostedes pretenden ocupar. E, ademais, desatende alternativas que xa foron valoradas moi positivamente, como é a mellora e o aproveitamento da ponte da Pasaxe, a moi poucos metros desta ubicación.

Por todo isto, preguntámoslle, señora conselleira, en que criterios basea a suposta viabilidade e idoneidade da pasarela sobre a ría do Burgo nesa ubicación, que ninguén máis ca vostede alcanza a ver. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, vexo que ten moitas ganas de que licitemos a pasarela e, entón, que é unha aposta do seu grupo político. Nesta actuación con esa senda litoral na marxe da Coruña, que conecta



as Xubias, o hospital de Oza, a praia de Oza, o CHUAC, coa praia de Santa Cristina, con esa pasarela sobre a ría do Burgo, tantas ganas ten de que licitemos que entendo que aposta por este proxecto que agardo, pero non concorda coa exposición de motivos que trasladou vos-
tede. Polo tanto, vexo incoherencias no que vén trasladar.

Estamos a falar dunha aposta pola mobilidade sostible, un proxecto de mobilidade sostible. É a maior aposta en materia de mobilidade sostible na área da Coruña nos últimos anos. É unha actuación transformadora que vén responder a ese progresivo cambio do que ten que ser a mobilidade, a mobilidade sustentable, a mobilidade saudable, para utilizar menos o vehículo particular. E, polo tanto, iso é este tipo de proxecto, un proxecto ambiental, a maior aposta de mobilidade sustentable.

Saben que partiu da base dunha proposta do catedrático Santiago Hernández, da Fundación de Enxeñería Civil; polo tanto, o primeiro documento técnico importante que teñen os concellos da Coruña e de Oleiros. É un proxecto serio e maduro. É unha actuación, polo tanto, ambiental que concorda coas liñas europeas: separar o tráfico rodado do tráfico peonil e que sexan os percorridos máis curtos; é dicir, que sexa un itinerario atractivo para os peóns e os ciclistas. Agardamos —e é o que nos dan os informes que lle entregarei hoxe— que tres mil persoas entre peóns e ciclistas poidan utilizar este proxecto. E vexo que a súa proposta é mesturarnos co tráfico aí, na ponte da Pasaxe, e que as persoas se poñan a andar mesturadas co tráfico na ponte da Pasaxe, que son 87.000 vehículos ao día.

Eu, dende logo, poño á súa disposición todos os informes técnicos —do Instituto de Hidráulica Ambiental, de Cantabria; tamén do estudo de Patrimonio Cultural e da Fundación de Enxeñería Civil— e tamén dos condicionantes ambientais. Son documentos técnicos, señora. Non sei se recoñece isto. (*A señora conselleira amosa unha fotografía.*) Parece a pasarela de Santa Cristina, a pasarela da ría do Burgo. É a pasarela en Esteiro, utilizada por moitísimas persoas para evitar ir pola estrada con vehículo particular e que fixo Costas. A súa aposta ¿cal é?, ¿demoler este tipo de actuacións?, ¿non apostan por este tipo de actuacións, utilizada enormemente en Esteiro, en Muros? Tamén lla poño á súa disposición para que vexa o paralelismo entre as situacións.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Señora conselleira, esta Cámara si que non é unha pasarela nin é un escenario de mofa. Estamos na quenda de preguntas ao Goberno e vostede non respondeu á pregunta que eu lle fixen de criterios de idoneidade e viabilidade. (*Aplausos.*) Esa era a pregunta. O que si lle digo é que é a hora, moito horas xa, de que baixe vostede da política do metaverso que practican no Partido Popular e se sume á realidade que pisa a xente —neste caso que pisamos— a xente da comarca da Coruña. Abandone ese efectismo, esa pantalla de actuacións faraónicas, millonarias, nas que ninguén xa acredita, e atenda as necesidades reais e as propostas que facemos as persoas desde aquí. Non hai sempre que ir buscar fóra,



confíe nas propostas que facemos e que fai a sociedade e os colectivos do noso país. *(Aplausos.)*

Nós o que lle pedimos é simplemente que reconduza o discurso unilateral que segue a practicar — polo que agora acaba de afirmar —, moi propio de políticas de pasarela, de ocorrencias e de improvisacións, pero tamén moi pouco propio de ter criterios sólidos e solventes. Pedímoslle que non actúe por libre, que non teña medo a falar, a dialogar e a chegar a consensos, porque sabe vostede que ten a todo o mundo en contra con este anuncio — que aínda non lle vou chamar nin sequera infraestrutura —. Priorice o interese xeral, a non ser que, detrás disto, esta decisión súa obedeza a algún interese concreto partidario, electoral, ou vinculado á explotación — que sempre sabemos que é moi suculenta — por parte da especulación inmobiliaria no bordo litoral — que ben a vemos vir, non se preocupe —.

Os recursos naturais son limitados e os recursos económicos tamén, e hai que coidar duns e doutros. E, como acaba de dicir a conselleira de Medio Ambiente, a súa compañeira, unha boa política non ten que crearlle problemas á sociedade, senón que ten que ser útil e darlle solucións. E se vostede quere dar solucións, ten un problema ben cerca deste lugar do que estamos a falar: a veciñanza do Couto, no concello de Oleiros, que leva máis dun ano en pé de guerra na rúa pedindo seguridade viaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas. Rematou o seu tempo. *(A señora Queixas Zas prosegue o seu discurso.)*

Non, señora queixas, rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

Rolda de peche desta pregunta. Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Señoría, os informes que lle deixo, da Universidade da Coruña, son tan Coruña coma vostede — tamén eu —. Polo tanto, traballo rigoroso, traballo transparente, con transparencia, con rigor e apostando pola mobilidade sostible. Vostedes son «o non polo non» ao que estamos acostumados, é rexeitar todo constantemente. Pero é a maior aposta de mobilidade sostible, e estamos falando dun proxecto ambiental.

Eu volvo insistirlle. Vostedes ¿que pretenden?, ¿demoler e desfacer actuacións como a que queremos propoñer na ría do Burgo e que está utilizada por moitísima xente en Muros? Estou respondendo á súa pregunta, o que pasa é que parece que non lle gusta a resposta. Está avalada por informes técnicos, avalada por informes técnicos ambientais, avalada por informes técnicos de mobilidade, avalada por informes técnicos de dinámica do litoral, señoría. Están aquí, déixooos á súa disposición. Polo tanto, é que non sabe do que está a falar. *(Murmurios.)*

E o Concello da Coruña e o Concello de Oleiros recibiron toda esta documentación. A nós non se nos pode acusar de falta de transparencia, non; nin de falta de consenso nin de falta de vontade para falar e abordar. Non, porque tivemos xuntanza no Concello da Coruña. Se non



quixeron escoitar, sería o seu problema. Pero aquí están os *mails* do 29 de abril —documentos remitidos ao Concello da Coruña, á alcaldía— e do 2 de setembro, que llos deixo aquí á súa disposición porque somos transparentes e traballamos con rigor. Aquí ten todos os documentos.

E hai vontade de diálogo tamén. Non impoñemos nada, nós traballamos para os galegos, nós apostamos pola mobilidade sostible. A proposta de vostedes, polo que eu entendín, a súa proposta, é ir todos pola ponte da Pasaxe, mezclados cos vehículos. E, se ampliamos máis a ponte da Pasaxe, metemos máis coches, máis vehículos particulares no centro da Coruña para atascar máis Alfonso Molina. Iso é o que vin na súa exposición de motivos.

Nos apostamos pola mobilidade sostible, por un proxecto que —está aquí nos informes— tres mil persoas, tanto peóns como ciclistas, poden utilizar ao día. Esta infraestrutura conecta a praia de Oza, que é unha senda do litoral, conecta o hospital de Oza, o CHUAC. Señoría, creo que conectar todos eses equipamentos, dende logo, é unha boa alternativa. Polo tanto, é un proxecto ambiental, a senda litoral entre A Coruña e Oleiros, viable, en liña coa Unión Europea e cumprindo estritamente eses criterios —que case son imposibles— dos Next Generation. En prazos e en criterios de mobilidade sostible cúmpreos rigorosamente. Polo tanto, vexo que están en contra da mobilidade sostible e tamén en contra de pasarelas como a de Esteiro, que é útil e necesaria en Muros.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para o control da contaminación das augas na comarca da Limia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, xa hai anos que a Comisión Europea comunicou que Galicia ten 41 puntos sen designar como zonas vulnerables segundo os datos que podemos observar no Informe sobre contaminación de auga por nitratos entre os anos 2016 e 2019. Este documento dicía que Galicia e Cataluña eran as comunidades con máis contaminación nas augas procedentes de residuos gandeiros, unha situación derivada da falla de políticas públicas para dotar de base territorial as nosas explotacións, do desleixo ante a saturación de granxas de porcino en intensivo e a falla de control e xestión dos xurros que producen as ditas explotacións.

O curioso é que, mentres Cataluña foi actualizando e adecuando os seus programas, hoxe a Xunta de Galicia segue sen tomar medidas efectivas que poñan freo a esta situación a pesar de rexistrar os maiores excedentes netos de nitróxeno por hectárea derivados da actividade gandeira no conxunto do Estado. Dende o seu goberno chegaron ata o punto de argumentar en outubro de 2019 que ningún punto da mostraxe das augas subterráneas da Limia reflectía



valores preocupantes, cando a propia Confederación Hidrográfica Miño-Sil tiña detectados incumprimentos nun 24 % dos puntos de mostraxe. Vostedes dicían tamén que se observaba unha evolución positiva que facía innecesario tomar medidas ao ter unha clara tendencia á baixa, e dicían que, no caso de que fose necesario, a Xunta procedería a definir estas zonas como vulnerables, con períodos de prohibición de fertilizantes, con controis sobre as foxas de xurros e cun seguimento do Código galego de boas prácticas agrarias. O papel aguántao todo, señor conselleiro. Pero nestes tres anos non se fixo nada de nada e agora estamos como estamos.

O Goberno de España aprobou un real decreto para reducir a contaminación por nitratos e reforzar a protección das masas de auga máis vulnerables, un documento que conta cuns criterios máis ambiciosos que os anteriores para identificar mellor as augas afectadas, e determina limiares máis exixentes para a designación de zonas vulnerables. Esta normativa tamén incrementa significativamente os controis e establece as responsabilidades que lles corresponden ás distintas administracións autonómicas co fin de coordinar as medidas que se vaian tomar. As autonomías deben decretar estas zonas vulnerables, ademais de elaborar e velar polo cumprimento dos programas de actuación no caso de decretalas.

En maio deste ano o Ministerio publicou o mapa de contaminación por nitratos. Nel detéctanse tres masas de augas superficiais situadas no río Limia e na canle da lagoa de Vilar de Santos. Sinala mesmamente dúas masas de augas subterráneas en Xinzo e Sandiás e dous puntos no pantano das Conchas. Pero, pese a esa información, o Goberno galego segue adianto o problema coma se este fose desaparecer por arte de maxia, cunha Consellería de Medio Ambiente que, como di o noso voceiro na materia, é o maior inimigo que ten o noso medio natural.

Señor conselleiro, ante esta situación queremos preguntarlle que pensan facer dende o Goberno galego ante este grave problema de contaminación nos acuíferos da Limia. E díganos dunha vez por todas que contén ese publicitado Plan estratéxico da Limia que ninguén coñece nin no papel nin tampouco nas medidas aplicadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Déixeme, señor Seco, que lle diga en primeiro lugar o que onte se comentou tamén: que teñen moi pouca conexión cos seus alcaldes, porque o Plan estratéxico da Limia se fixo precisamente en colaboración con todos os alcaldes e alcaldesas da comarca e, ata onde eu sei, hai algunha alcaldesa que é precisamente do seu partido. E déixeme tamén que lle diga que non deixa de ser curioso que un partido de certa implantación nesa comarca veña a este Parlamento a traer problemas medioambientais e non propostas de solucións para facer o mellor



posible a actividade agrícola e gandeira nunha comarca tan importante no sector primario galego como é a da Limia.

Pero déixeme tamén que lle diga que resulta curioso que, mentres o Goberno central non cumpriu coas súas competencias, aquí non se viñese falar para nada das zonas vulnerables. Non, señorías, non se alporicen. É unha certeza clara que, para poder declarar zona vulnerable —que, por certo, foi vostede o que falou, dentro das medidas, das zonas vulnerables e é conveniente que o saiban todas as súas señorías—, que, para poder declarar zona vulnerable, primeiro se ten que declarar masa de auga afectada. A competencia, señorías, para declarar a masa de auga afectada ¿de quen é? Pois dun organismo da administración central do Estado, que é a Confederación Hidrográfica. Efectivamente, declarou a masa de auga afectada no mes de maio deste ano. E agora, entre as medidas que se poden adoptar, está —entre elas— a declaración de zona vulnerable, e tamén terán lido nese decreto que hai un prazo de tres anos para a súa declaración. Non se preocupen, señorías, que a Xunta de Galicia, a Consellería do Medio Rural, por suposto cumprirá en prazo e fará os seus deberes.

Pero, se falamos de contaminación por nitratos, falamos tamén de carga gandeira. E, antes de falar do que faremos ou do que estamos a facer na Limia para a xestión sostible da agricultura e gandería desa comarca, déixeme que lle dea algún dato para poñelo en situación.

¿Saben cantas explotacións gandeiras se autorizaron na comarca durante os doce anos —xa trece anos— de goberno do Partido Popular? Autorizáronse 182 explotacións. ¿Saben cantas explotacións se autorizaron durante o Bipartito? Autorizáronse 107, e dicir, unha media de 27 por ano, mentres que nos fomos a unha media de 15. Pero o que é máis importante: ¿saben cantas unidades de gando maior autorizou o Bipartito neses catro anos? Autorizou 8.600. E a Xunta de Galicia, nos doce anos, 8.900. É dicir, se fósemos ao ritmo do Bipartito teríamos o triplo do problema, señorías.

Polo tanto, eu o que vou facer na miña segunda quenda, en defensa dos agricultores e gandeiros da Limia, é explicar con toda claridade —en positivo para a comarca— o que estamos a facer dende o Goberno galego para precisamente promocionar a actividade agrícola e gandeira sostible, como digo, nunha das comarcas máis importantes de Galicia desde o punto de vista do sector primario. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica do señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Señor conselleiro, poden seguir agochándose detrás do Ministerio para non actuar pese a ter as competencias para facelo. Poden dicir que van esperar ata o ano 2025 polo Decreto de nutrición sostible para tomar medidas. Pero vostedes saben que non poden adiar o problema nin botarlle a culpa nin enfrontarse con ningún concello —máis preocupados vostedes polos resultados electorais que polo noso medio ambiente e o futuro desas explotacións—. Non poden seguir escudándose nas explotacións instaladas durante o Goberno Bipartito hai xa máis dunha década, porque levan catorce anos continuados de goberno e a situación da comarca da Limia coa súa contaminación é insostible. Poden seguir



agochando a cabeza como as avestruces, pero a situación xa é un risco non só para o medio ambiente senón para a saúde humana, e vostedes deben actuar dun xeito responsable polo propio futuro das explotacións gandeiras da zona.

Señor conselleiro, vostede sabe que seguir dilatando os prazos para resolver este problema non é unha solución, xa que a contaminación dos acuíferos por nitratos é unha situación difícil de reverter, tal e como indican os científicos, que no último informe da Dirección Xeral da Auga din que os acuíferos contaminados no 2019 non se recuperarán, como moi cedo, ata o 2039 mesmo reducindo nun 25 % a presión actual nas zonas vulnerables.

Señor conselleiro, collan o touro polos cornos. É a súa competencia. O desleixo do seu goberno é un auténtico crime contra o medio ambiente e a nosa saúde. Poñan freo á instalación das novas granxas industriais e á ampliación das existentes, fagan políticas activas para ampliar a base territorial, controlen o que se fai cos xurros e implíquense na xestión máis aló de grandes anuncios propagandísticos.

E, se deciden tomar algunha medida, señor González Vázquez —que o dubido—, que sexa para actuar, para ter a comarca da Limia cuns acuíferos limpos e non para enterrar millóns de euros en financiar as cacicadas do seu amigo Baltar. Se queren poñer piscinas en Bande, unhas instalacións que ben merece a súa poboación, utilicen fondos dedicados para este motivo e non utilicen fondos europeos estatais que deberían ter como obxectivo mellorar a calidade das augas da Limia e do encoro das Conchas e non motivos lúdicos; porque esas actuacións definen o que é o Partido Popular e o seu compromiso na loita...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Rematou o tempo.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor Seco, se fose vostede, estaríame preguntando que van pensar os agricultores e gandeiros da Limia coas afirmacións que botou aquí vostede enriba da mesa nesta sede parlamentaria. Mire, eu vou falar do que está a facer o Goberno galego e de onde inviste os cartos o Goberno. Por certo, pódese ver, sobre todo, pola auga que botan os pozos a prol do desenvolvemento sostible da Limia.

¿Ten problemas a Limia? Seguro que si, como moitas outras zonas, non só de Galicia senón do resto de España. ¿Temos que traballar todos xuntos para un desenvolvemento sostible da actividade agrícola e gandeira? Seguro que tamén. Ao mellor hai algún no Goberno central —non digo vostede— que pensa que o que hai que cargarse é precisamente a gandería que temos en Galicia e no resto de España. Nós, dende logo, defendemos o seu desenvolvemento sostible.

E é certo que traballamos —porque di vostede que está agochado o plan— coa constitución, en primeiro lugar, da mesa da Limia, na que estaban todos os axentes públicos... —non asinta, que é certo, porque está todo recollido en actas, ademais—, na que estaban todos os



axentes públicos e privados que tiñan transcendencia na comarca. A partir de aí traballouse para facer un plan estratéxico compartido. Nos últimos meses estiveronse perfilando as medidas do plan estratéxico, que non teña ningunha dúbida de que se vai presentar proximamente.

Pero, por outra banda, afrontamos dende xa hai tamén un ano — máis dun ano — a necesidade de converter o regadío da Limia e facer a modernización do regadío traballando a favor dunha agricultura de precisión e sendo capaces, precisamente, de facer un uso máis eficiente da auga. Fixemos, en primeiro lugar, o traballo de convencer o Goberno central de que dedicara parte dos cartos que tiña para o regadío — máis de 700 millóns de euros, señorías — a esa modernización do regadío. Fíxense en que son 16 de 700 millóns de euros o que nos tocou, que é practicamente, pouco menos, ou pouco máis, dun 2 %. E ao mesmo tempo tamén confirmamos o noso compromiso asumindo nós a totalidade, o cen por cento, do custo dos pozos, dos 40 pozos necesarios, que logo se teñen que modernizar. Son catro millóns de euros consolidados no orzamento deste ano, e xa están feitos os 40 pozos — tivemos ocasión de visitalos a semana pasada —. E están confirmados no orzamento do 2023 outros dous millóns de euros para poderlles dar a electrificación e o bombeo necesario a eses pozos.

Eu agardo, señor Seco, que, cando sexa necesario — se é necesario — incrementar os 16 millóns de euros que están comprometidos, tamén o Goberno central cumpra o seu compromiso coa Limia.

E, por certo, gustaríame ver xa nos orzamentos do Goberno central os 16 millóns de euros que se comprometeron para a limpeza das canles e dos camiños do regadío da Limia, porque boa parte dos problemas que temos alí no ámbito medioambiental se verían resoltos se fóssemos capaces de ter eses cartos para poder limpar as canles.

Polo tanto, eu pídolle, neste sentido, responsabilidade, sentidiño e que traballemos todos a prol de converter ou de mellorar, dende logo, a sostibilidade da actividade agrícola e gandeira nunha comarca esencial para o sector primario galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a implementación de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne por parte do Goberno galego coa habilitación dunha partida con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor González Vázquez, estamos no proceso de aprobación dos orzamentos da Xunta para o ano 2023, e vostede sabe que as explotacións de carne en Galicia están a atravesar



por unha situación límite que require o apoio público para garantir a súa continuidade. Neste mes de marzo do 2022, o daquela presidente da Xunta, e agora número dous da señora Ayuso no Partido Popular en Madrid, prometeu que o Goberno galego implementaría con axilidade unha liña de axudas con fondos propios da Xunta de Galicia ao sector agrario complementaria e da mesma cantidade que a dedicada polo Estado aos produtores galegos.

O Goberno estatal, atendendo os sectores afectados, actuou con axudas directas duns 360 millóns de euros para o sector agrario; destes, uns 160 eran especificamente para o sector lácteo, cun total de 55 millóns para os produtores galegos —que foi a comunidade máis beneficiada—, e 193 para o resto do sector agrario gandeiro —65 procedentes da Unión Europea e complementados con 129 millóns do Estado, é dicir, cunha aportación do Estado que supón o douscentos por cento do que pon a Unión europea—. Destes 129 millóns, a Galicia correspondéronlle 12 millóns que o Goberno galego tivo que tramitar. E na regulamentación dada para tal fin é falso —tal e como sostén o Partido Popular e o Goberno galego— que o Estado prohibise o uso de fondos propios das autonomías para complementar as ditas axudas. Intentábase confundir a cidadanía con mentiras como que no Real decreto 428/2022 se fala de incompatibilidades para poñer fondos autonómicos nas axudas.

Conselleiro, eu sei que vostede conta cunha boa preparación académica e pode entender o que di na disposición adicional décimo terceira do Real decreto 6/2022 pola que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e que se titula: «*Compatibilidad de ayudas*». E di: «*Las ayudas directas contempladas en este real decreto ley se otorgan sin perjuicio de cualesquiera ayudas que puedan otorgar las comunidades autónomas o las entidades locales en el ejercicio de sus competencias propias y en el ámbito del marco temporal de ayudas del Estado para apoyar la economía como consecuencia de la invasión rusa en Ucrania*».

Señor González Vázquez, ¿cal é a dúbida do Goberno galego? Branco e en botella. Nesa liña, a Deputación da Coruña —sen competencias en gandería, por certo— concedeu axudas con fondos propios por valor de 3.000 euros a cada solicitante para o sector agrario, para o sector pesqueiro e o de transporte, o que fala da legalidade da utilización dos fondos propios, e tamén fala da falla absoluta de compromiso deste goberno de Rueda co sector agrario, que busca escusas cando a realidade é que non queren poñer nin un só euro para axudar o sector neste duro momento de crise.

Por todo o argumentado, señor conselleiro, a decisión segue a estar na súa man. Por iso desexamos preguntarlle se pensa dende o Goberno galego cumprir o prometido polo seu ex-presidente en marzo e implantar con axilidade unha liña de axudas directas aos subsectores gandeiros da carne con cargo aos orzamentos da Xunta de 2023 ou prefiren seguir de costas ao sector. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.



O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor Seco, vostede fixo agora a precisión dos orzamentos de 2023, e esta pregunta era do mes de xuño. ¡Home!, eu diríalle que lea os orzamentos do 2023, que sabe que hai dotada unha partida de 17 millóns de euros de axudas directas para o sector cárnico de Galicia.

Pero, fíxense, porque esta é unha cuestión técnica —xa que estivo lendo aí o decreto lei e apelando aos meus coñecementos técnicos— e eu vou explicar do que vai o tema. ¿Vostedes pensan, señorías, que hai un só gandeiro que se preocupe de onde veñen os cartos con tal de que haxa axudas directas? Porque esta é a cuestión. ¿Son cartos Feader, son cartos de Europa, son cartos da Administración central, son cartos de fondos propios da Administración autonómica? ¿Esa é a preocupación dos gandeiros, de onde veñen os cartos? A preocupación dos gandeiros é que sexamos capaces de orzar 17 millóns de axudas para o sector cárnico, dos cales 14,9 son para o vacún de carne, mentres que vostedes, a Administración central do Estado, só mandou para Galicia 11,5 millóns de euros, cando somos o 26 % de todas as explotacións gandeiras de vacún de carne de toda España.

Pero déixeme que lle precise algo máis. Neses cartos que mandou a Administración do Goberno central hai un terzo que vén de Europa e dous terzos, efectivamente, que veñen dos cartos de todos os españois —porque só faltaba que fosen só do Goberno central—. Polo tanto, hai un terzo de fondos europeos, e miren na nota de prensa como vende o Goberno esas axudas todas: «*Más de 136.000 ganaderos han cobrado las ayudas del Gobierno*». Pero aquí non din se os cartos veñen de Europa ou se veñen da Administración central do Estado, se son fondos propios ou se son fondos europeos.

Eu o que podoo dicir, señorías, no que se refire a axudas directas para o vacún de carne —poñéndonos en situación, que non vén a cousa da invasión rusa en Ucraína senón que vén de máis atrás—, é que, cando houbo necesidade na época da covid en apoiar o vacún de carne, este Goberno dispuxo unhas axudas de 7 millóns de euros para apoiar o vacún de carne —primeiras axudas—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Fondos europeos? ¡Pois dálle! O gandeiro non está preocupado sen son fondos europeos ou fondos propios, señorías.

Pero, miren, cando, en segundo lugar, se acreditou a necesidade de apoiar o sector primario pola invasión rusa de Ucraína, este conselleiro pediulle ao Ministerio —e máis conselleiros— que nos deixaran ás comunidades autónomas decidir cales eran os sectores que apoiar, porque se tivéssemos ocasión de decidir probablemente dedicaríamos máis cartos ao vacún de carne —sobre todo, vendo comportamento do prezo do leite—. Porque aquí ao final do que se trata é de que cheguen os cartos aos gandeiros. E, efectivamente, o prezo do leite subiu moito máis, por desgraza, que o prezo da carne. Polo tanto, puidemos ter probablemente dedicados máis cartos deses que di vostede que graciosamente concedeu o Goberno central ao sector de vacún de carne.

Pero, ademais, deses 11,5 millóns de euros —que, como digo, son totalmente insuficientes—, nós decidimos habilitar —e vanse pagar no primeiro semestre do ano 2023, xa están orzados— 17 millóns de euros para o sector cárnico de Galicia; e dos cales, 14,9 son para o vacún de carne, señor Seco.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica do señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Señor conselleiro, vostede é un auténtico trilero. Dos 67 millóns que se poñen dende o Estado, os 55 do leite son todos do Estado; e, dos 12, dous terzos son do Estado. ¡A Xunta de Galicia, cero euros ata o día de hoxe! (*Aplausos.*)

Vostedes prometeron esta axuda directa ao sector agrario con fondos propios da Xunta de Galicia. Non o digo eu, díxoo o presidente da Xunta daquela no mes de marzo cando saíu do Consello de Goberno. Cumprir ou non co medio rural foi a primeira decisión que tivo que tomar o novo goberno de Rueda. E ¿cal foi a súa decisión, señor conselleiro? Buscar desculpas e aportar cero euros ao sector agrario, o que define cal é o compromiso do Goberno galego co noso rural. Tanta preocupación do Goberno galego pola situación do sector cárnico, mostrada por vostedes nos medios de comunicación, e, cando teñen á súa disposición axudar unhas explotacións que son o derradeiro soporte económico e social dunhas comarcas enteiras nas que o despoboamento e o colapso demográfico son unha realidade, vostedes desaparecen.

¿Que fixo vostede para esquivar o incumprimento do seu goberno? Explícollo, señor conselleiro: detraer fondos do PDR, uns fondos europeos que xa son dos gandeiros galegos, para dállelos agora por vía duns préstamos bancarios. O Goberno galego é como aquel que chega a un bar e berra que está todo o mundo invitado pero que, cando sae da taberna, se olvida de pagar. Vostedes quítanlles cartos dun peto aos gandeiros para metérillelos noutro. E ¿que aporta a Xunta neste proceso? Pois que a Xunta vai pagar a comisión de apertura dos ditos préstamos ás entidades bancarias. Esa é a contribución da Xunta de Galicia ao sector agrario nesta dura crise —tamén o foi durante a covid—: subvencionar a comisión de apertura duns préstamos que xa eran dos gandeiros galegos. Curiosamente, coma sempre, as únicas beneficiadas co Partido Popular son as entidades bancarias, que recibirán fondos —esta vez si— do Goberno galego mentres pon cero euros en axudas para o sector da carne.

Señor González Vázquez, aínda están a tempo, como vostede di. Poden emendar os orzamentos de 2023, e neses 12.000 millóns busquen algo para o sector cárnico, que ben o merece. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Peche da pregunta, señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Si, moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, aínda que vostede me chamou trilero, non vou dicir que o seu relato, tal e como o contou, é unha «trilerada», non me vai escoitar a min dicir isto. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Efectivamente, escoitoume.



Hai unha realidade, señor Seco, que é que están orzados no ano 2023, 14,9 millóns de euros para o vacún de carne de Galicia, que, señorías, é o 46 % máis do que dentro desa choiva de millóns do Goberno central tiveron a ben mandar para Galicia cando, como digo, somos o 26 % das explotacións de vacún de carne de toda España. E, polo tanto, como lle dixemos tamén ao ministro, estaban mal distribuídos por sectores eses fondos.

Falou tamén aí —recoñézolle que me custou seguilo— de que nós estabamos beneficiando as entidades bancarias. Como comprenderá, teño tamén que explicar —para que todos nos entendamos— como é a cuestión. Se van orzados os 14,9 millóns de euros no ano 2023 e había unha urxencia por parte dos gandeiros, o que fixemos foi negociar un anticipo desas subvencións para o ano 2022, e subvencionamos os tipos de interese para que aos nosos gandeiros ese anticipo lles supuxese un custo cero. Pero de paso tamén, señor Seco, anticipamos os 200 millóns de euros das axudas directas do primeiro piar da PAC para que os gandeiros galegos, os únicos de toda España, puidesen tamén dispoñer deles con anticipación a custo cero, porque pagaba os intereses a Xunta de Galicia. Se iso, señorías, é apoiar as entidades bancarias e non os gandeiros, pois que nolo explique o señor Seco con algo máis de tempo para podelo explicar.

Pero déixeme tamén que lle traslade o que estamos a facer polo sector cárnico, ou polo vacún de carne, dicindo dende o primeiro momento que é un sector extraordinariamente importante para o ámbito primario galego —sobre todo eses 8.000 gandeiros e gandeiras que están na marca Ternera Gallega Suprema e que, ademais, protexen o noso territorio fronte aos incendios forestais coa gandaría en extensivo—. Por iso, precisamente, señorías, este goberno, o goberno que está apoiado por este grupo parlamentario, apoiou e sacou adiante unha campaña de promoción de Ternera Gallega Suprema de 1,4 millóns de euros en colaboración co Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega.

Pero fixemos máis cousas, señor Seco. Sacamos tamén unha liña de financiamento de circulante que permitiu acadar os 25 millóns de euros en préstamos. E, ademais, como saben, estamos apoiando a dotación de base territorial para —como digo— esa extraordinaria gandaría de vacún de carne que temos en extensivo en Galicia, que todos temos que apoiar a través dos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. A maior parte dos vinte e un polígonos que están en tramitación son gandaría de vacún de carne en extensivo.

E finalizo xa. Xa sei que non lle gusta nada que falemos de estratexias e de planificación, pero nas vindeiras semanas anúnciolles tamén que presentaremos a Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia —sinaladamente do vacún de carne— con importantes medidas para tratar de acadar o obxectivo de convertelo nun referente, que xa o é en calidade, tamén en rendibilidade para os nosos gandeiros.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Pregunta de D^a Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

En primeiro lugar, gustaríanos felicitalo por conseguir que Galicia fose a comunidade autónoma que mellor protexeu os seus maiores contra a covid neste último proceso de vacinación que tivo lugar. (*Aplausos.*) Galicia duplica a media española de maiores vacinados contra a covid. E, afortunadamente, señor conselleiro, vostede non lles fixo caso ás críticas da oposición que fixo ao principio do proceso, porque amosou ser un proceso que resultou ser o máis eficiente comparado co resto das comunidades autónomas. «*Galicia adelanta a toda España en la nueva fase de vacunación contra el covid en todos los tramos de edad*». A verdade é que, á vista destes datos, está claro que nós o que buscamos é protexer os nosos maiores fronte á covid mentres outros o que buscan son votos. ¡Alá eles! (*Aplausos.*)

E centrándonos xa no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, grazas ao investimento que fixo a Xunta nos últimos anos pois experimentou grandes cambios. Hai unha reforma moi ampla do complexo hospitalario, houbo construción de novos edificios e reforma doutros; feitos, certamente, que tampouco se corresponden co discurso que estamos acostumados a escoitar por parte da oposición sobre o desmantelamento da sanidade pública —que a vostede o acusan diso constantemente—. A execución da primeira fase do plan director de finais do ano 2017, cun investimento de máis de 43 millóns de euros, permitiu ampliar notablemente a superficie do hospital, un total de 55.000 metros cadrados, dos que a maior parte corresponden á nova área de hospitalización. As obras permitiron reordenar servizos do hospital e centralizalos no novo edificio, como os servizos de medicina interna, oncoloxía, hematoloxía, pneumoloxía, endocrinoloxía, reumatoloxía, psiquiatría, trauma, cirurxía xeral, neuroloxía, neurocirurxía, a nova unidade de hospitalización innovadora e a cuberta terapéutica.

Ademais, creáronse novos espazos para docencia, a nova sala de autopsias e unha nova co-ciña no ano 2019. Agora mesmo a Xunta ten tres obras licitadas: a licitación da construción do novo edificio de hospitalización do Materno-Infantil, a da reforma do Servizo de Medicina Nuclear o 30 de maio e a reforma da UCI en setembro —obra que é moi complexa, tanto pola localización como polas exixencias técnicas—.

O proxecto de orzamento deste ano 2023 contempla unha partida de 19 millóns de euros para continuar estas obras no CHUO, e é por iso que nós lle preguntamos en que punto se atopa cada unha destas actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.



Resposta do Conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Señora Rodríguez-Vispo, en primeiro lugar, moitas grazas por esa en hora boa, que creo que primeiro hai que dállela a todos os galegos e galegas e sobre todo aos nosos equipos de vacinación, que unha vez máis demostraron, efectivamente, que a forma de vacinar coa covid e mais a gripe este ano en Galicia foi un éxito, como nas outras tres ocasións; e ademais, engadindo este ano un recurso adicional, como foi poder vacinar as persoas maiores que así o desexasen nos recintos masivos de vacinación. *(Aplausos.)*

Centrándome na súa pregunta sobre o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, efectivamente, hai que dicir que na pasada lexislatura a apertura dese novo edificio de hospitalización, con 43 millóns de euros de presuposto, supuxo un cambio fundamental nesa área sanitaria, que ademais eu tiven a sorte de poder vivir en directo. Pero as distintas actuacións que puxemos en marcha nesta lexislatura están a supoñer un investimento total superior aos 80 millóns de euros adicionais. Como vostede refería, hai tres grandes obras, que non só están licitadas senón que están xa adxudicadas, dentro do hospital. E paso a dar conta de cada unha delas.

En primeiro lugar, está a propia obra no novo edificio de hospitalización, que é a reforma do Materno-Infantil e mais a construción dun novo edificio. Ese contrato asinouse no pasado mes de marzo por un valor de 48,2 millóns de euros, e a obra iniciouse practicamente uns días despois. Xa se retirou a antiga pasarela que unía o edificio xeral co do materno. Elimináronse os accesos ás antigas urxencias, tamén os peiraos de carga, e fixéronse os desvíos de todas as instalacións para poder iniciar as escavacións. Esas escavacións comezaron xa, van a bo ritmo, e a Axencia Galega de Infraestruturas conta con montar a grúa este mesmo mes e comezar a cimentación dese novo edificio de doce plantas destinado a hospitalización, radioloxía e urxencias. Esta obra tamén vai supoñer, como digo, actuar no Materno-Infantil pero nunha fase posterior. Agora mesmo soamente na planta -1 se quitaron os mobles e tamén toda a tabiquería para traballar nunha obra que está adxudicada.

En segundo lugar, falo da nova Unidade de Medicina Nuclear. Xa se formalizou o contrato por 2,8 millóns de euros e as obras tamén se iniciaron este mesmo mes. Aquí trasládase o Servizo de Medicina Nuclear do antigo Hospital Santa María Nai ata un novo espazo no CHUO multiplicando por tres a superficie e tendo cabida a instalación dun novo equipo PET que se vai instalar por primeira vez na Área Sanitaria de Ourense.

E, por último, temos a reforma da UCI, o espazo de críticos. Ese contrato adxudicouse xa no mes de marzo e incluía, en primeiro lugar, a redacción do proxecto —que xa está entregado, estamos agora mesmo supervisando ese proxecto—, e ten un investimento de 8,2 millóns de euros para aumentar un 30 % a superficie, o número de camas, e para facer unha UCI pospandemia con cubículos individuais.



E queda unha última obra pendente, por 2,7 millóns de euros, que é a parte de radioloxía intervencionista e cardioloxía para poder ubicar dentro dela novo equipamento, do que despois lle darei conta con máis detalle.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor conselleiro pola información que nos acaba de dar na súa resposta.

Constatamos de novo que a mellora da sanidade pública é unha das prioridades do Goberno galego. A verdade é que todas estas actuacións que nos vén de relatar poñen de novo de manifesto o enorme esforzo realizado pola Xunta para ter en marcha tantas actuacións no Hospital de Ourense simultaneamente, o que vai supoñer un antes e un despois na sanidade ourensá; como supuxo a nova era da cirurxía robótica co uso do robot Da Vinci, que cumpriu un ano de funcionamento no Hospital de Ourense o mes pasado, o mes de outubro, e xa foi utilizado en máis de 160 intervencións de cirurxía en pacientes, tanto con problemas de reflujo como con cancro gástricos, cirurxía bariátrica, uroloxía, etc.,

E, xa para rematar nesta segunda quenda, gustaríame coñecer se hai previstos máis avances en equipamento para o Hospital de Ourense.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Peche da pregunta polo señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Efectivamente, señora Rodríguez-Vispo, no eido do equipamento, o Hospital de Ourense vai vivir nesta lexislatura un proceso tamén de renovación case integral. Se antes falabamos de obras que suman máis de 62 millóns de euros, agora, no caso dos equipamentos, o investimento supera os 19 millóns de euros, o que leva a un total de 80 millóns de euros a investir no CHUO, como lle dicía ao principio.

Efectivamente, o Hospital de Ourense comezou hai máis dun ano esa cirurxía robótica cos sete equipos adquiridos pola Xunta, neste caso por 2,9 millóns de euros cada un, e está iniciándose o proceso de renovación do equipamento a través dos fondos Next Generation, que a Xunta canalizou para tecnoloxía sanitaria, e que para o CHUO van supoñer 13 millóns de euros para, por unha banda, renovar equipos cos que xa contaba o CHUO —estou falando de dous aceleradores lineais que se renovan, de catro equipos de TAC que xa comezaron a chegar ao hospital, un deles por primeira vez, por certo, con tecnoloxía espectral, dúas gammacámaras, un equipo de radioloxía vascular ou un equipo de hemodinámica— e, por outra



banda, tamén se utilizaron estes fondos para dotar a área de Ourense de equipos cos que a área non contaba ata o de agora; estou falando dese equipo PET-TAC do que falaba antes, adxudicado por 1,5 millóns de euros, que evitará que os cidadáns de Ourense teñan que desprazarse, neste caso a Vigo, a facer este tipo de probas, e dun equipo de neurorradioloxía vascular intervencionista, adxudicado xa por 1,2 millóns de euros, que permitirá realizar, neste caso en Ourense, as trombectomías mecánicas, complementando así a unidade de ictus, coa que o hospital ata o de agora non contaba; contaba cun equipo de ictus pero non coa unidade. Isto, xunto coas salas de radioloxía vascular e hemodinámica, son os equipos que integrarán esa reforma que dicía que está pendente de licitación. Está todo disposto para poder instalalos e despois levalos ata esa ubicación definitiva.

Pero, máis ala de cirurxía robótica ou de alta tecnoloxía, tamén o CHUO está a experimentar renovacións importantes de equipamentos noutros ámbitos; estou falando, por exemplo, da imaxe médica, onde xa están instalados no hospital nove ecógrafos novos, por un importe de 900.000 euros, ou, en segundo lugar, dos bloques cirúrxicos, onde o ano pasado se investiron 582.000 euros para instalar cinco equipos radiocirúrxicos; por unha banda, un deles específico para o servizo de cirurxía vascular, que vai permitir realizar intervencións complexas que antes non podíamos asumir. Tamén, no contrato de renovación de lámpadas cirúrxicas, o CHUO foi o hospital que máis unidades recibiu, concretamente 20 novas lámpadas por un importe de 300.000 euros. Tamén no contrato de mesas de quirófano o CHUO volve ser o hospital que máis unidades recibe; neste caso, por máis dun millón de euros, 23 novas mesas cirúrxicas, concretamente para os servizos de neurocirurxía, cirurxía vascular, cirurxía dixestiva ou traumatoloxía.

E, por último, está a licitación dos sistemas de anestesia, que iniciamos en setembro, contemplándose no caso do hospital de Ourense a renovación de seis equipos de anestesia por un valor de 300.000 euros.

En resumo, son 80 millóns de euros nesta lexislatura para obras, equipos e tamén para rematar, por certo, eses edificios, tanto o ambulatorio como o administrativo, que está pendente de pechar e que tamén queremos pechalo este ano. En definitiva, son obras e investimentos que van permitir que a cidadanía de Ourense teña espazos máis amplos e confortables tanto para a atención convencional como para os pacientes críticos, para a tecnoloxía diagnóstica para o cancro de mama e para os tratamentos.

Grazas. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde a todos.

Remata a sesión ás sete e vinte minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

